

ABAU 2018
HISTORIA DA FILOSOFÍA
OPCIÓN A

ESQUEMAS PARA A RESOLUCIÓN DAS CUESTIÓNS TEÓRICAS E COMENTARIOS DE TEXTO

CUESTIÓN TEÓRICA 1: A ORIXE DO COSMOS NOS FILOSÓFOS PRESOCRÁTICOS (ESQUEMA)

Orixe da Filosofía en Xonia. Ubicación en Asia menor, produto das migracións a partir das polis comerciais na península helena. Época arcaica da civilización grega entre o 780 e o 450 a.C.

Factores que produciron esta forma de pensamento:

- a abundancia económica que permitiu a investigación independente do traballo.
- a necesidade de investigación na natureza para predicir fenómenos metereolóxicos ou astronómicos, a elaboración de mapas para mellorar as rutas comerciais, o desenvolvemento das unidades de medida.
- os viaxes a outras civilizacións (Mesopotamia e Exipto) crea un ambiente cosmopolita

Características do pensamento filosófico que xorde en Xonia

- A Filosofía como oposición ao Mito e como coñecemento racional que non acepta explicacións relixiosas e busca explicar a natureza a través da observación, a experimentación e o razoamento.
- A investigación céntrase no Cosmos, que en grego significa "orde" e tamén "beleza" en oposición ao Caos.
- Os estudos destes filósofos intentarán atopar e explicar as regularidades que existen na natureza e os seus cambios.
- Os obxectivos da investigación filosófica son:
 - coñecemento da Natureza ou Phesis, de todo o que existe e está en movemento e cambio continuo.
 - Búscase unha explicación do cambio e tamén do que hai de permanente nos seres.

Os primeiros pensadores, en Mileto, centranse na busca do Arjé

- O Arjé é o principio que explica a unidade do mundo que xurdiu a partir dun único elemento orixinario .
- Os Físicos Milesios tentan dar una explicación da orixe do mundo a partir dese elemento orixinario e explicar tamén os cambios que observamos na natureza. Tamén propoñen os primeiros modelos cosmolóxicos daa historia occidental.
- Son autores **monistas** (aceptan un único principio) e **materialistas** (cren que ese principio ten que ser un elemento material :
 - **Tales:** principio "auga", teoría das transformacións por rarefacción e condensación (cambios físicos). Primeiros teoremas matemáticos (Teorema de Tales)
 - Modelo cosmolóxico: Terra plana (formada por sedimentación) flotando na auga e rodeada por unha semiesfera de aire (por evaporación da auga). Os astros son lume formado a partir do aire por rarefacción.
 - **Anaximandro:** principio "apeirón" (ilimitado e infinito) un elemento invisible a partir do que se crea o mundo. A auga sería o principio dos seres vivos (teoría da evolución). Primeiro mapa do mundo
 - Modelo cosmolóxico: terra cilíndrica situada no centro dunha esfera oca. Un eixo oblicuo xustifica os solsticios e equinocios. Os astros son aberturas na esfera que deixan ver o lume que rodea o Cosmos.
 - **Anaxímenes:** principio "aire" (material pero invisible) permite explicar as transformacións a través de cambios físicos (rarefacción e condensación).

Inicio dunha nova forma de pensamento: buscar cal é a esencia do Ser e explicar o cambio.

- **Pitágoras:** Os números son o principio explicativo da natureza. Os elementos poden representarse xeometricamente. Os números irracionais exemplifican a incapacidade do pensamento sensorial de captar esa esencia (exemplos pi ou phe). Creou a escala musical e os primeiros intervalos.
 - Modelo cosmolóxico: A terra e todo o que existe xira ao redor do número 1. O cosmos ten forma de esfera e os astros manteñen unha proporción que se reflicte na música das esferas.
- **Heráclito e Parmenides. O problema do cambio:** Se o cambio existe entón non existe nada permanente e non hai verdade absoluta. 2 Solucións:
 - **Heráclito:** Da escola de Efeso. Ve a natureza como un lume (en perpetuo movemento ou cambio). Afirma que a esencia da natureza é o cambio ou movemento . O movemento é dialéctico (por oposición ser no-ser). O Logos sería o coñecemento total da realidade que identifica coa mente de Deus. O coñecemento nos seres humanos só pode ser parcial.
 - **Parménides:** Da escola de Elea (Magna Grecia). Afirma que o cambio non é máis ca un engano dos sentidos. A verdade debe ser única e permanente. Dicir dun ser que é e non é ao mesmo tempo é a "vía da opinión" e da falsedade. A vía da verdade establece o principio de identidade: O ser é. É o primeiro racionalista que afirma que o coñecemento do Cosmos só é posible mediante a Razón e non polos sentidos. Para el o Cosmos é unha esfera perfecta e ilimitada.

Os Pluralistas: explicación materialista do Cosmos. Tentan explicalo a través de varios elementos e forzas:

- **Empédocles** (amor e odio + materia). Primeiro en introducir o concepto de forza. A materia estaba dividida en 4 elementos (auga, terra, aire e lume)
- **Anaxágoras** (materia e Nous). A materia estaba composta de "homeomerías" ou sementes de diferentes tipos. Xuntábanse en compostos a través da acción do Nous (forza intelixente da orixe ao Cosmos)
- **Atomistas** Demócrito e Leucipo (baleiro, azar e átomos). Postulan un Universo formado por átomos (partículas indivisibles que só se distinguen pola súa posición e movemento). Os átomos movéñense no baleiro e xúntanse ou sepáranse por azar, sen que interveña ningunha intelixencia.

PLATÓN

- **CONTEXTO E REPERCUSIÓNS**
- **CUESTIÓN TEÓRICA 2:**
- **TEXTOS RELACIONADOS COA CUESTIÓN 2: TEXTO1, TEXTO2, TEXTO3, TEXTO 4**
- **CUESTIÓN TEÓRICA 3:**
- **TEXTOS RELACIONADOS COA CUESTIÓN 3: TEXTO1, TEXTO2, TEXTO3, TEXTO 4**

CONTEXTOS E REPERCUSIÓNS

BIOGRAFÍA:

Aristocles, naceu en Atenas o Egina en 427 a.C no seo dunha familia Noble, algúns dos seus familiares formaron parte do goberno dos 30 Tiranos

A súa educación preparouno para a Política

Faise discípulo de Sócrates entre os 15 e os 20 anos

A súa vida transcorre durante o século V e IV en Atenas no que teñen lugar, entre outros, as seguintes pcesos políticos

Una referencia a la situación política del Siglo V en Atenas:

- Victoria de Esparta na Guerra do Peloponeso
- Goberno dos 30 tiranos
- Instauración da democracia por Pericles

A morte do seu mestre a mans do goberno democrático fai que dedique a súa obra á discusión filosófica que permita instaurar un goberno xusto.

Funda a Academia no ano 387, unha institución que pervivirá séculos despois da súa morte.

Nas súas viaxes a Siracusa tenta implantar a súa teoría política en dúas ocasións, fracasando en ambas.

Remata a súa vida en Atenas no 347 a. C., aos 80/81 anos.

OBRAS:

Xuventude	Transición	Madurez	Vellez
Apoloxía de Sócrates (defensa de Sócrates)	Gorgias (sobre a política)	Banquete (o amor e a beleza)	Teeteto (o coñecemento)
Critón (a obediencia ás leis)	Menón (o ensino da virtude)	Fedón (a inmortalidade da alma)	Parménides (crítica da Teoría das Ideas)
Laques (sobre a valentía)	Crátilo (sobre a linguaxe)	República (a organización do estado)	Sofista (o ser e as ideas)
Lisis (sobre a amizade)		Fedro (sobre a beleza e a natureza da alma)	Timeo (a orixe do mundo)
Protágoras (ensinar a virtude)			As leis (precisións sobre a teoría política)
Cármides (a temperanza)			Cartas (autobiográficas)

REPERCUSIÓNS E INFLUENCIAS:

- Debemoslle a Platón o ideal científico que forma parte da nosa identidade cultural. A busca dun coñecemento perfecto que nos garanta a verdade e nos permita comprender o mundo.
- Tamén podemos percibir a súa influencia na progresiva matematización das diferentes ciencias e no intento racional de comprender o mundo.
- Especialmente importante é a influencia que as ideas platónicas respecto a beleza, os ideais de proporción, e as característica que debora ter unha vida boa, tiveron e seguen tendo nos nosos días.
- A teoría do coñecemento de Platón foi difundida a través da Academia na que se formaron case todos os científicos e filósofos gregos. Entre eles destaca Aristóteles, crítico e continuador da investigación iniciada por Platón.
- Aristóteles, a pesares de elaborar una teoría do coñecemento centrada no mundo material, coincide con Platón na definición de ciencia como coñecemento seguro e tamén no papel central que xogan os Universais no coñecemento.
- Posteriormente, o cristianismo usará a doutrina platónica a nivel antropolóxico para fundamentar a inmortalidade da alma e a súa teoría do Ben para explicar o concepto de Deus como a idea de Ben supremo.
- O máximo expoñente medieval da asimilación do pensamento platónico atopámolo en Santo Agostiño que afirma que as Ideas Universais platónicas existen na mente divina e que a Iluminación é a fonte máis fiable do coñecemento.
- A influencia de Platón segue a ter moito peso durante a constitución da ciencia renacentista que, pese a ser unha ciencia empírica, afirma a esencia matemática da realidade.
- A nivel filosófico, Descartes, na Idade Moderna manterá como Platón a validez e seguridade das ideas Inatas. O propio Kant, durante a Ilustración definirá tamén unhas Ideas puras da razón, froito do coñecemento racional.
- Aínda no mundo contemporáneo podemos atopar un pensamento con clara reminiscencias platónicas nos estruturalistas lingüísticos que afirman a existencia de estruturas universais innatas que permiten a construción das linguas.

CUESTIÓN TEORICA 2 COÑECEMENTO E REALIDADE EN PLATÓN

- **Autores que inflúen na teoría platónica:**
 - controversia Heráclito- Parménides e o problema do movemento. Platón tenta solucionala na Teoría das ideas: admite 2 mundos: **dualismo ontolóxico**
 - A Visión matemática de Pitágoras inflúe na concepción do mundo intelixible superándooa
 - Explicación do mundo físico de Anaxagoras (a idea de Nous como mente ordenadora da materia)
- **A Teoría das Ideas:** é unha teoría ontolóxica (sobre a realidade) e epistemolóxica (sobre o coñecemento)
 - ✓ Tese central: existencia de 2 mundos. **Dualismo ontolóxico** (Mito da Caverna na República)
 - ✓ **O mundo sensible** (captado polos sentidos) Físico, imperfecto dotado de movemento e non totalmente real. Poboado por imaxes e cousas materiais.
 - ✓ **O mundo intelixible** (captado pola razón) Estable e perfecto, sen cambios. Verdadeiramente real. Poboado por entes matemáticos e ideas.
 - ✓ **As Ideas** son: realidades eternas, absolutas, inmutables e universais. Son os modelos ou prototipos das cousas e a súa definición.
 - Son a verdadeira realidade e producen coñecemento seguro ou ciencia
 - Están xerarquicamente estruturadas. No cumio está a idea de Ben, verdade e beleza
 - Son accesibles só a través da razón e a liberación da alma.
 - **Relación entre mundo sensible e intelixible:** As cousas físicas seméllanse ás ideas por:
 - Por **participación:** As cousas teñen unha parte da idea pero non a totalidade
 - Por **presencia:** As ideas están presentes nas cousas.
 - Por **imitación:** creáronse a imitación das ideas:

Teoría do Demiurgo:

- Intelixencia ordenadora (similar ao Nous de Anaxágoras).
 - Impón estrutura matemática á materia caótica producindo o Cosmos
 - A materia impón limitación e imperfección, por iso as cousas son imperfectas
 - A creación do mundo ten lugar no espazo e existe un **abismo (chorismos)** respecto do mundo das ideas
 - Os sólidos xeométricos platónicos representan aos elementos e o Cosmos é unha esfera
- **O coñecemento:** 2 tipos de coñecemento: sensible e racional (diferentes en canto ao obxecto, método e o produto). **Dualismo epistemolóxico.**
 - ✓ 2 mundos producen 2 tipos de coñecemento: mundo sensible= opinión ou **Doxa**. Mundo intelixible= verdade ou **Episteme**. Textos nos que platón define eses mundos (Simil da Caverna e símil da Liña).
 - ✓ Grados de coñecemento están relacionados co grao de verdade que posúen os obxectos aos que estudan (relación entre mito da caverna e símil da liña):
 - ✓ **Doxá ou opinión: coñecemento relativo e pouco fiable**
 - **eikasía: coñecemento** que confunde imaxes coas cousas físicas. Produce ilusións
 - **pistis** coñecemento que se basea no estudo do mundo físico a través da indución.
 - ✓ **Episteme ou Ciencia: coñecemento universal e seguro**
 - **dianoia** coñecemento de obxectos matemáticos. O seu método é a dedución a partir de axiomas ou hipóteses
 - **noesis** coñecemento das ideas a través dun proceso de intuición intelectual apoiado no método dialéctico.
 - ✓ **Dialéctica:** método de acceso ás ideas a través da oposición e síntese entre definicións, ata conseguir a definición completa.
 - O inicio do proceso dialéctico baséase na **Reminiscencia:** capacidade da alma de recordar a visión das ideas e que se basea na Inmortalidade da alma. (no texto do Menón)
 - Existe unha dialéctica emocional baseada no **impulso erótico:** salto intelectual que permite captar as ideas a través do amor á beleza.
 - A xeometría e a música son tamén camiños auxiliares

TEXTO 1

- 1 -Ben. Xa vimos, segundo parece, tres calidades da cidade, e en canto á especie que resta para que a cidade alcance a
2 excelencia, cal podería ser?. É evidente que a xustiza.(...)
- 3 Pois o que establecimos dende o principio que debía facerse en toda circunstancia, cando fundamos a cidade, segundo
4 a miña opinión, é a xustiza ou unha especie desta. Pois establecemos, se recordas, e moitas veces xa o repetimos, que
5 cada un debía de ocuparse dunha soa cousa de entre as que concernen á cidade, precisamente daquela na que estivese
6 mellor preparado por natureza.
- 7 - En efecto, dixémolo.
- 8 -E que a xustiza consiste en facer o que é propio dun, sen meterse nas cousas alleas, é algo que xa oímos a outros
9 moitos e que nos dixemos repetidamente.
- 10 -En efecto, afirmámolo frecuentemente.
- 11 -Nese caso, amigo meu, a xustiza parece que consiste en facer cada un o seu. Sabes de onde o deduzo?
- 12 -Non, pero dimo ti.
- 13 -Ao meu parecer do que temos examinado, a moderación, a valentía e a sabedoría, o que resta por ver na cidade, é o
14 que da a todas aquelas calidades a capacidade de nacer e unha vez nadas, permítelles conservarse, mentres pemeza
15 nelas. E xa dixemos que se encontrabamos as tres, a xustiza sería a que restase.
- 16 -Por forza é así.
- 17 -Non obstante, se fose preciso discernir cal destas calidades fará á nosa cidade mellor, resultaría difícil discriminar se
18 consiste nunha coincidencia de opinión entre os gobernantes e os gobernados, ou se é a conservación da opinión
19 consonte a lei que hai entre os militares acerca do que debe ser temible ou non, ou a intelixencia e a vixilancia entre
20 os gobernantes; ou iso que fai mellor á cidade consiste, tanto no neno coma na muller, no escravo coma no home
21 ceibe, e no artesán, no gobernante e no gobernado, en que cada un se ocupe do seu, sen atender ao alleo.
- 22 -Dende logo, sería difícil. Como non?
- 23 -Entón, segundo parece, en relación á excelencia da cidade, a capacidade de facer cada un o seu nela pode rivalizar
24 coa súa sabedoría, coa súa moderación e a súa valentía.(...)
- 25 -Pois un home xusto non diferirá en nada da cidade xusta en canto á idea da xustiza mesma, senón que será
26 semellante.
- 27 -Semellante, en efecto.
- 28 -Porén, unha cidade parece xusta cando os tres tipos de naturezas que existen naquela fan cada un o seu; e pareceunos
29 moderada, valente e sabia a causa dalgunhas outras afeccións e hábitos deses mesmos tipos de naturezas.
- 30 -É verdade.
- 31 -Por conseguinte, querido amigo, estimaremos que quen teña eses mesmos tipos na súa alma, a causa das mesmas
32 afeccións que aqueles, é ben merecedor de recibir os mesmos apelativos que a cidade. **PLATÓN; República libro IV,
427e—435c**

CONTEXTO AUTOR (ver esquema)

CONTEXTO OBRA: Obra de madurez de Platón onde se expoñen as principais ideas políticas e onde desenvolve como debería ser unha Polis ideal libre de inxustiza e como construíla.

TEMA: A xustiza como equilibrio entre os compoñentes da cidade e base da súa excelencia

TESES:

1. A calidade que da a excelencia na cidade é a Xustiza

Explicación: A corrupción na cidade-estado de Atenas foi o desencadeante da dedicación de Platón á Filosofía e ao debate político. Na súa obra todo está en función da busca dunha comunidade xusta porque iso permite, segundo Platón, unha vida humana plena. A cidade ten 3 funcións básicas: a creación dos ben necesarios para sobrevivir, a defensa da cidade e o desenvolvemento pleno da vida humana en todas as súas facetas, por iso dí Platón que se a Xustiza (como veremos equilibrio entre as partes) reina na cidade, esta será excelente, pois será virtuosa, progresará e os seus cidadáns poderán ser felices nela. Platón propónse buscar un modelo perfecto de xustiza, tanto para o individuo (na ética) como para a sociedade (política), un modelo teórico que serva de guía a todos os homes e todas as sociedades, de forma que será máis xusto o que máis se aproxime a ese ideal.

2. A xustiza consiste en facer cada un o seu:

Explicación: A definición de Xustiza en Platón e tanto unha guía para que o individuo acade a excelencia do seu carácter (virtude ou areté) como para que a cidade, que non é mais ca un conxunto de persoas conseqa a excelencia da cidade e permita aos individuos conseguir a virtude. Así a Xustiza na cidade terá certo paralelismo coa xustiza no individuo. A Xustiza é un tipo especial de virtude por iso Platón pensa que o individuo xusto será un individuo virtuoso ou excelente e iso só se pode conseguir se te dedicas a aquilo para o que estás máis capacitado. Por iso a Xustiza consistirá para o individuo en “facer o seu”, aquilo que desenvolve a súa natureza levándoa á excelencia. Na cidade a Xustiza consistirá en que cada grupo social se adique a aquilo que se lle encomenda en función da súa natureza.

3. Unha vez examinadas a moderación, a valentía e a sabedoría, o que resta por ver na cidade é o que da a todas aquelas calidades a capacidade de nacer e unha vez nadas, permítelles conservarse, mentres permanece nelas:

Explicación: Na análise da natureza humana, Platón distingue 3 temperamentos diferentes nos seres humanos para os que precisamos desenvolver hábitos ou habilidades que nos permitan levalo cara o mellor: O temperamento concupiscible, dedicado á satisfacción dos desexos do corpo, precisa da virtude da moderación. O temperamento irascible, que inclina ao home á acción precisa dunha adecuada reflexión que non o convirta en temeridade e leve ao ser humano cara a valentía. Por fín o temperamento racional que inclina ao individuo cara o estudo, debe ser compensado coa sabedoría que implica a aplicación ao servizo do ben común do coñecemento. En cada ser humano conviven as tres funcións da alma, en maior ou menor medida, é a xustiza será o resultado de mantelas en equilibrio, por que só deste xeito se poderán levar cara á excelencia.

4. En relación á excelencia da cidade, a capacidade de facer cada un o seu nela pode rivalizar coa súa sabedoría, coa súa moderación e a súa valentía:

Explicación: Na cidade reflectécese coma nun espello as calidades dos individuos que a conforman, pero na cidade é aínda máis importante o equilibrio entre as partes que proporcionará a xustiza, pois senon non será posible que ningún ser humano individual poida buscar o seu propio equilibrio. **A Xustiza será así a virtude principal da cidade**

CONCEPTOS A DEFINIR:

Moderación: forma de actuar ou hábito que permite satisfacer os desexos sen caer nos excesos pero permitindo a satisfacción das necesidades

Valentía: forma de actuar que permite realizar accións superando o medo a fracasar nelas pero valorando os impedimentos para poder conseguir cousas valiosas e boas

Sabedoría: Capacidade de aplicar os coñecementos profundos e rigorosos sobre un tema á realidade para conseguir o ben común

Xustiza: Cualidad que permite a cada cual realizar su naturaleza e que permite a la ciudad mantener el equilibrio e la armonía entre sus partes.

Virtude: Estado da alma que consegue a armonía entre as súas partes. Platón entende esta armonía coma un equilibrio que permita ao ser humano acadar a excelencia. Esta armonía pode conseguirse a través da sabedoría e através da purificación do corpo e os sus desexos materiais

Cidade. Cidade-Estado ou Polis, é unha unidade política, económica e militar de reducido tamaño constituída por unha agrupación de persoas e o territorio que ocupaban.

ESTRUTURA: argumentativa

Liñas 1-10: definición de xustiza

Liñas 10-22: relación da Xustiza coas demais virtudes

Liñas 11-30 : definición de Xustiza

Liñas 31-32: Comparación entre Xustiza política e xustiza como virtude individual

REPERCUSIÓNS E OPINIÓ N PERSOAL. (Ver exquema proposto)

TEXTO 2

- 1 -Creo que queda moito por dicir, porén, canto sexa posible no momento presente, non o omitirei voluntariamente.
2 -Non, sen dúbida.
3 -Pensa, entón, como dicíamos, que son dúas entidades, unha –o ben– rexe o mundo do intelixible e a outra –o sol–
4 o mundo do visible. Pero non digo do ceo para que non che pareza que estou a facer un xogo de palabras. Acaso
5 non tes ante ti esas dúas especies, a visible e a intelixible?
6 -Teño.
7 -Toma agora unha liña dividida en dúas seccións desiguais e de novo corta estas dúas partes, segundo a mesma
8 proporción, a da especie que é visible e da que é intelixible, e terás a claridade e a escuridade en relación a ambas,
9 na visible atoparás unha sección de imaxes. Doulle o nome de imaxes, en primeiro lugar, ás sombras, e despois aos
10 reflexos na auga e en todo canto se constitúe como compacto, liso e brillante, e, se me entendes, a todo o
11 semellante a iso.
12 -Entendo.
13 -Coloca agora a outra sección ao lado da que ofrece imaxes, os animais que nos rodean, así como todas as plantas e
14 tamén o xénero íntegro do que é fabricado polo home.
15 -Coloco.
16 -Verdadeiramente estarías disposto a declarar que a liña quedou dividida en canto á súa verdade e non verdade, de
17 modo tal que o opinable é ao cognoscible como o é a copia respecto do que é copiado?
18 -Por suposto que si.
19 -Pois considera agora se tamén hai que dividir a sección do intelixible.
20 -E como?
21 -Deste modo: por un lado, a alma, servíndose das cousas antes imitadas como se fosen imaxes, vese obrigada a
22 buscar a partir de hipóteses e non se dirixirá a un principio, senón a unha conclusión. E, por outra parte, avanza
23 ata un principio absoluto, partindo de hipóteses e sen imaxes, facendo o camiño coas ideas mesmas e por medio
24 delas.
25 -Non comprendín suficientemente iso que dis.
26 -Pois vexámolo de novo. Comprenderás facilmente se antes che digo o que segue: Creo que sabes que os que se
27 ocupan da xeometría e do cálculo e doutras cousas semellantes, supoñen o impar e o par, as figuras, tres clases de
28 ángulos e outras cousas parecidas, segundo o método en cada caso. Como se as coñecesen, usan estas hipóteses e
29 non estiman que deban dar conta delas nin a si mesmos nin a outros, como se fosen evidentes para calquera; e
30 partindo delas, recorren o resto ata concluír consecuentemente naquilo que intentaban demostrar.
31 -Seino, si.
32 -E ben, tamén sabes que se serven de figuras visibles e fan discursos acerca delas, non pensando nelas, senón
33 naquelas outras ás que se parecen, argumentando en canto ao cadrado en si e a súa diagonal pero non en canto á
34 que debuxan, e outras cousas polo estilo. As mesmas cousas que modelan e debuxan, das que hai sombras e
35 imaxes na auga, serven a estes como imaxes, buscando aquelas cousas en si que non podería ver un doutro modo
36 que co pensamento.
37 -Falas con verdade.
38 -Pois a isto chamaba eu a especie intelixible, pero a alma vese forzada a servirse de hipóteses na súa busca, pero
39 sen ir cara a un principio, por non poder ir máis aló das hipóteses. Sérvese das imaxes dos obxectos que foran
40 imitadas polos de abaixo e que foran estimados e honrados como claros respecto daquelas.
41 -Comprendo que ao que te refires é á xeometría e ciencias irmás.
42 -Comprende, entón, a outra parte do intelixible, cando digo que iso a razón mesma alcánzao co seu poder
43 dialéctico, facendo hipóteses non como principios, senón como hipóteses reais, que son puntos de apoio e de
44 partida para levala ao principio de todo ata o absoluto. Unha vez alcanzado ese principio, dedicándose de novo ás
45 cousas que dependen dela, descenderá ata a conclusión, sen servirse en absoluto de nada sensible, senón das ideas
46 mesmas, a través delas cara a elas mesmas, rematando con ideas.
47 -Comprendo, pero non suficientemente. Paréceme que o que dis é unha empresa importante, porque efectivamente
48 queres determinar que é máis clara a visión do ser e do intelixible, adquirida gracias ao coñecemento dialéctico
49 que grazas ás que chamamos artes, para as cales as hipóteses son principios. Os que se dedican a elas vense
50 forzados a contemplalas por medio do pensamento discursivo e non dos sentidos. Pero porque non avanzan cara a
51 un principio, ao examinalas, senón a partir de supostos, parecerache que non posúen coñecemento acerca delas,
52 aínda que sexan intelixibles xunto cun principio. Paréceme que chamas pensamento discursivo ao estado moral dos
53 xeómetras e similares e non intelixencia, como se o pensamento discursivo estivese entre a opinión e a
54 intelixencia.
55 -Comprendiches perfectamente. Aplica a esas catro seccións catro afeccións que se xeran na alma: intelixencia, á
máis elevada; pensamento discursivo, á segunda; á terceira, a crenza e á última, a conxectura; ordénaas segundo
unha proporción, pensando que canto máis participen da verdade, tanto máis participan da claridade.
-Comprendo e estou de acordo en ordenalas como dis. **PLATÓN; República libro VI, 509c—511e**

CONTEXTO AUTOR: Ver esquema

CONTEXTO OBRA: Obra de madurez de Platón onde se expoñen as principais ideas políticas e onde desenvolve como debería ser unha Polis ideal libre de inxustiza e como construíla.

TEMA: Explicación dos graos de coñecemento a través do Símil da Liña

TESES

- 1. Son dúas entidades, unha –o ben– rexe o mundo do intelixible e a outra –o sol– o mundo do visible.**

Explicación: Platón expón ao comezo do texto unha idea central que é o resumo da súa teoría das ideas: a existencia de dous mundos, poboados por dous tipos de cousas, inmateriais e intelixibles un, materiais e sensibles outro. Tamén nos dá a clave sobre a causa da existencia de ambos, no intelixible a idea de Ben e no sensible o sol como fonte de luz e vida.

- 2. Toma agora unha liña dividida en dúas seccións desiguais e de novo corta estas dúas partes, segundo a mesma proporción, a da especie que é visible e da que é intelixible, e terás a claridade e a escuridade en relación a ambas**

Explicación: Platón tenta explicarnos que existe unha diferenza entre ambos mundos, mais esa diferenza garda unha regra ou proporción, para explicarnos a relación entre ambos mundos usa como símil unha liña dividida en dúas partes desiguais, cada unha das partes representará un mundo. Unha parte representará o mundo intelixible poboado por “ideas”, realidades intanxibles, abstractas e eternas, a outra parte representará o mundo sensible, poboado por “cousas”, realidades materiais, captadas polos sentidos e concretas. A división da liña debe representar a diferenza entre os dous mundos, mais claro e verdadeiro o mundo das ideas, máis escuro e falso o mundo das cousas. O tamaño das seccións irá en proporción a escuridade ou á claridade, porén hai que ter en conta que a escuridade do mundo sensible ten que ver coa multiplicidade das cousas que o poboa. No mundo das ideas as entidades son mais limitadas, pois son mais universais.

- 3. Na visible atoparás unha sección de imaxes. Doule o nome de imaxes, en primeiro lugar, ás sombras, e despois aos reflexos na auga e en todo canto se constitúe como compacto, liso e brillante**

Explicación: Platón procede despois a dividir o segmento que representa o mundo sensible e pídenos que manteñamos a proporción, de xeito que o primeiro segmento sexa máis “escuro” que o segundo. No primeiro segmento estarían as “imaxes”, reflexos ou copias das cousas, producen mais confusión e mais pluralidade, pois unha cousa pode xerar varias imaxes. O coñecemento de esta fase é moi pouco permanente, confuso e carente case de verdade.

- 4. outra sección ao lado da que ofrece imaxes, os animais que nos rodean, así como todas as plantas e tamén o xénero íntegro do que é fabricado polo home**

Explicación: A segunda sección do segmento que representa a liña representaría as cousas materiais que poboa o mundo dos sentidos, tanto as naturais como as fabricadas. Son estas cousas mais verdadeiras que as imaxes pois son a causa delas.

- 5. Verdadeiramente ¿estarías disposto a declarar que a liña quedou dividida en canto á súa verdade e non verdade, de modo tal que o opinable é ao cognoscible como o é a copia respecto do que é copiado? -Por suposto que si.**

Explicación: Esta é a tese fundamental do texto, na que Platón explica o sentido que ten a proporción que rexe a división da liña. A división entre o segmento das imaxes e das cousas plantexa unha relación entre a copia (imaxe) e o copiado (cousa), esta proporción é a mesma que a que manteñen os segmentos maiores, o do mundo sensible e o que representa o mundo intelixible. O coñecemento do mundo sensible produce “opinión” e o do mundo intelixible “coñecemento”. Platón afirma con esta relación que o verdadeiro coñecemento reside no coñecemento das entidades que poboa o mundo intelixible, as ideas. O coñecemento do mundo sensible, a través de imaxes ou incluso a partir do coñecemento da natureza, non produce mais ca “opinión” que é un coñecemento parcial, múltiple, carente de seguridade e que conduce facilmente ao erro.

- 6. hai que dividir a sección do intelixible. (...) por un lado, a alma, servíndose das cousas antes imitadas como se fosen imaxes, vese obrigada a buscar a partir de hipóteses e non se dirixirá a un principio, senón a unha conclusión. E, por outra parte, avanza ata un principio absoluto, partindo de hipóteses e sen imaxes, facendo o camiño coas ideas mesmas e por medio delas.**

Explicación: Platón divide despois a sección do intelixible de novo en dúas partes, a primeira na que o coñecemento se basea nas cousas do mundo sensible como exemplos, buscando ampliar o coñecemento mediante hipóteses, a segunda representa un coñecemento baseado puramente en ideas, buscando a través das súas definicións. Así propón Platón dous modelos de coñecemento intelectual, o que usan os matemáticos e xeométricos baseado no método hipotético dedutivo e outro baseado no método dialéctico que conducirá á verdade.

- 7. a outra parte do intelixible, cando digo que iso a razón mesma alcánzao co seu poder dialéctico, facendo hipóteses non como principios, senón como hipóteses reais, que son puntos de apoio e de partida para levala ao principio de todo ata o absoluto. Unha vez alcanzado ese principio, dedicándose de novo ás cousas que dependen dela, descenderá ata a conclusión, sen servirse en absoluto de nada sensible, senón das ideas mesmas, a través delas cara a elas mesmas, rematando con ideas.**

Explicación: Na última sección do segmento que representa o coñecemento intelixible, sitúa Platón o verdadeiro coñecemento, que non se basea en nada sensible. O seu método será o dialéctico, que permitirá ascender facendo oposicións e síntese até a idea máis absoluta, o Ben, tal é como se afirmaba ao principio do texto. Unha vez coñecido o Ben, o ser humano poderá entender as cousas que dependen del, as demais ideas, e terá un coñecemento completo e verdadeiro do mundo.

8. chamas pensamento discursivo ao estado moral dos xeómetras e similares e non intelixencia, como se o pensamento discursivo estivese entre a opinión e a intelixencia.

Explicación: O coñecemento matemático é, para Platón, un coñecemento intermedio entre o coñecemento do sensible e o verdadeiro coñecemento que consiste na intuición das ideas. Platón denominao coñecemento discursivo porque está baseado en argumentacións.

9. Aplica a esas catro seccións catro afeccións que se xeran na alma: intelixencia, á máis elevada; pensamento discursivo, á segunda; á terceira, a crencia e á última, a conxectura; ordénalas segundo unha proporción, pensando que canto máis participan da verdade, tanto máis participan da claridade

Explicación: Platón remata o texto proporcionando nome ás catro formas de coñecemento que posúe o ser humano: a intelixencia (noesis), ou capacidade de captar as ideas de forma intuitiva sen acudir a nada sensible. O pensamento discursivo (dianoia) ou capacidade de argumentar a través de exemplos para chegar a conclusións razoadas. A crencia (pistis), ou coñecemento baseado nos sentidos que acepta que as cousas que vemos (representacións mentais) son un reflexo das cousas materiais que existen na natureza. Finalmente a conxectura (eikasía), ou coñecemento que asume que a visión particular que cada un ten do mundo é a verdadeira porque confunde a imaxe coa cousa mesma, tomando así ilusión por realidade.

CONCEPTOS A DEFINIR

Intelixencia capacidade de captar as ideas de forma intuitiva sen acudir a nada sensible

Pensamento discursivo capacidade de argumentar a través de exemplos para chegar a conclusións razoadas

Crenca coñecemento baseado nos sentidos que acepta que as cousas que vemos (representacións mentais) son un reflexo das cousas materiais que existen na natureza

Conxectura coñecemento que asume que a visión particular que cada un ten do mundo é a verdadeira porque confunde a imaxe coa cousa mesma, tomando así ilusión por realidade

Hipótese: principio provisional dunha argumentación que pretende demostrarse mediante exemplos na realidade ou a través dunha argumentación.

Principio Punto de partida do coñecemento ou do mundo.

Visible: O que se capta polos sentidos

Intelixible: o que só pode captarse a través da razón, de natureza abstracto ou inmaterial

Imaxe: representación causada por unha cousa material ou sensible. Sempre é unha copia dun orixinal.

Ben: Idea de perfección e principio da realidade. O ben causa o mundo en sentido ontolóxico e causa o coñecemento.

ESTRUTURA: expositiva

Liñas 1-6: Presentación dos dous mundos da Teoría das Ideas

Liñas 7-8 1ª división da liña

Liñas 8-18: División do segmento do visible

Liñas 19-46 Explicación da división do segmento do intelixible.

Liñas 47-54 Explicación da posición intermedia do coñecemento matemático

Liña 55 ao final: descrições dos 4 graos do coñecemento humano.

REPERCUSIÓNS E OPINIÓNS PERSOAL. Ver esquema

TEXTO 3

- 1 -Despois diso compara a nosa natureza respecto da súa educación ou da súa falta de educación cunha
2 experiencia como esta. Imaxina homes nunha especie de morada subterránea en forma de caverna,
3 cunha longa entrada aberta, en toda a súa extensión, á luz e imaxina que están alí dende nenos coas
4 pernas e o pescozo encadeados de maneira que teñen que permanecer alí e mirar unicamente cara
5 adiante, pois as cadeas impídenlles xirar a cabeza. Máis lonxe a luz dun lume que arde máis arriba,
6 detrás deles e entre o lume e os encadeados un camiño máis alto; e ao longo do camiño imaxina que
7 foi construído un muro, como as cortinas que se levantan entre os monicrequeiros e o público, para
8 amosar por encima delas os bonecos.
9
- 10 - Xa o vexo.
11 -Pois ben, contempla agora, ao longo dese pequeno muro, uns homes que transportan toda clase de
12 obxectos que sobresaen por encima do muro, e figuríñas de homes e doutros animais, feitas de pedra
13 e de madeira e doutros materiais e como é natural, entre estes carrexadores, uns van falando e outros
14 calan.
15 -Que estraña comparación fas, e que prisioneiros estraños!
16 -Semellantes a nós. Pois en primeiro lugar, cres que tales homes teñen visto de si mesmos e dos outros
17 outra cousa senón as sombras proxectadas polo lume sobre a parte da caverna que está fronte a eles?
18 -Pois como, se durante toda a súa vida foron obrigados a manter as cabezas inmóbiles?
19 -E non sucede o mesmo cos obxectos transportados?
20 -Sen dúbida.
21 -E se puideran falar uns cos outros, non pensas que crerían que o que ven son as cousas reais?
22 -Forzosamente.
23 -E se a prisión tivese un eco que viñese da parede de en fronte deles? ¿non cres que, cada vez que un
24 dos que pasan emitise un son, pensarían eles que o que oen provén da sombra que pasa diante deles?
25 -Por Zeus si!
26 -Daquela, non hai dúbida de que tales homes non poderían pensar outra cousa que non sexa que o
27 verdadeiro son as sombras dos obxectos fabricados.
28 -Necesariamente.
29 -Considera agora, que pasaría se fosen liberados das súas cadeas e curados da súa ignorancia e, se
30 consonte á súa natureza, lles ocorrese isto: que un deles fose ceibado e obrigado de súpeto a
31 levantarse, a voltar o pescozo, a camiñar e a mirar cara á luz e que, ao facer isto, sufrise e que a causa
32 do escintileo da luz non fose quen de percibir aquelas cousas das que ata entón vía sombras. Que
33 cres que respondería se alguén lle dixese que ata entón só tiña visto bagatelas e que agora, en cambio,
34 máis próximo ao real e volto de cara a obxectos máis reais, mira máis correctamente? E ademais se se
35 lle mostrasen cada unha das cousas que pasan e se lle obrigase a contestar ás preguntas acerca do que
36 é cada unha, non cres que se acharía en apuros e que consideraría que as cousas que vía antes eran
37 máis verdadeiras que as que agora se lle amosan?
38 -Moito máis.
39 -E se se lle forzase a mirar á luz mesma, ¿non cres que lle doerían os ollos e que fuxiría virando cara
40 ao que pode contemplar e que crería que estas son máis claras que as que se lle amosan?
41 -Así é.
42 -E se alguén o levase á forza pola esgrevia e costenta subida e non o soltase ata chegar á luz do sol
43 ¿non adoecería e se irritaría por ser arrastrado e, despois de chegar á luz, tería os ollos cegados, sen
44 poder ver sequera un só dos obxectos que agora chamamos verdadeiros.
45 -Certamente, polo menos de inmediato.
46 -Necesitaría afacerse, creo eu, para ser quen de ver as cousas de arriba. E primeiramente vería con
47 máis facilidade as sombras e despois, as imaxes de homes e doutros obxectos reflectidos nas augas, e
48 por último ás cousas mesmas. E despois diso, contemplaría máis doadamente pola noite as cousas do
49 ceo e o mesmo ceo, dirixindo a mirada á luz das estrelas e da lúa, e durante o día ao sol e ao que a el
50 lle pertence.
51 -Como non?
52 -E por último, creo eu, sería o sol, non as súas imaxes reflectidas nas augas ou noutro lugar alleo,
53 senón o sol en si mesmo e no seu propio lugar, o que podería ver e contemplar.
54 -Necesariamente.
55 -E entón, xa podería deducir, respecto del, que é el quen produce as estacións e os anos e rexe todo o
56 da rexión visible e é a causa de todo o que eles tiñan visto.
57 -É evidente que despois daquilo chegaría a isto.
58 -Entón que? E se el recordase a primeira morada e a ciencia de alí e os seus compañeiros de cárcere,
59 non cres que estaría ledos co cambio e que se compadecería deles?
60 -Xa o creo que si.
61
62
63
64

67 -E se houberse entre eles honores e gabanzas duns aos outros e unha recompensa para quen discernise
68 con máis agudeza as sombras, e para quen recordase mellor cales adoitaban pasar diante ou detrás á
69 vez, e destes para quen fose capaz de profetizar o porvir, paréceche que estaría desexoso desas cousas
70 e envexaría aos que recibisen eses honores e poderes?, ou que lle ocorrería o mesmo que a Homero e
71 preferiría máis que nada “ser labrego ao servizo doutro home sen bens” ou padecer calquera outro
72 destino antes que ter meras opinións e vivir aquela vida?.

73 -Iso é o que creo eu, que aceptaría soportar todo antes que vivir aquela vida.

74 -E agora repara nisto: se descendese de novo e sentase no mesmo lugar, non cres que se lle encherían
75 os ollos de tebras, despois de chegar de súpeto do sol?

76 -Vaia que si.

77 -E se tivese que disputar de novo cos que permaneceran sempre encadeados, opinando sobre aquelas
78 sombras, no momento no que aínda é curto de vista antes de aclimatar os ollos á situación, e ese
79 tempo non sería breve, non daría risa e non se diría del que por subir arriba chegara cos ollos
80 estragados e que por iso non conviña intentar sequera esa subida? E non darían morte a quen intentase
81 desatalos e facelos subir, se puidesen botarlle a man e matalo?

82 -Sen dúbida.

83 -Pois ben, meu querido Glaucón, esa imaxe débemola aplicar totalmente ao dito anteriormente; hai
84 que comparar a rexión que se manifesta por medio da vista coa morada do cárcere e esa luz do lume
85 co poder do sol; compara a subida ao mundo de arriba e á contemplación das cousas deste coa
86 ascensión da alma á rexión do intelixible e non errarás respecto do que espero que é o que ti desexas
87 oír. Mais é a divindade a que sabe se isto é realmente verdade. O que a min me parece é que no
88 mundo intelixible o último que se percibe, e con dificultade, é a idea do ben, pero, unha vez percibida,
89 hai que colixir que é a causa de todo o recto e fermoso que hai en todas as cousas e que no mundo
90 visible xerou a luz e ao señor desta e que no mundo intelixible xerou a verdade e o coñecemento e que
91 convén, pois, vela para poder proceder con sabedoría tanto na vida privada como pública. **PLATÓN;**
92 **República libro VII, 514a—517c**

CONTEXTO AUTOR [Ver esquema](#)

CONTEXTO OBRA Obra de madurez de Platón onde se expoñen as principais ideas políticas e onde desenvolve como debería ser unha Polis ideal libre de inxustiza e como construíla. O texto do Mito da Caverna corresponde ao libro VII desta obra onde Platón se propón explicarnos a natureza humana e a dificultade de acceder ao coñecemento e ao Ben.

TEMA; Exposición da teoría dos dous mundos de Platón a través do Mito da Caverna

TESES

- 1. compara a nosa natureza respecto da súa educación ou da súa falta de educación cunha experiencia como esta. Imaxina homes nunha especie de morada subterránea en forma de caverna**
Explicación: Platón propón un escenario nunha caverna para facernos entender mellor á natureza humana, desde o principio propón que comparemos esa situación coa nosa propia forma de estar no mundo. A caverna representa pois o mundo no que vivimos, pero tamén o sitio no que está enterrada á nosa propia natureza. A caverna como o noso mundo ten unha saída que será a que represente a busca do coñecemento.
- 2. ¿cres que tales homes teñen visto de sí mesmos e dos outros outra cousa senón as sombras proxectadas polo lume sobre a parte da caverna que está fronte a eles?**
Explicación: Platón compara os prisioneiros da caverna que só ven as sombras proxectadas na parede cos seres humanos que só captamos a realidade reflectida na nosa mente a través dos sentidos. Como os prisioneiros non vemos directamente a realidade, senón que captamos as cousas a través das imaxes que xera a nosa mente. O lume da caverna representa a luz do sol que permite a visión aos seres humanos.
- 3. que un deles fose ceibado e obrigado de súpeto a levantarse, a voltar o pescozo, a camiñar e a mirar cara á luz e que, ao facer isto, sufrise e que a causa do escintileo da luz non fose quen de percibir aquelas cousas das que ata entón vía sombras**
Explicación: O camiño que describe Platón para o prisioneiro pode compararse co proceso educativo que sofre a mente humana cando tenta captar realidades abstractas e desprenderse dos sentidos, un camiño difícil porque require desligarse dos sentidos e produce dificultades na visión.
- 4. Necesitaría afacerse, creo eu, para ser quen de ver as cousas de arriba. E primeiramente vería con máis facilidade as sombras e despois, as imaxes de homes e doutros obxectos reflectidos nas augas, e por último ás cousas mesmas. E despois diso, contemplaría máis doadamente pola noite as cousas do ceo e o**

mesmo ceo, dirixindo a mirada á luz das estrelas e da lúa, e durante o día ao sol e ao que a el lle pertence.

Explicación: Platón explica que o proceso de captar a realidade é un proceso gradual para o prisioneiro, igual que o proceso de educación é un proceso gradual e difícil. Explica que primeiro temos que achegarnos á verdade a través de exemplos do mesmo xeito que o prisioneiro ve sombras e reflexos na auga antes de mirar directamente ao sol.

5. E se el recordase a primeira morada e a ciencia de alí e os seus compañeiros de cárcere, non cres que estaría ledo co cambio e que se compadecería deles?

Explicación: O prisioneiro liberado ten a opción de voltar á cova a salvar aos seus compañeiros, e segundo Platón faino por “compaixón”. Do mesmo xeito a persoa que ve o Ben ao final do proceso educativo, quere o ben para os demais seres humanos e dedica a súa vida a curalos da ignorancia a través da educación

6. ¿E non darían morte a quen intentase desatalos e facelos subir, se puidesen botarlle a man e matalo?

Explicación: Platón alerta das dificultades que ten voltar á cova para salvar a quen non quere selo. En alusión á figura do seu mestre Sócrates, condeado a morte pola democracia ateniense.

7. hai que comparar a rexión que se manifesta por medio da vista coa morada do cárcere e esa luz do lume co poder do sol; compara a subida ao mundo de arriba e á contemplación das cousas deste coa ascensión da alma á rexión do intelixible e non errarás respecto do que espero que é o que ti desexas oír.

Explicación: Platón retoma neste parágrafo a comparación da cova co que vemos a través dos sentidos e o lume co Sol que é a causa da vida natural, compara tamén a subida ao mundo de arriba do prisioneiro coa ascensión da alma á rexión do intelixible que se produce a través da educación.

8. no mundo intelixible o último que se percibe, e con dificultade, é a idea do ben, pero, unha vez percibida, hai que colixir que é a causa de todo o recto e fermoso que hai en todas as cousas e que no mundo visible xerou a luz e ao señor desta e que no mundo intelixible xerou a verdade e o coñecemento e que convén, pois, vela para poder proceder con sabiduría tanto na vida privada como pública.

Explicación: Para finalizar o texto Platón explica a súa noción de Ben, como causa da perfección das cousas e tamén como causa ontolóxica do mundo. O Ben é a perfección absoluta e, xa que logo, causa da vida, e tamén do coñecemento verdadeiro ou episteme. A visión intelectual do Ben permite ás persoas actuar de forma recta e xusta, tanto na vida privada como na vida pública. O coñecemento intelectual do Ben é logo a base da ética e da política.

CONCEPTOS A DEFINIR

Mundo intelixible: Conxunto de entidades de natureza material que pode captarse polos sentidos. Inclúe cousas e imaxes de cousas.

Mundo visible: Conxunto de entidades de natureza abstracta que se captan a través da mente e que existen de forma obxectiva independentemente desta. Inclúe as Ideas organizadas xerarquicamente e a Idea suprema de Ben

Ben: Idea de perfección e principio da realidade. O ben causa o mundo en sentido ontolóxico e causa o coñecemento.

Verdade: calidade permanente e estable que confire realidade a unha entidade. Só pode ser verdadeiro o que é real e nun sentido restrinxido só son verdadeiras as entidades abstractas ou ideas.

Coñecemento: produto de aprehender a verdade que debe ser universal e invariable (necesario). Só é coñecemento en sentido estrito o coñecemento das ideas, aínda que nos graos de coñecemento sensible hai parte de coñecemento porque as cousas sensibles son imitación das ideas.

Vida privada: Accións do individuo que teñen que ver coas decisións que toma sobre a súa persoa e a súa relación cos demais e que non atinxen á vida comunitaria ou política

Vida Pública: Accións do individuo que teñen que ver co seu papel na comunidade e coa súa participación política

ESTRUTURA

Liñas 1-9 Presentación do escenario e a comparación

Liñas 17-31 Explicación do paralelismo entre a situación do prisioneiro e o ser humano

Liñas 32-63 Explicación do que sucedería ao prisioneiro se o liberasen e obrigasen a saír da cova

Liñas 64-84 Explicación das razóns do prisioneiro liberado para volver á cova e as consecuencias desa acción

Liñas 35-94 Explicación da analoxía

REPERCUSIÓNS E OPINIÓ PERSOAL. Ver esquema

CUESTIÓN TEÓRICA 3: ANTROPOLOXÍA E POLÍTICA EN PLATÓN

1. **ANTROPOLOXÍA:** A teoría sobre o ser humano en Platón (importancia para a educación e a política)
 - **Dualismo antropolóxico** (correspóndese co ontolóxico): Platón mantén a dualidade corpo-alma
 - **Corpo:** pertence ao mundo sensible, é material e corruptible. É un cárcere para a alma. A súa unión coa alma é transitoria.
 - **Alma:** pertence ao mundo intelixible, é inmaterial, eterna. É o principio de vida, movemento e coñecemento dos seres. Permite coñecer as ideas, a través da purificación e despois da morte. Gracias a ela temos recordos que permiten o coñecemento (Teoría da Reminiscencia)
 - **Ten 3 funcións:** CONCUPIBISCIBLE, IRASCIBLE E A RACIONAL (Mito do Carro alado: Fedón)
 - **CONCUPIBISCIBLE:** é a responsable dos instintos, identifícase cos desexos do corpo
 - **IRASCIBLE:** responsable da forza de vontade que nos permite actuar de forma racional. Identifícase co valor.
 - **RACIONAL:** responsable das capacidades de coñecemento. Permite deliberar e guiar a conduta.
 - O equilibrio entre as partes da alma fai que o individuo sexa bo (virtuoso) e poida realizar as súas capacidades: os sentimentos e a vontade obedecen á razón. Lógrase a través da educación (paideia)
 - **É inmortal:** 1) porque é principio de vida e non pode morrer e 2) porque se morrera non podería ser xulgada.
 - Platón explica a transmigración das almas no Mito de Er (na República) e no diálogo Menón. As almas son xulgadas despois de morrer e pasado un tempo escollen unha nova reencarnación, segundo a súa natureza. Logo beben do río Leteo e esquecen por iso non poden recordar as Ideas.
2. **ÉTICA E POLÍTICA:** Están relacionadas en Platón. A ética ocúpase de pensar como se pode alcanzar a virtude e a política de crear unha polis na que esa virtude poida alcanzarse e manterse.
 - **A ética** ensina como se alcanza a Virtude.
 - **A virtude (areté)** é un camiño cara o ben e a xustiza. O home virtuoso coñece o Ben e practícao procurando un equilibrio da súa alma e conseguindo así a Felicidade. A forma de atopar ese equilibrio varía segundo os tipos de almas, dando lugar a 3 virtudes:
 - **Templanza,** virtude da alma concupiscible (dominio dos sentidos e as paixóns físicas). Exemplo: a persoa que controla os seus instintos e os mantén en límites razoables.
 - **Fortaleza,** virtude da alma irascible (dominio da vontade a través da razón). Exemplo: a persoa que afronta os problemas deliberando primeiro sobre as opcións e posibilidades que ten para actuar
 - **Prudencia, virtude da alma racional** (capacidade de deliberar e aplicar o saber á resolución de problemas reais). Exemplo: a persoa que usa o que sabe para axudar aos demais
 - **A suma das 3 virtudes é a Xustiza:** virtude máis elevada e que produce a saúde dos individuos e das cidades.
 - **Influencia do Intelectualismo Socrático:** O maior coñecemento (Teoría das Ideas) é a Idea de Ben. Platón e Sócrates identifican Sabedoría con Bondade e Felicidade.
 - **Influencia Pitagórica:** a virtude acádase a través da purificación da alma, afastándose do mundo sensible.
 - A Virtude só pode alcanzarse na Polis: lugar natural do Ser humano.
 - Na República de Platón, os cidadáns virtuosos distribúense en **3 clases sociais:** Produtores (alma concupiscible), Guerreiros (almas irascibles) e Gobernantes (almas racionais). Cada un atende a unha necesidade da cidade: produción, defensa e goberno.
 - O equilibrio entre as clases sociais é a xustiza na cidade.
 - Platón describe un **ciclo de formas de goberno** orixinado na corrupción:
 - **Aristocracia** (goberno dos nobres por herdanza)
 - **Timocracia** (goberno do exército para manter un goberno que produce desigualdades)
 - **Oligarquía** (goberno dos ricos e mercaderes que se impón ao sufragar os gastos do exército)
 - **Democracia** (goberno de todos que xorde pola revolta do pobo a causa das desigualdades e a corrupción)
 - **Tiranía** (goberno dunha persoa que accede ao poder usando a demagogia e mantense no poder co uso da forza).
 - Este ciclo só pode pararse implantando unha aristocracia dos sabios: facendo a un rei-filósofo a través da **educación**, de forma que implante un sistema educativo que eduque a virtude e seleccione os mellores gobernantes.
 - A República de Platón é unha utopía que busca a felicidade dos individuos a través da virtude e na que non hai diferenzas entre os sexos nin en función de recursos económicos. Platón propón un comunismo primitivo que procura o ben común eliminando as desigualdades e mantendo unha separación dos individuos en función das súas naturezas e capacidades.

TEXTO 4

1 Abonda con isto, para a inmortalidade. Pero aínda hai que engadir unha cousa máis: sería longo e traballoso
2 explicar cómo é a alma; pero comparala con outras cousas, dicir a qué se parece, iso xa é asunto humano, máis
3 breve. Poderíamos dicir que se parece a unha forza que, como se nacesen xuntos, leva unha xugada alada e o
4 seu auriga. Os cabalos e os aurigas dos deuses son todos bos na súa caste, mentres que a dos outros é produto
5 dunha mestura. No que a nós respecta, hai, en primeiro lugar, un condutor que guía unha xugada de cabalos,
6 dos que un é bo e fermoso e o outro todo o contrario, como tamén a súa orixe. O seu manexo será, polo tanto,
7 duro e difícil.
8 E agora, precisamente, hai que tentar dicir de ónde lle vén ó que vive a denominación de mortal e inmortal.
9 Todo o que é alma ten da súa conta o inanimado, e percorre o ceo, ás veces tomando unha forma, outras veces
10 outra. Se é perfecta e alada, suca as alturas e goberna no Cosmos. Pero a que perdeu as súas ás vai á deriva, ata
11 que se aferra a algo sólido, onde se instala e se apodera dun corpo terrestre que parece moverse en virtude da
12 forza daquela. Este composto, mestura de alma e corpo, recibe o nome de ser vivo e é por definición mortal. O
13 nome de inmortal non tería aquí lóxica ningunha; pero ó non velo nin intuïlo, imaxinámo-la divindade con
14 aparencia de alma e corpo, de xeito natural, vivindo así para sempre. Pero que sexa como queira a divindade, e
15 que esta acepte as nosas palabras.
16 Considerémo-la causa da perda das ás, o motivo polo que se desprenden da alma. É algo coma o seguinte:
17 O poder natural da á é erguer o que é pesado, levándoo cara arriba, cara ó lugar no que habitan os deuses. De
18 todo o que ten que ver co corpo, isto é o que máis relación ten co divino. E o divino é fermoso, sabio, bo e
19 outras cousas polo estilo. A plumaxe da alma aliméntase disto e medra con isto; pero co malo e torpe, ensómese
20 e acaba. Zeus, o poderoso señor dos ceos, conduce o seu carro alado, en cabeza, ordenando e dispoñendo todo.
21 Camiñan detras del unha morea de deuses e dáimones ordenados en once filas. Hestia permanece no fogar dos
22 deuses, soa, mentres os demais, que foron dispostos en número de doce, en calidade de deuses xefes, camiñan
23 nos lugares asignados. Son moitas as marabillosas paisaxes que se ofrecen á vista dos carreiros celestiais,
24 percorridos polos felicísimos deuses, actuando cada un segundo o seu deber, e seguidos polos que poidan e
25 queiran facelo. Está lonxe a envexa dos coros divinos. E, sen embargo, cando van ter lugar os seus banquetes,
26 marchan cara ós altos cumios, polo máis alto do arco que terma do ceo, alá onde os carros dos deuses, con
27 suave movemento das súas firmes rendas, avanza con suavidade, alí onde os outros teñen dificultades. Porque
28 o cabalo da maldade fai forza cara á terra, poñendo trabas ó auriga que non o domease con esmero. Esa é a
29 dura e fatigosa proba da alma. Pois as que son inmortais, cando chegan ó cumio, saen fóra, érguense sobre a
30 espada do ceo, e entran na órbita circular, dende a que contemplan o outro lado do ceo. **PLATÓN; Fedro,**
31 **246a—247c**
32

CONTEXTO AUTOR *Ver esquema*

CONTEXTO OBRA Diálogo de madurez posterior á República, Trata do amor, pero tamén do destino das almas despois da morte, a Beleza ou a natureza. É esencial para entender a visión dualista do ser humano na teoría Platónica.

TEMA: O dualismo antropolóxico e a definición da alma.

TESES

1. Poderíamos dicir que se parece a unha forza que, como se nacesen xuntos, leva unha xugada alada e o seu auriga. Os cabalos e os aurigas dos deuses son todos bos na súa caste, mentres que a dos outros é produto dunha mestura. No que a nós respecta, hai, en primeiro lugar, un condutor que guía unha xugada de cabalos, dos que un é bo e fermoso e o outro todo o contrario, como tamén a súa orixe. O seu manexo será, polo tanto, duro e difícil.

Explicación: Platón explica a natureza da alma a través da analoxía cun carro de dous cabalos pilotado por unha auriga, pero a diferenza dos dos deuses que son perfectos, os dos homes teñen mestura de bondade e maldade. A teoría de Platón preséntanos una estrutura tripartita da alma constituída por un piloto que representa a razón, e dous cabalos que representan os instintos e a vontade. A loita por equilibrar ambas partes representa as dificultades que ten a alma humana para controlar os seus instintos e conseguir a virtude.

2. Se é perfecta e alada, suca as alturas e goberna no Cosmos. Pero a que perdeu as súas ás vai á deriva, ata que se aferra a algo sólido, onde se instala e se apodera dun corpo terrestre que parece moverse en virtude da forza daquela.

Este composto, mestura de alma e corpo, recibe o nome de ser vivo e é por definición mortal.

Explicación: Na teoría de Platón é a imperfección humana a que da orixe a unión de corpo e alma. A alma aférrase a un corpo para satisfacer os seus instintos a través da materia e o corpo convertese no medio para conseguilo. O corpo, ao contrario que a alma non ten un principio de movemento en si mesmo e a alma convertese no motor do corpo. Esta unión do corpo e alma é transitoria e cesa coa morte, por iso dí Platón que o ser composto de corpo e alma recibe o nome de ser vivo e a súa esencia é a mortalidade.

3. o que ten que ver co corpo, isto é o que máis relación ten co divino. E o divino é fermoso, sabio, bo e outras cousas polo estilo. A plumaxe da alma aliméntase disto e medra con isto; pero co malo e torpe, ensómese e acaba. (...). Porque o cabalo da maldade fai forza cara á terra, poñendo trabas ó auriga que non o domease con esmero. Esa é a dura e fatigosa proba da alma.

Explicación: O corpo é de natureza material pero o que hai nel de fermoso e sabio provén da súa creación pola divinidad. Esa beleza será un dos impulsos da alma cara a sabedoría e a perfección. A este impulso denomíno Platón “impulso erótico”, o amor pola beleza é unha das vías cara o coñecemento. Pero ao mesmo tempo o corpo tamén ten unha natureza material e carente de perfección e iso afasta a alma da perfección e o ben.

4. Pois as que son inmortalis, cando chegan ó cumio, saen fóra, érguense sobre a espada do ceo, e entran na órbita circular, dende a que contemplan o outro lado do ceo.

Explicación: A alma debe vencer as probas ás que a somete o corpo para conseguir volver ao seu lugar natural no mundo dos deuses e a perfección. Isto consegueuse a través da purificación do corpo e a adquisición da virtude. A teoría das virtudes de Platón propón 3 virtudes para acadar ese equilibrio da Alma: a Moderación, a valentía e a sabedoría.

CONCEPTOS A DEFINIR

Alma: Principio de vida, movemento e coñecemento nos seres vivos. Independente do corpo, eterna e inmortal

Corpo: parte material dun ser, base das súas cualidades materiais e das súas imperfeccións

Mortal: calquera ser cuxo desenvolvemento remata na morte.

ESTRUTURA

Liña 1-8 presentación da analoxía do carro alado

Liña 9-15 Explicación dualista do ser humano e da mortalidade

Liña 16 -27 Explicacións das Tendencias da alma cara o divino e cara o mortal

Liña 27-31 Forma en que a Alma pode volver á súa natureza divina.

REPERCUSIÓNS E OPINIÓN PERSOAL. Ver esquema

TEXTO 5

1 Sócrates. — (...) Así, pois, a alma, sendo inmortal e tendo renacido moitas veces e ao ter contemplado todas as cousas,
2 as de aquí e as do Hades, non hai nada que non teña aprendido. De xeito que non hai que sorprenderse que ela sexa
3 quen de ter recordos acerca da virtude e das demais cousas que, por certo, coñecera anteriormente. Pois ao estar
4 emparentada toda a natureza e tendo aprendido todo a alma, nada empece para que un, recordando unha soa cousa –
5 iso que os homes chaman aprender– encontre todas as demais, se é valente e teimudo na busca. Porque o buscar e o
6 aprender non son máis que reminiscencias. Por conseguinte non hai que dar creto a ese argumento sofstico. Faríanos
7 preguizosos e é de débiles escoitar o agradable, en cambio este échenos de enerxía e fainos inquisitivos. E porque
8 confío en que é verdadeiro quero pescudar contigo en que consiste a virtude.

9 MENÓN. — Si, Sócrates. Pero, como dis iso de que non aprendemos, senón que o que chamamos aprender non é máis
10 que reminiscencia? Poderlame ensinar que isto é así?

11 SÓCRATES. — Xa che dixen hai pouco, Menón, que ti es malicioso, pois agora preguntas se che poden ensinar, a min,
12 que estou dicindo que non hai ensinanza, senón reminiscencia, sen dúbida, para facerme caer inmediatamente en
13 contradición connigo mesmo.

14 MENÓN. — Non, por Zeus, Sócrates! Non o dixen con esa intención, senón por costume; pero se tes algún modo de
15 probar que é como dis, amósamo. **PLATÓN; Menón, 81c—82a**

CONTEXTO AUTOR Ver esquema

CONTEXTO OBRA Menón ou da Virtude é un diálogo de transición, anterior á República, no que Platón abandona a reflexión sobre as virtudes particulares, propia dos diálogos de xuventude para iniciar unha reflexión sobre a esencia da natureza da virtude e as posibilidades de ensinala e obtela a través do coñecemento

TEMA: A reminiscencia ou recordo como base do coñecemento

TESES

1. Así, pois, a alma, sendo inmortal e tendo renacido moitas veces e ao ter contemplado todas as cousas, as de aquí e as do Hades, non hai nada que non teña aprendido

Explicación: Platón mantén unha teoría da reencarnación por influencia dos cultos orficos e as teorías da Escola pitagórica. A concepción do mundo como unha totalidade que non ten principio nin fin, propia da cultura grega, fai que Platón asuma que o coñecemento da verdade e da totalidade debe implicar que a alma humana pode conseguilo. A reencarnación das almas permite garantir a posibilidade dese coñecemento e ademais o propósito da purificación para acadar a perfección. A alma humana reencarnase ate ter aprendido todo e estar en perfecto equilibrio, momento no cal cesarán as reencarnacións e ficará no Olimpo dos deuses.

2. Pois ao estar emparentada toda a natureza e tendo aprendido todo a alma, nada empece para que un, recordando unha soa cousa –iso que os homes chaman aprender– encontre todas as demais, se é valente e teimudo na busca.

Explicación: O concepto de Pheisis ou natureza, remite desde as orixes da Filosofía grega a un fondo universal e común a todas as cousas existentes, xa os filósofos presocráticos que buscaban un “arjé” buscaban ese fondo universal que o conectaba todo. Pensa Platón que se todo está conectado, o coñecemento dunha cousa pode servir de punto de apoio para coñecer as demais. Por outra parte, as Ideas están conectadas mediante unha orde xerarquica e comprender unha implica coñecer a súa contraria e ir subindo por chanzos ate atopar o principio supremo. Esta conexión de Ideas e dos seus exemplos nas cousas permite a aplicación do método dialéctico que será segundo Platón o camiño cara o coñecemento.

3. Porque o buscar e o aprender non son máis que reminiscencias.

Explicación: O recordo do que a alma veu cando estaba no mundo das ideas, liberada do corpo, regresa tras a reencarnación con ela, pero o corpo que é limitado provoca que ese recordo sexa difuso. A estes recordos difusos das ideas, denomínoas Platón reminiscencia. Estes ecos do que a alma ten aprendido no mundo das ideas axudan ao ser humano no camiño do coñecemento. De non telos sería imposible, pensa Platón, que o ser humano puidera percibir nada constante no mundo das sensacións e da multiplicidade. Somos quen de crear conceptos e linguaxe porque temos “recordos” das Ideas que foron copiadas na materia de das cales as cousas participan. Ao método de diálogo da alma consigo mesma para recordar, denomínoas Platón “ananmesis”

CONCEPTOS A DEFINIR

Alma: Principio de vida, movemento e coñecemento nos seres vivos

Aprender: Adquirir o coñecemento de algo a través do estudo e a experiencia. Para Platón o estudo ten como base o recordo que permite dar sentido á experiencia.

Natureza: conxunto das cousas que podemos observar a través dos sentidos, materiais e imperfectas, suxeitas ao tempo. A natureza e produto da creación do Demiurgo que ordea a materia copiando as Ideas e iso produce unha unidade ou orde que unifica o conxunto das cousas naturais.

Reminiscencia: representación mental dunha vivencia, concepto ou feito que tivo lugar no pasado.

ESTRUTURA:

Liñas 1-5: Teoría da reencarnación e a ananmesis como base do coñecemento e o recordo das ideas.

Liña 6: Afirmación do coñecemento como reminiscencia

Liña 7-15: Contra o argumento sofstico que afirma a imposibilidade do coñecemento

REPERCUSIÓNS E OPINIÓN PERSOAL. Ver esquema

DESCARTES

- **CONTEXTO E REPERCUSIÓNS**
- **CUESTIÓN TEÓRICA 4: O PROBLEMA DO MÉTODO E A EVIDENCIA DO CÓGITO**
- **TEXTOS RELACIONADOS COA CUESTIÓN 4: TEXTO1, TEXTO2, TEXTO3, TEXTO 4**

CONTEXTOS E REPERCUSIÓNS

BIOGRAFÍA:

- René Descartes é francés, membro da pequena nobreza. Licenciouse en Dereito pola Universidade de Poitiers.
- Vive as sucesivas guerras europeas produto das confrontacións relixiosas. Incorporárase ao exército participando na Guerra dos 30 anos.
- Vive retirado e modestamente dedicándose á Filosofía.
- A condena de Galileo pola Inquisición inflúe na súa obra renunciando incluso á publicación dalgunha das súas obras.
- Viaxa a Suecia a petición da raíña Cristina de Suecia e morre nese país a causa dunha neumonía.
- É un dos primeiros filósofos en publicar obras escritas na súa lingua vernácula, o francés, aínda que a maioría están escritas en latín por ser a lingua das universidades.
- Tamén se lle coñece co nome de Cartesius, de onde provén á denominación de “cartesiano” que se aplica ás súas ideas.

OBRAS:

Discurso do método (1637). Publicada orixinalmente en francés, acompañada de tres tratados científicos: *Dióptrica*, *Dioptrica*, *Meteoros e Xeometría*.

Meditacións metafísicas (1641).

Os Principios da Filosofía (1644).

As Paixóns da Alma (1649).

Postumamente publicáronse: *O Mundo ou Tratado da Luz*, *Tratado do Home* e *as Regras para a Dirección do Espírito*, obra que deixou inacabada.

REPERCUSIÓNS E INFLUENCIAS:

- A súa visión da razón humana influiría en todos os autores modernos, tanto racionalistas, como empiristas. Os racionalistas, Spinoza e Leibniz profundizan na idea de substancia pensante e nas características das ideas innatas. Os empiristas (Locke, Berkeley e Hume) contraponen a noción de verdade como experiencia ás teses racionalistas e propoñen a partir das dúas formas de coñecemento as diferenzas entre “verdades de razón” e “verdades de feito”
- A investigación nos procesos da conciencia dará paso ao pensamento de Kant, e tamén ao pensamento da fenomenoloxía, por exemplo de Husserl, que indagará nos elementos da conciencia e na busca do “Eu puro”
- O esforzo por garantir a existencia da realidade externa influiría no existencialismo do século XX e tamén no perspectivismo, a través da noción “eu no mundo”
- A reivindicación da capacidade intelectual do home para coñecer e dominar o mundo exprésase no valor da ciencia ao longo de toda a modernidade e até o día de hoxe e na reivindicación da razón tecnolóxica como expresión do poder do home sobre o mundo.
- O dualismo cartesiano está presente, aínda hoxe na caracterización do corpo humano e impregna ciencias como a medicina ou a bioloxía.
- O mecanicismo cartesiano levou á sociedade occidental cara a unha visión da natureza que facía dela un obxecto ao servizo do ser humano e impulsou unha actitude pouco respectuosa cara á natureza.
- O escepticismo cartesiano, levou á discusión sobre o valor de verdade dos contidos da conciencia, á busca dunha ciencia como a psicoloxía, e tamén á busca de universais culturais que permitisen ver a unidade da razón humana.

CUESTIÓN TEÓRICA 4: DESCARTES, O PROBLEMA DO MÉTODO E A EVIDENCIA DO CÓGITO.

Descartes é o “pai da filosofía moderna” porque: reivindica a autonomía da razón fronte ao dogmatismo da fe e busca aplicar o resultado do método científico ao conxunto do coñecemento: “mathesis universalis”

Descartes é un autor **racionalista** porque defende:

- A busca dunha ciencia universal que toma como base a ciencia matemática
- O razoamento axiomático deductivo que se basea na evidencia racional dos axiomas e non na evidencia dos sentidos
- O optimismo cara ó coñecemento e a capacidade da razón para evitar o erro
- A concepción de Deus como ser perfecto e garante do coñecemento.

O método cartesiano:

Propónse como método universal para o coñecemento en xeral

É un método intuitivo-dedutivo que pretende evitar os erros do método indutivo e da lóxica

Ten dúas partes con 2 regras cada unha:

Parte intuitiva, que emprega como ferramenta a intuición: capacidade de captar de xeito inmediato pola mente unha determinada verdade que se mostra evidente. Descartes dí que esa intuición só é intelectual.

Regra 1. A evidencia: consiste en aceptar como verdadeiro punto de partida só as ideas claras e distintas

- “claridade” significa a manifestación dunha idea de forma inmediata e libre de confusión á intelixencia
- “distinción” significa que a idea se presenta de forma independente das demais ideas e pode ser comprendida sen basearse noutras.

Regra 2. A análise: Consiste en dividir os problemas complexos en partes simples para eliminar a confusión e chegar ás verdades evidentes.

Parte dedutiva, que emprega como ferramenta a dedución que permite extraer consecuencias dun conxunto de verdades iniciais para chegar a unha conclusión correcta.

Regra 3. A síntese: Consiste en elaborar argumentos a partir das ideas simples para xerar novos coñecementos aplicando regras simples e evidentes de forma que se elimine o erro.

Regra 4. A enumeración: Consiste en repetir o proceso de síntese varias veces para asegurar a eliminación do erro.

A dúbida metódica é o método que usa Descartes para garantir a evidencia das primeiras verdades e poder iniciar a aplicación das regras

É unha dúbida metódica (persegue conseguir a verdade) e non escéptica (non nega a posibilidade do coñecemento)

É unha dúbida teórica (non se aplica na vida práctica), universal (afecta a todo o coñecemento), hiperbólica (é exaxerada)

Propón 3 niveis de dúbida: contidos mentais que se ven afectados e os que son quen de superalos

1. **A dúbida dos sentidos:** porque os sentidos enganan e teñen moitas limitacións. Descartes rexeita a súa información e con ela todo a información do mundo exterior.
2. **A dúbida do soño:** provocada pola dificultade de distinción entre o soño e a vixilia. Aínda que as verdades matemáticas superan esa dúbida, pon en cuestión a existencia de ningunha idea verdadeira
3. **A dúbida do xenio maligno:** A existencia dun Deus que nos engane pon en cuestión tamén as verdades matemáticas

A evidencia do “eu pensante” (Cogito) maniféstase na proposición “cogito, ergo sum”: o acto de pensar implica a existencia dun ser que pensa. **É unha primeira verdade** porque é unha evidencia para a mente (clara e distinta).

- O cógito é unha cousa que pensa. Unha “substancia pensante” (ente independente que non precisa ningunha outra cousa para existir. A certeza de que estamos executando actos de pensamento (dubidar, crer, imaxinar...) determina a verdade o Ser pensante.
- O tipos de ideas no cógito: adventicias (que parecen proceder do exterior: a idea de mesa), ficticias (que semellan creadas pola mente a partir doutras: a idea de unicornio) e innatas (que son evidentes pero non poden proceder do exterior nin da propia mente: a idea de perfección)

A Idea de Deus (idea innata de ser perfecto) permite a superación do solipsismo (enclaustramento na propia mente. 3 probas:

- Pola causa da idea de perfección: a idea de ser perfecto non pode proceder dunha mente imperfecta
- Pola causa do cógito: a propia mente humana precisa dunha causa da súa existencia porque un ser imperfecto non pode crearse a si mesmo
- Pola propia definición de ser perfecto que implica que é infinito e por iso ten que existir necesariamente.
- A perfección fai que Deus teña que ser bo e iso garante que as miñas ideas claras e distintas sexan verdadeiras e o mundo exista.

Descartes afirma que existen 3 substancias. “res cogitans”(cuxa característica é o pensamento, inmaterial), “res extensa”(substancia material cuxa característica son a cantidade e a extensión), “res infinita” (ou Deus cuxa característica fundamental é a perfección e a infinitude).

Concepción mecanicista da res extensa: a realidade externa é puramente mecánica e pode estudiarse a través do método matemático. Só será real aquilo que sexa medible e cuantificable. A razón poderá conseguir comprender as leis da natureza e predicir calquera fenómeno: **determinismo**

-O ser humano é un ser dual: formado por corpo (res extensa) e mente (res cogitans) Descartes busca a relación entre ambas partes na **glándula pineal**, para explicar a conduta humana.

TEXTO 1:

1 Emporiso é ben mellor nin pensar en investigar a verdade sobre cousa ningunha que facelo sen método: pois é
2 moi certo que os estudos desordenados e as meditacións escuras desta caste confunden a luz natural e cegan os
3 enxeños; e aqueles que así se afagan a camiñar nas tebras a tal punto enfeblecen a agudeza dos seus ollos que, ao
4 pouco, non poden aturar a luz do día; o cal ademais é confirmado pola experiencia, pois moi frecuentemente
5 [cantas veces] vemos que aqueles que nunca se dedicaron ás letras, pronuncian xuízos sobre as cousas comúns e
6 correntes con moita máis solidez e claridade que aqueles que botan a vida nas escolas. Por método entendo as
7 regras certas e fáciles tales que, se alguén as observa rigorosamente, nunca tomará nada falso por verdadeiro e,
8 sen gastar as forzas do seu espírito inutilmente, senón sempre aumentando o seu saber progresivamente, chegará
9 ao verdadeiro coñecemento de todo aquilo do que sexa capaz. **R. DESCARTES; Regras para a dirección do**
espírito, Regra V

CONTEXTO DO AUTOR: **ver esquema**

CONTEXTO DA OBRA:

- Obra escrita na segunda década do século XVII, inacabada e publicada postumamente.
- O proxecto orixinal contiña 3 partes cada unha con doce regras para conducir o pensamento.
- O fragmento pertence á regra V onde formula a necesidade do método.
- Constitúe o primeiro proxecto de refundación da filosofía.

TEMA: A importancia do método no coñecemento e a adquisición da verdade

TESES:

1. **É mellor non investigar ou estudar que facelo sen método (...) O estudo desordenado e a escuridade do pensamento confunde a razón:**

Explicación: A investigación sobre a verdade vólvese unha tarefa importante porque:

O paradigma Aristotelico entrou en crise

O pensamento teolóxico non pode dar conta dos novos descubrimentos

A Reforma pon en cuestión a lectura dos textos sagrados

As ciencias que xorden no Renacemento xeran confusión co pensamento máxico (Alquimia...)

O método científico precisa una fundamentación nos procesos de coñecemento.

2. **Os que non se dedican ás letras formulan xuízos máis claros que os que botaron a vida nas Escolas**

Explicación: Crítica de Descartes ao pensamento escolástico pola súa escuridade e falta de rigor.

Preferencia pola luz natural da razón humana que é capaz por si soa de acadar o coñecemento.

Descartes como autor racionalista defende a razón como base do coñecemento

A busca da verdade comeza desde o suxeito autónomo e con independencia de calquera autoridade (Igrexa, autores filosóficos...) Trátase de reconstruír o coñecemento desde os seus cimentos.

A importancia da busca individual da verdade baséase no novo espírito da modernidade (individualismo, independencia da razón...) Conseguir a verdade non é cuestión de tradición, senón de observación e razón.

3. **Por método entendo regras fáciles que calquera que as observe nunca tomará nada falso por verdadeiro (...)****O método permite o avance e o progreso no coñecemento.**

Explicación: O método como conxunto de regras que permiten:

a economía do esforzo no pensamento

a garantía da posibilidade comprobación de todos os pasos de razoamento dados. Fundamental na ciencia experimental moderna

a acumulación de coñecementos sobre bases seguras.

CONCEPTOS A DEFINIR:

Regra: Principio proposto para realizar correctamente unha actividade ou unha acción. Un método componse dun conxunto de regras.

Método: Procedemento que ordena e dirixe a razón cando esta se aplica ao descubrimento de verdades

Escolas: refírese ao coñecemento procedente das Escolas aristotélicas medievais, no que as discusións metafísicas eran escuras e interminables.

ESTRUTURA

Liñas 1: necesidade do método

Liñas 2-7: razóns que fan preciso un método: crítica do coñecemento metafísico e escolástico

Liñas 7-9: Definición de método

INFLUENCIAS (VER) E OPINIÓN PERSOAL **ver esquema**

TEXTO 2:

1 Foi isto causa de que eu pensara que se precisaba buscar outro método que, comprendendo as vantaxes destes
2 tres, estivese exento dos seus defectos. E, como a abundancia de leis fornece decote escusas para os vicios, de
3 xeito que un Estado está tanto mellor regulamentado canto, non tendo senón moi poucas leis, estas son moi
4 estreitamente observadas; así, en lugar dese gran número de preceptos dos que está composta a lóxica, crin que,
5 sempre que tomase unha firme e constante resolución de non deixar de observalos nin unha soa vez, abondaría
6 cos catro seguintes. Consistía o primeiro en non aceptar xamais ningunha cousa como verdadeira que non
7 coñecese evidentemente ser tal; é dicir, evitar coidadosamente a precipitación e a prevención; e non aceptar nada
8 nos meus xuízos senón aquilo que se presentase tan claramente e tan distintamente ó meu espírito que non tivese
9 ocasión ningunha de poñelo en dúbida. O segundo, dividir cada unha das dificultades que examinase en tantas
10 partes como fose posible e requirible para mellor resolvelas. O terceiro, conducir por orde os meus pensamentos,
11 comenzando polos obxectos máis simples e máis doados de coñecer, para subir pouco a pouco, como por graos,
12 ata o coñecemento dos máis compostos; e supoñendo mesmo unha orde entre aqueles que non se preceden
13 naturalmente os uns os outros. E o derradeiro, facer en todo enumeracións tan completas, e revisións tan xerais,
14 que estivese seguro de non omitir nada. Esas longas cadeas de razóns, todas simples e fáciles, das que os
15 xeómetras teñen costume de se serviren para chegar ás súas máis difíciles demostracións, déronme ocasión de
16 imaxinar que tódalas cousas que poden caer baixo o coñecemento dos homes sucédense as unhas ás outras da
17 mesma maneira, e que, soamente con absterse de aceptar como verdadeira ningunha que non o sexa, e gardar
18 sempre a orde precisa para deduci-las unhas das outras, non pode haber entre elas ningunha tan afastada á que
19 finalmente non se chegue, nin tan agachada que non se descubra. E non me foi difícil buscar por cales era
20 necesario comezar, pois sabía xa que era polas máis simples e as máis doadas de coñecer; e, considerando que
21 entre cantos teñen con anterioridade procurado a verdade nas ciencias, só os matemáticos puideron atopar
algunhas demostracións, é dicir, algunhas razóns certas e evidentes, non dubidaba que debería comezar polas
mesmas que eles tiñan examinado (...). **Descartes *Discurso do método***, Ed. Xerais de Galicia, Vigo, 2001, pp.
44-45.

CONTEXTO AUTOR (ver esquema)

CONTEXTO OBRA: Públícase de forma anónima no ano 1637 en Holanda. Constitúe o prólogo a tres ensaios científico-filosóficos: *Dióptrica*, *Meteoros* e *Xeometría*. Descartes titula a obra *Discurso do Método* e non Tratado do Método porque a súa pretensión nel e dar a súa opinión e non ensinar nin tratar de impoñer ningunha teoría. Tenta con iso non ser censurado ou perseguido pola Igrexa como o foi Galileo

TEMA: Exposición das regras do Método

TESES:

1. Necesidade dun método que elimine os defectos dos métodos anteriores conservando as súas vantaxes

Explicación: O métodos aos que se refire Descartes son o Inductivo (optica), o deductivo (matemática) e o hipotético deductivo (física). Os problemas do método inductivo teñen que ver coa imposibilidade de completar calquera xeneralización no mundo da experiencia. A fiabilidade da inducción basease a súa vez nunha inducción, problema de circularidade que será tratado máis tarde polo empirista Hume.

Descartes tampouco adopta o método experimental, propio da nova ciencia, e decántase por un método semellante ao método matemático, porque esta ciencia é a única que segue sendo estable a pensar das transformacións que sofre o coñecemento nestes séculos.

2. O método debe ter poucas regras para garantir que se respecten sempre. Abonda con 4 regras

Explicación: A busca dun método simple é moi importante para Descartes que se opón aos excesos lóxicos que a Escolástica propiciara nos derradeiros anos da Idade Media, elaborando formas de dedución moi complexas baseadas na lóxica aristotélica

3. 1ª non aceptar xamais ningunha cousa como verdadeira que non coñecese evidentemente ser tal: Evitar a precipitación. Non aceptar nada que non se presentase tan claramente e tan distintamente ó meu espírito que non tivese ocasión ningunha de poñelo en dúbida.

Explicación: Os requisitos de claridade e distinción aluden ás características que definen os axiomas matemáticos. Un concepto evidente debe ser claro, é dicir, non poden quedar zonas escuras no concepto senón que ten que presentarse de forma diáfana á mente. Unha verdade evidente non pode depender de ningún outro concepto, pois entón precisaríase un proceso de demostración a partir do concepto do que depende.

4. 2ª dividir cada unha das dificultades que examinase en tantas partes como fose posible e requirible para mellor resolvelas

Explicación: A descomposición dos problemas é parte do éxito do método matemático que Descartes aplica aquí, como garantía de que comprendemos o problema en toda a súa extensión e que non saltamos ningún paso. A norma da orde tanto na análise como na síntese aluden á mesma necesidade do mesmo xeito que o fai a norma da revisión dos procesos

5. 3º conducir por orde os meus pensamentos, comenzando polos obxectos máis simples e máis doados de coñecer, para subir pouco a pouco, como por graos, ata o coñecemento dos máis compostos

Explicación: Unha vez acadadas a verdades seguras, debe procederse a compoñer verdades complexas que estarán garantizadas pola precisión de cada paso

6. 4ª facer en todo enumeracións tan completas, e revisións tan xerais, que estivese seguro de non omitir nada

Explicación: A revisión dos pasos é unha garantía que permite asegurar a verdade do proceso e que este poida ser revisado por outros como esixe o método científico

7. O modelo a seguir e o método matemático

Explicación: Descartes manifesta aquí un optimismo gnoseolóxico. A confianza no poder da razón é absoluta e atópase en calquera individuo. A expresión da razón pode verse na matemática que é a ciencia que avanza desde a antigüidade con paso seguro. O concepto de individuo moderno baséase na igualdade e esta ven dada pola capacidade racional do ser humano que é universal e a ferramenta básica do coñecemento.

CONCEPTOS A DEFINIR

Regra: Principio proposto para realizar correctamente unha actividade ou unha acción. Un método compóñese dun conxunto de regras.

Método: Procedemento que ordena e dirixe a razón cando esta se aplica ao descubrimento de verdades

Claridade: unha das características da evidencia. O coñecemento que temos das cousas cando están presentes, ante a nosa mente.

Distinción: unha das características da evidencia. Cualidade de unha idea que está perfectamente determinada, delimitada fronte a todos os outros contidos da mente

ESTRUTURA

Liñas 1- 2: presentación da necesidade do método

Liñas 2-6: necesidade da simplicidade do método

Liñas 6-14: presentación das regras

Liñas 14- 19: confianza no método matemático

Liñas 19- 22: Necesidade de comezar examinando as verdades máis simples.

INFLUENCIAS (VER) e OPINIÓN PERSOAL (ver esquema)

TEXTO 3:

1 Xa que logo, supoño que todas as cousas que vexo son falsas: convénzome de que nada foi de todo como a miña
2 memoria chea de mentiras me representa; penso que non teño sentidos; creo que o corpo, a figura, a extensión, o
3 movemento e o lugar só son ficcións do meu espírito. Que poderá, logo, ser considerado verdadeiro? Se cadra, só
4 unha cousa, que non hai nada certo no mundo. Mais, que sei respecto de se hai algunha outra cousa diferente
5 destas que veño de xulgar incertas, algunha acerca da cal non poida ter a menor dúbida? Non hai ningún Deus,
6 ou calquera outra potencia que me poña no espírito eses pensamentos? Isto non é necesario, pois quizais poida eu
7 ser quen de producilos por min mesmo. Logo eu, cando menos, non son algunha cousa? Pero neguei xa que
8 tivese sentidos nin ningún corpo. Dubido con todo, pois que se segue diso? Serei tan dependente do corpo e dos
9 sentidos que non poida ser sen eles? Pero convencinme de que non había absolutamente nada no mundo, que non
10 había ningún ceo, ningunha terra, ningún espírito, ningún corpo; non me convencín logo de que tampouco eu
11 non era nada? Non, certamente, eu sen dúbida era algo se me convencera ou simplemente se pensara algunha
12 cousa. Pero hai un non sei qué enganoso, moi poderoso e moi trampulleiro, que emprega toda a súa industria en
13 enganarme sempre. Non hai logo dúbida de que eu son, se el me engana; e engáneme tanto como queira que non
14 poderá endexamais facer que eu non sexa nada, senón que tanto máis pensarei ser algunha cousa. De xeito, que
15 despois de telo ben pensado, e de ter coidadosamente examinado todas as cousas, cómpre concluír, en fin, que
16 esta proposición: Eu son, eu existo, é necesariamente verdadeira, cantas veces eu a pronuncie ou a conciba no
17 meu espírito. **RENÉ DESCARTES; *Meditacións Metafísicas* (1641), «Meditación 2ª: Da natureza do espírito humano, e de que é máis doado de coñecer que o corpo»**

CONTEXTO AUTOR (ver esquema)

CONTEXTO OBRA: Obra publicada en latín 164. Nela elabórase o sistema filosófico que se propoñía no *Discurso do Método*

TEMA: O proceso da dúbida e a súa superación no cogito

TESES:

1. Podemos supoñer que todo o que existe no mundo e vexo polos sentidos, incluído o propio corpo é falso.

Explicación: primeiro nivel da dúbida: a dúbida dos sentidos. Descartes coma Platón acepta que os sentidos nos son fiables, que teñen límites e poden enganarnos e non hai forma de atopar un criterio seguro para distinguir entre datos verdadeiros ou ilusións. Os estudos de óptica eran cada vez máis refinados e non podemos esquecer que Descartes tiña dedicado algún estudo a eles (Dioptrica). Por outra parte as imaxes recoñécense como representacións mentais ou ideas e iso fai imposible distinguir entre ideas que remiten a unha posible realidade externa e as que son produto da mente. Está dúbida fai que Descartes deixe a un lado os datos dos sentidos e busque outra fonte para obter coñecementos evidentes.

2. Podemos supoñer que a única verdade é que todo é falso e que existe un xenio maligno que me engane sempre

Explicación: Antes de descartar calquera forma de excepticismo, Descartes propón unha dúbida radical que poñería todo o coñecemento e o contido da mente en cuestión, afectando tanto as ideas adventicias (provenientes dos sentidos) como ficticias (creadas pola mente) e mesmo innatas (coas que nacemos) pois todas elas poderían ser froito do engano dunha intelixencia superior.

3. Non é posible dubidar da existencia da propia mente como se dubida da existencia corporal, porque se me engano tamén estou pensando

Explicación: Na procura da fonte das ideas na mente Descartes baralla posibles opcións: que foran postas na mente por Deus ou ben que o propio eu sexa a súa fonte. 3º grao de dúbida: a hipótese do xenio maligno, aquí dedicada, mais ca os pensamentos á dúbida sobre o propio eu. Descartes usa esta forma de dúbida cando quere someter a dúbida o pensamento matemático a través da suposición dun xenio maligno ou enganador. Esta forma de dúbida pon en cuestión o coñecemento racional, pero como se ve neste texto, non é capaz de poñer en dúbida a existencia do eu. Unha vez descartados os sentidos como fonte de coñecemento evidente, parece claro que o corpo non pode ser a canle deses coñecementos. De aí arrinca a reflexión seguinte acerca da definición do eu.

4. A proposición Eu penso, logo eu son é necesariamente verdadeira.

Explicación: A proposición é evidente porque, segundo Descartes, o acto de pensar leva consigo a necesidade de que o substrato do pensamento exista. Esta idea será cuestionada polo empirismo cando revise o concepto de substancia.

Debe facerse notar que a proposición non ten unha estrutura argumental, os dous termos non son causa e efecto, senón que se se dan xuntos. Non que pensar implique existir, senón que ambos manteñen unha relación de complicación ou de existencia conxunta.

CONCEPTOS A DEFINIR

Eu son (cogito): equivale á actividade mental ou mente que é autoconsciente do seu proceso de pensamento e da súa propia existencia.

Deus: Entidade perfecta, omnisciente, omnipotente e da cal depende a existencia do mundo

Deus malo (xenio maligno): Recurso empregado por Descartes no proceso da dúbida metódica. Consiste en formular a hipótese da existencia dun deus que busque enganarnos e faga imposible o coñecemento.

Dúbida: actividade teórica que por en cuestión a verdade (correspondencia coa realidade) dos contidos da mente.

ESTRUTURA

Liñas 1-3: proposta dunha dúbida radical que afecta a todo o recibido polos sentidos

Liña 4-7 proposta da dúbida radical e reflexión sobre a necesidade de atopar unha causa das ideas.

Liña 7-11 revisión das posibilidades de dúbida sobre o propio eu (corpo e mente)

Liña 12-15. superación da dúbida do xenio maligno a través do cógito

Liña 15-17. Proposta da verdade Penso, logo eu son

REPERCUSIÓNS E INFLUENCIAS (ver esquema)

TEXTO 4:

1 De seguido, reflexionando sobre o feito de eu dubidar e que, en consecuencia, o meu ser non era completamente
2 perfecto, pois vía claramente que era unha maior perfección coñecer que dubidar, ocorréuseme pensar de onde
3 aprendera eu a pensar nalgunha cousa máis perfecta do que eu era; e coñecín evidentemente que debía ser
4 dalgunha natureza que fose en efecto máis perfecta. Polo que fai aos pensamentos que tiña de moitas outras cousas
5 fóra de min, como o ceo, a terra, a luz, a calor e mil outras, non estaba preocupado por saber de onde veñen, a
6 causa de que, non observando nada neles que semellase facelos superiores a min, podía eu crer que, se eles eran
7 verdadeiros, o eran por unhas dependencias da miña natureza, en tanto que ela tiña algunha perfección; e se non o
8 eran, tñíalos da nada, é dicir, eles estaban en min por algo que eu tiña de imperfecto. Pero non podía ocorrer o
9 mesmo coa idea dun ser máis perfecto có meu; pois era cousa manifestamente imposible tela da nada; e como non
10 hai menos repugnancia en que o máis perfecto sexa unha consecuencia e unha dependencia do menos perfecto, do
11 que a hai de que da nada proceda algo, non a podía ter tampouco de min mesmo. De xeito que só quedaba que ela
12 fose posta en min por unha natureza que fose verdadeiramente máis perfecta do que eu era, e mesmo que tivese en
13 si todas as perfeccións das que eu puidese ter algunha idea, é dicir, para explicalo nunha palabra, que fose Deus.
14 Ao que engadín que, xa que coñecía algunhas perfeccións que eu non tiña, non era o único ser que existía (usarei
15 aquí libremente, se se me permite, as palabras da Escola), senón que necesariamente era preciso que houbera algún
16 outro máis perfecto, do cal eu dependese, e do que adquirise todo canto eu tiña. Pois se eu fose só e independente
17 de calquera outro, de xeito que tivese por min mesmo o pouco que participaba do ser perfecto; pola mesma razón
18 podería ter por min mesmo todo o restante que sabía que me faltaba, e ser así eu mesmo infinito, eterno, inmutable,
19 omnisciente, omnipotente e, en fin, ter todas as perfeccións que podía observar que están en Deus. **René
Descartes; *Discurso do Método*, Parte IV.**

CONTEXTO AUTOR (ver)

CONTEXTO OBRA: Públícase de forma anónima no ano 1637 en Holanda. Constitúe o prólogo a tres ensaios científico-filosóficos: *Dióptrica*, *Meteoros* e *Xeometría*. Descartes titula a obra *Discurso do Método* e non Tratado do Método porque a súa pretensión nel é dar a súa opinión e non ensinar nin tratar de impoñer ningunha teoría. Tenta con iso non ser censurado ou perseguido pola Igrexa como o foi Galileo

TEMA: A idea de perfección e Deus como garante da verdade do coñecemento.

TESES:

1. A idea de perfección na mente require a existencia dunha entidade perfecta.

Explicación: Para saír do solipsismo no que o tiña deixado o proceso de dúbida, Descartes busca unha xustificación aos contidos mentais e atopa unha idea que precisa unha xustificación fora da mente humana.

2. A idea de perfección é superior á propia mente que é imperfecta pois esta engánase e erra.

Explicación: A dúbida mostra a imperfección da mente que é incapaz de garantir a verdade. Esta idea reflicte o espírito da época Moderna que advirte a imperfección e os límites da razón humana e que parte do escepticismo xerado pola irrupción da Ciencia Moderna e o abandono das formas clásicas de afrontar o coñecemento do mundo (filosofía, relixión...).

3. Os pensamentos de cousas externas (ideés adventicias) non son superiores á propia mente pois son imperfectos.

Explicación: As ideas adventicias son as que parecen ter a súa causa nun mundo externo. As ideas que proveñen dos sentidos. O primeiro grao da dúbida puxeraas en cuestión e Descartes non ve nelas ningunha perfección.

4. O máis perfecto non pode ser unha consecuencia ou depender do menos perfecto

Explicación: Un contido perfecto non pode provir dunha realidade imperfecta. Esta é unha aplicación do principio de causalidade aristotélico: o que está no efecto terá que estar en maior medida na causa. Así a imperfección non poderá xerar perfección, nin sequera a súa idea.

5. É imposible ter a idea de perfección da nada

Explicación: Descartes formula aquí o principio de causalidade, tal e como xa o formulara Aristóteles: da nada non pode proceder algo. Os entes teñen que ter unha causa. Este é fundamentalmente a base da ciencia moderna que se define, como xa o fixera con Aristóteles, como a explicación das causas.

6. Logo ten que existir un ser máis perfecto que sexa causa da idea de perfección na mente e mesmo das demais ideas: Deus

Explicación: Nesta frase de Descartes podemos observar a crenza na dependencia do Home (natureza imperfecta) de Deus. Esta dependencia non será só unha dependencia material (en canto é creado) senón intelectual, pois de Deus parten as ideas innatas que só el pode poñer en min (coma a idea de perfección). Descartes define a Deus como un ser que contén todas as perfeccións, eterno, omnisciente e omnipotente, tal é como o caracteriza a Igrexa cristiá.

CONCEPTOS A DEFINIR

Eu son (cogito): equivale á actividade mental ou mente que é autoconsciente do seu proceso de pensamento e da súa propia existencia.

Deus: Entidade perfecta, omnisciente, omnipotente e da cal depende a existencia do mundo

Perfección: calidade do que non ten ningún defecto ou erro

Dúbida: actividade teórica que por en cuestión a verdade (correspondencia coa realidade) dos contidos da mente.

Ideas: Contidos da mente con diferenes orixes: nos sentidos (adventicias), na imaxinación (ficticias), postas na mente por Deus (innatas)

ESTRUTURA: argumentativa

Liñas 1-4: reflexión sobre a idea de perfección e a necesidade de buscar unha causa externa á mente

Liñas 4-8: razón para eliminar como causa as ideas adventicias: son imperfectas como a mente

Liñas 8-9: Enuncia o principio de causalidade: as cousas non proceden da nada

Liñas 9-11: Formulación das condicións da causalidade: o máis perfecto non pode proceder do menos perfecto

Liñas 11-19: Conclusión: Debe existir un ser perfecto causa da idea de perfección, das demais ideas e do propio eu.

REPERCUSIÓNS E INFLUENCIAS (ver esquema)

LOCKE

- **CONTEXTO E REPERCUSIÓNS**
- **CUESTIÓN TEÓRICA 5: O LIBERALISMO POLÍTICO EN JHON LOCKE**
- **TEXTOS RELACIONADOS COA CUESTIÓN 4: TEXTO1, TEXTO 2**

CONTEXTO E REPERCUSIÓNS

BIOGRAFÍA:

- Situación social de LOCKE: Inglés, nado en Wrington, en 1632
- Médico, pedagogo e filósofo. Figura fundamental da ilustración inglesa
- Influído polos ilustrados franceses durante o seu exilio en Francia e Holanda
- Unha referencia á situación política do século XVII en Inglaterra:
- As loitas entre wigs e tories polo goberno en Inglaterra
- A Revolución Gloriosa e o “Bill of Rights”
- As monarquías parlamentarias en Inglaterra
- As Revolucións burguesas
- Inglaterra convértese na primeira potencia comercial mundial
- Os avances tecnolóxicos e científicos cuestionan o método axiomático e afondan na defensa do método experimental. O auge da Medicina e a Química (Robert Boyle mestre de Locke)
- As novas constitucións burguesas: A Constitución de Carolina do Sur e a Declaración de Independencia de Estados Unidos

OBRAS:

Obra fundamental: *Dous tratados sobre o goberno civil.*

Carta sobre a Tolerancia

Ensaio sobre o Entendemento Humano

REPERCUSIONES E INFLUENCIAS:

- A influencia da Ilustración inglesa nos gobernos mundiais: primeiro na independencia dos Estados Unidos e nas constitucións dos estados contemporáneos.
- Fundamenta filosófica e politicamente o papel da propiedade e o estado no liberalismo económico, dando base ético-política á teoría de Adam Smith e Ricardo.
- Influencia en Kant e na súa diferenza entre uso público e privado da razón
- As teorías do contrato e a teoría política e xurídica actual: A idea de xustiza fundamentada no contrato social (neocontractualismo de Rawls).
- Inflúe en Montesquieu, que cambia o poder federativo polo xudicial, para moderar o poder executivo
- A idea de igualdade e liberdade repercutirá en todo o pensamento contemporáneo: Mary Wollstonecraft (iniciando os movementos pola igualdade entre mulleres e homes), Jhon Rawls (uso da ficción do Contrato Social para a busca da xustiza social)
- As súas ideas acerca do entendemento humano e a mente reflectíronse na educación do XVIII e XIX. Defendeu a idea dunha educación de calidade para formar cidadáns e cabaleiros. Unha educación científica, moral e física. - A concepción da mente humana como “tábula rasa” permanecería durante moito tempo como postulado básico da metodoloxía científica

CUESTIÓN TEORICA 5 (OPCIÓN A) LOCKE E O LIBERALISMO POLÍTICO

O **liberalismo** é unha filosofía política que defende a liberdade individual, a iniciativa privada e limita a intervención do Estado e dos poderes públicos na vida social, económica e cultural. Identifícase coa defensa da liberdade e a tolerancia nas relacións humanas.

- Constitúe o fundamento filosófico do **liberalismo económico** que consiste na aplicación dos principios liberais ao desenvolvemento económico: non intromisión do Estado nas relacións mercantís, redución de impostos, redución da lexislación e regulación sobre comercio e produción, eliminación de subsidios ou axudas públicas.
- Baséase no mercantilismo (relacións comerciais que se estenden a toda a sociedade) e no capitalismo (sistema económico que permite a acumulación de beneficios a través dos cartos e a propiedade privada dos medios de produción e converte o traballo nunha mercadoría máis)
- Segundo a ideoloxía liberal, a non intervención do Estado asegura a igualdade dos individuos e un marco de competencia que leva ao progreso social. Adam Smith.
- Explicación da necesidade de lexitimación das novas formas de Estado Burgués:
 - O Estado Burgués xorde co aumento da influencia das clases medias, conformadas polos comerciantes e industriais, influencia da Revolución industrial do século XIX. É o resultado da Revolución Liberal en substitución da Monarquía absoluta propia do Antigo Réxime.
 - É o sistema político da Idade Contemporánea e continúa até a actualidade.
 - As súas bases son a separación Estado-Igrexa, un novo fundamento laico do Estado e unha noción de individuo libre que pasa de súbdito (sen dereitos, sen participación política e con propiedades cedidas) a cidadán (suxeito político, con dereitos inalienables e propiedades).
- O concepto de “Estado de Natureza” é a forma de propoñer unha nova forma de lexitimación diferente á relixiosa do Antigo Rexime.
 - Definición: Momento previo á consituición da sociedade na que os individuos vivían sen normas e en relacións baseadas na natureza e na apropiación de recursos.
 - O estado de natureza é unha ficción que non se sitúa en ningún momento histórico e só serve como definición do momento previo á orixe da sociedade.
 - Distintas concepcións: Hobbes (agresividade natural +competencia) Locke (colaboración para a supervivencia e apropiación mediante o traballo) Rousseau (bondade natural, o bo salvaxe)
- A concepción do Estado de Natureza e a lexitimación dos gobernos **en Locke**:
 - ser humano no estado de natureza está dirixido polas súas paixóns e desexos pero posúe unha lei natural (moral) que lle permite convivir cos demais.
 - O Estado é a solución ás necesidades de progreso da sociedade humana e a conservación das propiedades
 - O Ser humano non cede os seus dereitos fundamentais inalienables (vida e liberdade)
 - O Ser humano é dono de si mesmo e do seu traballo.
 - O estado ten como misión regular as discusións e loitas entre os diferentes intereses para conseguir o progreso social.
- Limitación dos poderes do soberano. Monarquías parlamentarias ou democracias representativas parlamentarias.
 - Implica a limitación do poder do gobernante mediante: separación de poderes (executivo, lexislativo ou xudicial). O gobernante queda sometido ás leis
 - O individuo reserva os seus dereitos fundamentais (Carta de Dereitos) e o dereito á insubmisión se non se respectan eses dereitos.
 - O dereito á participación política debe recaer nos individuos propietarios (varóns, con propiedades e independentes economicamente), por intereses sociais, necesidade de manter o sistema de propiedades e por capacidades intelectuais (educación)

TEXTO 1:

1 Pero, aínda que este sexa un estado de liberdade, non é, porén, un estado licencioso; aínda que o home neste
2 estado teña unha incontrolada liberdade para dispor da súa persoa e propiedades, con todo, non ten liberdade
3 para destruírse a si mesmo, ou menos aínda a calquera criatura que estea no seu poder, excepto no caso en que
4 algunha razón máis nobre que a súa preservación o guiase. O estado de Natureza ten unha lei da Natureza para
5 gobernarse, a cal obriga a todo o mundo, e esta é a razón, a cal ensina a todos os homes, só con que queiran
6 consultala, que, sendo todos iguais e independentes, ninguén debe danar a outro na súa vida, saúde, liberdade
7 ou posesións; xa que, sendo todas as persoas a obra dun Creador omnipotente e infinito; todos serventes dun
8 xefe soberano, enviados ó mundo baixo a súa orde e negocio, eles son a súa propiedade, a súa obra, e foron
9 feitos para durar mentres el o queira, e non mentres a outro lle praza. E sendo creado con tales facultades,
10 compartindo todos a mesma comunidade da natureza, non pode ser suposta ningunha subordinación entre nós
11 que nos autorice a destruírnos uns a outros como se foramos feitos para outros usos, como as criaturas de
12 inferior rango o foron con respecto a nós. Cada un está obrigado a preservarse a si mesmo e a non abandonar o
13 seu posto por libre decisión, pola sinxela razón de que, cando a súa propia preservación non está en xogo,
14 deberá, tanto como poida, preservar o resto da humanidade, e nunca, excepto para facer xustiza a un ofensor,
15 roubar ou prexudicar a vida doutro, ou o que axude á súa preservación, liberdade, saúde, integridade ou bens.
**LOCKE. Dous Tratados sobre o goberno. (1.680-1.690). L.II: Sobre a verdadeira orixe, alcance e fins do
Goberno Civil. Cap.2: Sobre o estado de Natureza.**

CONTEXTO DO AUTOR: (ver esquema)

CONTEXTO DA OBRA: obra de filosofía política publicada anonimamente en 1689 por John Locke. Na segunda parte introduce a idea dunha sociedade política ou civil baseada nos dereitos naturais e no contrato social.

TEMA: Definición e características do Estado de Natureza

TESES:

1. O Estado de Natureza non é un estado de liberdade incontrolada

Explicación: Locke fronte a Hobbes non ve o Estado de Natureza (def) como un estado no que o home se reduza a unha existencia animal. A racionalidade humana pon límites ao que de feito pode facer, en concreto dí que o ser humano non pode danarse a sí mesmo nin aos outros, para o que dará argumentos a continuación

2. A lei natural provén da razón, que é común a todos os seres humanos:

- **A razón obriga a recoñecer a todos os seres humanos como iguais e independentes**
- **Ninguén debe danar aos outros na súa vida, saúde e posesións**
- **todos os homes son obra dun creador omnipotente (Deus), do que son propiedade**
- **Os animais e outros seres foron creados por Deus para ser útiles ao ser humano**

Explicación: A razón é a característica que define ao ser humano e o distingue dos animais, neste sentido hai que dicir que Locke acepta a definición dos filósofos gregos como Platón e Aristóteles. A defensa da racionalidade é tamén a característica da Ilustración. A razón humana fai a todos os homes iguais e, como é o suposto previo da liberdade, fai del un individuo autónomo e independente. Esta igualdade natural é a que prescribe que non poida danar a vida dos outros nin nada que sosteña esa vida, como a saúde ou a propiedade que precisa para sobrevivir, pois de facelo tamén daría por suposto que ese ser é desigual a min e dependente da miña vontade. Ademais Locke afirma que é a nosa condición de creación de Deus o que prescribe a nosa igualdade natural, no sentido de que todos dependemos del. Esta argumentación pon de manifesto os presupostos relixiosos do liberalismo político. Xa non é o poder o que depende de Deus, pero a vida humana segue pertencéndolle. Locke ademais fai unha diferenza explícita do home cos animais, colocando a estos ao servizo do home, recorrendo ao mandato divino. A explotación da natureza é tamén unha das bases do liberalismo: a explotación da natureza é a base da sociedade e o progreso humano e o ser humano ten dereito a apropiarse dela para sobrevivir.

3. O ser humano debe preservar a súa vida e a dos demais cando a súa preservación non estea en xogo

- **Debe preservar tamén todo o que sexa necesario para a preservación da vida: liberdade, saúde, integridade, bens**

Explicación: A idea de que estamos obrigados a preservar a vida estendese á preservación das propiedades que garanten esa vida e estendense á idea de que os bens son de aquel que os traballa par producir benestar para el e para a sociedade. Esta é unha das bases do liberalismo económico

CONCEPTOS A DEFINIR

Liberdade: Facultade e capacidade do ser humano de actuar por vontade propia sen coacción exterior nin influencia dos instintos

Estado de Natureza: Situación na que se atopa o ser humano antes da conformación de Estados e na que prima a lei da supervivencia e as leis biolóxicas.

Lei Natural: As normas que se orixinan na natureza humana e na súa capacidade racional. Non son convencionais e son previas á sociedade.

Propiedade: calquera obxecto ou ser que deba a súa vida e accións a outro e dependa del totalmente

Bens: Obxectos propiedade dun ser humano que son útiles para o traballo ou o mercado

ESTRUTURA: argumentativa

Liñas 1-5: Os límites da liberdade no Estado de Natureza

liñas 5-8: A orixe da lei natural e as súas normas

liñas: 8-15: Deberes do ser humano, respecto a sí mesmo e aos outros

INFLUENCIAS (VER) + OPINIÓN PERSOAL (ver esquema)

TEXTO 2. PRIMERA PARTE.

1 Polo tanto, onde queira que calquera número de persoas se xunten nunha sociedade dispostas a abandonar
2 cada un o seu poder executivo da lei da natureza, e a renunciar a el a favor do poder público, alí e só alí
3 haberá unha sociedade política ou civil. E isto dáse onde queira que un número calquera de homes, en estado
4 de natureza, pase a formar unha sociedade co fin de construír unha persoa ou corpo político baixo a soberanía
5 dun goberno supremo, ou tamén cando calquera particular se une e incorpora a un goberno xa feito. Xa que
6 neste caso autoriza á sociedade ou, o que é o mesmo, ó poder lexislativo dela a facer leis para el, tal e como o
7 ben público de dita sociedade requira, para a execución das cales é preciso (como para os seus propios
8 decretos) a súa colaboración. E isto pon os homes fóra do estado de natureza e dentro daquela república
9 [commonwealth], establecendo un xuíz na terra con autoridade para a determinación de todas as controversias
10 de dereito que xurdan entre eles, e para reparar as inxurias que puideran ocorrer contra calquera membro da
11 república [commonwealth], o cal será xulgado polo poder lexislativo ou polos maxistrados sinalados para tal
12 fin. E onde queira que houbese un número de homes dalgún xeito asociados, que non tivesen tal poder
13 decisivo ó que apelar, entón alí estarán aínda no estado de Natureza. **LOCKE *Dous Tratados sobre o***
***Goberno* (1.680-1.690). LII, Cap.VII. epigrafe 89**

CONTEXTO DO AUTOR: [ver esquema](#)

CONTEXTO DA OBRA: obra de filosofía política publicada anonimamente en 1689 por John Locke. Na segunda parte introduce a idea dunha sociedade política ou civil baseada nos dereitos naturais e no contrato social.

TEMA: O fundamento da sociedade na renuncia do ser humano ao Estado de Natureza

TESES:

1. A sociedade política xorde ando os homes abandonan voluntariamente o Estado de Natureza

Explicación: O concepto de Estado de Natureza (def) permite as teorías que fundamentan a orixe do poder no consenso entre os individuos, rexeitar a orixe divina do poder propia das monarquías absolutas (def). O poder é froito da liberdade dos individuos que renuncian de forma voluntaria ao seu dereito a defender as súas propiedades para que o faga o Estado. Ésta é a base dos modernos Estados liberais. As teorías do Contrato social son fundamentais para establecer unha sociedade burguesa na que o poder non se fundamente na tradición ou na Igrexa e permita establecer a idea dunha comunidade como asociación civil que procura o progreso, a produción e o progreso. A forma m'is perfecta desta sociedade é a República (def)

2. O paso do Estado de Natureza dáse de forma colectiva, pero tamén individual, cando un membro novo se inclúe de xeito voluntario nunha sociedade.

Explicación: Locke explica que o pacto que dá orixe á sociedade civil (def) dáse inicialmente de forma colectiva en forma de acordo explícito como unha Constitución ou unha Carta de Dereitos, pero tamén de forma implícita cando unha persoa quere formar parte dun Estado, como por exemplo un inmigrante ou un nacido que se incorpora á sociedade; neste caso ben a inscrición nun rexistro civil, ben a obtención da cidadanía estarían facendo que o individuo aceptara as bases do acordo previamente establecido.

3. O abandono do Estado de Natureza e a lei natural, supón delegar o poder de vulgar nos poderes públicos a través do poder lexislativo ou os maxistrados.

– **Para o ben público**

– **Require a colaboración do cidadán na elaboración das leis e no seu cumprimento**

Explicación: O abandono do Estado de Natureza non supón para Locke o abandono de todos os dereitos do individuo, como afirmaba Hobbes. O Estado ten a función de preservar os dereitos derivados da Lei natural (vida, a saúde porque sen esta se pon en perigo a vida, liberdade que é o punto de partida do pacto e a propiedade que permite a vida e o progreso) e a súa función é buscar o ben público) Desde esta perspectiva o Estado está limitado e non pode elaborar leis que poñan en perigo eses dereitos (exemplos: pena de morte, privación de liberdade....) Ademais é necesaria a colaboración dos cidadáns na produción das leis (exemplos: Parlamento, tipos de sufraxio)

4. O Estado de Natureza dáse cando non hai un poder común para todos os individuos.

Explicación: Locke remata o fragmento recordando que cando non hai ese poder común e esa cesión de dereitos non hai sociedade civil nin rexe máis lei que a lei natural. Así por exemplo, nunha monarquía na que o rei non se someta ás leis, os individuos están lexitimamente autorizados a preservar a súa vida, saúde e propiedades mediante a forza e a rebelión (xustificación das revolucións burguesas)

CONCEPTOS A DEFINIR NA EXPLICACIÓN

Sociedade política ou civil: agrupación de cidadáns que teñen como empresa común a formación dun Estado con leis comúns.

Estado de Natureza: Situación na que se atopa o ser humano antes da conformación de Estados e na que prima a lei da supervivencia e as leis biolóxicas.

República (Common Wealth): forma de goberno oposta á monarquía que fai recaer o poder no conxunto do pobo ou cidadanía.

Lei Natural: As normas que se orixinan na natureza humana e na súa capacidade racional. Non son convencionais e son previas á sociedade.

Poder lexislativo: Parte do poder político cuxa función é a promulgación das leis

Poderes públicos: Persoas e organizacións que representan o poder do Estado

Maxistrados: Persoas que forman parte do poder xudicial nun Estado.

ESTRUTURA: expositiva

Liña 1-3: Introducción do concepto de sociedade civil e a súa relación co abandono do Estado de Natureza

Liña 3- 7: A delegación do poder como base da organización da sociedade civil, de forma grupal e individual, para a consecución do ben público.

Liña 7-11: Definición de República e relación co poder lexislativo

Liña 11-13: Definición de Estado de Natureza como libre asociación sen poder común.

INFLUENCIAS (VER) + OPINIÓN PERSOAL **ver esquema**

TEXTO 2. SEGUNDA PARTE

1 E polo tanto, é evidente que a monarquía absoluta, a cal é considerada por algúns como a única forma de
2 goberno válida no mundo, é de feito incompatible coa sociedade civil e, polo tanto, non pode ser unha forma de
3 goberno civil en absoluto. Dado que o fin da sociedade civil é evitar e remediar aqueles inconvenientes do
4 estado de natureza que se derivan necesariamente do feito de que cada home sexa xuíz do seu propio caso,
5 establecendo unha autoridade coñecida á cal calquera membro desa sociedade poida apelar en caso de ser
6 inxuriado, ou en caso dunha controversia que poida xurdir, e á cal todos os membros de dita sociedade deban
7 obedecer. Onde queira que haxa un grupo de persoas que non teñan tal autoridade á que apelar, e que poida
8 decidir calquera diferenza que entre eles poida alí xurdir, esas persoas estarán aínda no estado de natureza. Nel
9 atópase todo príncipe con respecto a aqueles que estean baixo o seu dominio. **LOCKE *Dous Tratados sobre o***
Goberno (1.680-1.690). LII, Cap.VII (Epigrafe 90)

CONTEXTO DO AUTOR: **ver esquema**

CONTEXTO DA OBRA: obra de filosofía política publicada anónimamente en 1689 por John Locke. Na segunda parte introduce a idea dunha sociedade política ou civil baseada nos dereitos naturais e no contrato social.

TEMA: Crítica á monarquía absoluta como forma lexítima de organización política

TESES:

1. A monarquía absoluta é incompatible coa sociedade civil

- **A sociedade civil require que todos os membros dunha sociedade recoñezan unha autoridade común á que se poida apelar en caso de controversia.**

Explicación: Locke propón unha oposición frontal entre monarquía absoluta (def) e sociedade civil (def) en base á orixe do poder en cada unha. Na primeira a tradición e Deus, na segunda o conxunto dos cidadáns libres.

Nunha monarquía non existen os cidadáns porque os individuos non teñen dereitos políticos, mentres que na sociedade civil os individuos deben de colaborar en establecer as leis e en facelas cumprir. Por iso nas sociedades civís se estipula como fundamental establecer unha división de poderes (executivo, legislativo e xudicial (def) que limite a autoridade do gobernante. Locke recolle esta idea do pensador francés Montesquieu

- **Se existe un grupo de persoas que non teñan autoridade á que apelar entón están en Estado de Natureza**

Explicación: Locke reforza a idea de que é necesario que todos, absolutamente todos os individuos acepten o pacto e a delegación do poder e o abandono do Estado de Natureza (def). Se esta totalidade non ocorre e un individuo se reserva o dereito de seguir no Estado de Natureza e exercer o seu poder, non se produce unha verdadeira sociedade civil

2. Os príncipes atópanse en estado de Natureza porque non teñen ningúna lei nin autoridade que acatar.

Explicación: Un Príncipe, tomado aquí como sinónimo de monarca está nesa situación con respecto aos súbditos, pois non pacta con eles ningún acordo que o poña baixo un poder común e por iso a monarquía non é unha forma de sociedade civil, nin un goberno lexítimo. Salvo no caso de que o monarca se someta á lei (exemplo a firma da Carta de Dereitos firmada por Guillermo de Orange antes de converterse en monarca de Inglaterra). Nesta última situación estarían as modernas monarquías parlamentarias na que os reis teñen limitado o seu poder e están por debaixo do control do Parlamento.

CONCEPTOS A DEFINIR

Monarquía absoluta: forma de goberno no que o rei ou monarca asume a totalidade do poder nunha sociedade e os demais integrantes están suxeitos a el (son súbditos)

Sociedade civil ou política: Forma de organización social que da lugar ás repúblicas e na que os individuos son cidadáns, teñen dereito á participación política e non están suxeitos á autoridade mais que pola vontade de pertencer a ela

Estado de Natureza: Situación na que se atopa o ser humano antes da conformación de estados e na que prima a lei da supervivencia e as leis biolóxicas.

Príncipe: sinónimo de monarca, o representante dunha dinastía que exerce o poder nunha sociedade lexitimado polo dereito divino.

ESTRUTURA: Argumentativa

Teses inicial. Liña 1-3

Argumento 1: def de sociedade civil liñas 3-7

Argumento 2: Non ter un poder común sitúa aos homes no Estado de Natureza: Liñas 7-9

Conclusión: O príncipe atópase en estado de natureza respecto dos súbditos.

INFLUENCIAS (VER) E OPINIÓN PERSOAL **ver esquema**

KANT

- CONTEXTO E INFLUENCIAS
- CUESTIÓN TEÓRICA 6: OS LÍMITES DO COÑECEMENTO EN KANT
- TEXTOS ASOCIADOS Á CUESTIÓN 6: TEXTO1, TEXTO 2, **TEXTO 3, TEXTO 4**
- CUESTIÓN TEÓRICA 7: O FORMALISMO MORAL EN KANT
- TEXTOS ASOCIADOS Á CUESTIÓN 7: TEXTO1, TEXTO 2, TEXTO 3, TEXTO 4

KANT: CONTEXTO E INFLUENCIAS

BIOGRAFÍA E CONTEXTO:

- Situación social de KANT: filósofo prusiano, nado en Konisberg, en 1632
- Físico e filósofo. Figura fundamental da Ilustración alemana
- A súa primeira etapa marcada polos estudos newtonianos, a segunda fundamentalmente filosófica.
- Influído polos ilustrados franceses Rousseau e Voltaire e a súa reflexión sobre a “vontade xeral” e a limitación do poder do Estado en Locke.
- Practica o pietismo dentro do protestantismo, que afirmaba o valor da conciencia individual e influirá de forma determinante na ética kantiana
- 2 períodos na súa obra filosófica: precrítico, crítico.
- Unha referencia á situación política do século XVIII en Prusia:
- Instauración do Imperio de Federico II. Monarca Ilustrado.
- Divulgación da Enciclopedia
- Xurdimento de novas ciencias: química, con Lavoisier; bioloxía, con Linneo e electroloxía, con B. Franklin

OBRAS:

Período precrítico: *Soños dun Visionario*

Período crítico:

- *Crítica da Razón Pura*
- *Crítica da Razón Práctica*
- *Crítica do Xuízo*
- *Fundamentación da Metafísica dos Costumes*
- *Qué é a Ilustración?*

REPERCUSIÓNS E INFLUENCIAS:

- A síntese entre racionalismo e empirismo fai xurdir unha nova forma de percibir a mente e a razón humana, como un elemento que intervéñ na comprensión do mundo.
- O idealismo de Fichte levará ao extremo o pensamento de Kant e defenderá a construción da realidade pola mente humana. Hegel será a consecuencia deste idealismo, convertido en idealismo absoluto.
- A investigación nas estruturas a priori da mente humana será continuada pola fenomenoloxía de Husserl, que investigará naqueles elementos da conciencia independentes da realidade fenoménica.
- A Filosofía da Ciencia do século XX e a crítica ao neopositivismo propiciada por Popper está directamente influída polo pensamento de Kant.

En Ética:

- A ética kantiana é o precedente directo das teorías dos dereitos humanos, ao falar dun dereito universal que conduza á paz mundial.
- A corrente actual da Teoría da Xustiza de J. Rawls, que busca o reparto xusto dos recursos sociais e naturais, basease nos principios kantianos de dignidade, autonomía e imparcialidade
- As críticas fundamentais ás ideas kantianas proveñen principalmente de marxismo que crítica a defensa dos ideais metafísicos de Kant que impiden unha análise científica das sociedades. Da filosofía de Nietzsche que critica a razón kantiana como forma de control do mundo, sen ter en conta que o mundo é irracional. Da Escola de Frankfurt que insiste na sobrevaloración da razón que fai a cultura occidental, converténdoa nun instrumento para cousificar á natureza e ós seres humanos.

– CUESTION TEÓRICA 6 (OPCIÓN A) OS LÍMITES DO COÑECEMENTO EN KANT

Kant defende, como os autores ilustrados, a autonomía da razón, a capacidade da razón para mellorar a sociedade humana, a importancia da educación para mellorar a razón...

- a idea de “autonomía da vontade” como capacidade do ser humano de conseguir o coñecemento de forma individual e de tomar decisións por si mesmo, sen necesidade de autoridades morais.
- Kant busca a través da razón responder a 3 cuestións:
 - Qué podo saber? Búsqueda dos límites do coñecemento racional pasa distinguir coñecementos verdadeiros de falsos
 - Qué debo facer? Busca das leis morais universais que permitan unha sociedade mellor
 - Que cabe agardar? Proposta dunha relixión dentro dos límites da razón que permita unha sociedade máis tolerante.
- Kant pretende resolver a polémica entre Racionalismo (defensa do poder da razón para o coñecemento sen acudir á experiencia e con base no método deductivo) e Empirismo (proponía un coñecemento baseado unicamente en experiencia e sen garantía de verdade en base ao método inductivo).
- Kant defende o proxecto científico moderno, a noción de ciencia newtoniana que pretende un coñecemento universal dos fenómenos e a súa predicción a través da matematización do real.
- Define **ciencia** en función dos xuízos que emite: Os xuízos sintéticos a priori
- 3 tipos de xuízos:
 - Xuízos analíticos a priori: son xuízos nos que o suxeito inclúe o predicado, analizan e non amplían o coñecemento
 - xuízos sintéticos a posteriori: son xuízos que establecen unha síntese ou relación entre o suxeito e o predicado despois da experiencia (xuízos feitos despois de que a experiencia suceda, só son válidos despois desta e só en casos individuais: os corpos teñen peso)
 - os xuízos sintéticos a priori son xuízos que establecen unha síntese ou relación entre o suxeito e o predicado despois da experiencia (xuízos verdadeiros antes da experiencia que aportan coñecemento válido sobre esta: todos os corpos teñen masa) . Estes son os xuízos propios da ciencia
- Tenta responder á cuestión: Como son posibles os xuízos sintéticos a priori? Iso supón investigar nas condicións transcendentais do entendemento (as condicións que fan posible o coñecemento). Nisto consiste o Idealismo transcendental.
- Afirmar que o coñecemento consiste nunha síntese entre os datos da experiencia e as estruturas que chega a razón humana. Todo coñecemento comeza coa experiencia pero non todo coñecemento depende da experiencia.
- 3 funcións do coñecemento humano: sensibilidade, entendemento e razón.
 - **A sensibilidade** facultade que realiza a síntese entre a impresión (que chegan polos sentidos) e as formas puras a priori que son o Espazo (forma da sensibilidade externa) e o Tempo (forma da sensibilidade interna). A imaxinación permite representarse o fenómeno e producir o fenómeno.
 - A matemática é o estudo das condicións transcendentais da sensibilidade: Espacio e Tempo ás que están sometidas os fenómenos, por iso os seus xuízos son sintéticos a priori (científicos)
 - **O entendemento** facultade que produce a síntese entre fenómeno e Categorías (estructuras transcendentais da razón que estruturan a experiencia) no xuízo. Nos xuízos prodúcese os conceptos empíricos a través da aplicación das categorías (exemplo o xuízo “A mesa é un verde” aplica as categorías de totalidade, existencia, realidade, substancia, dando lugar a un concepto empírico) .
 - A Física analiza os conceptos puros do entendemento como o de causa-efecto e formula os xuízos científicos que se poden aplicar á realidade.
 - **A razón** e a facultade que produce a síntese de xuízos e a través das Regras da razón produce as Ideas puras (mundo, alma e Deus).
 - As Ideas Puras non son obxecto da experiencia, son Noúmenos, pero representan os límites cara ós que tende o coñecemento humano.
- Os límites do coñecemento na teoría de Kant son a **cousa en-si** (a realidade á que a nosa experiencia non pode acceder) e o **noúmeno**, que representa o límite da síntese do coñecemento que a razón non pode acadar.

TEXTOS KANT

TEXTO 1:

1 **Ilustración** é a saída do home da súa minoría de idade, da cal el mesmo é o culpable. Minoría de idade é a
2 incapacidade de servirse do seu entendemento sen a dirección doutro. Un mesmo é o culpable desta minoría de
3 idade cando a causa dela non reside na carencia de entendemento, senón de decisión e valor para servirse del sen
4 a dirección de outro. ¡Sapere aude! ¡Ten o valor de servirte do teu propio entendemento!, velaí a divisa da
5 ilustración. Preguiza e covardía son a causa pola que unha tan grande parte de homes moito despois de que a
6 natureza os ceibara da dirección allea (naturaliter maiorenes), sigan emporiso a ser con gusto toda a vida
7 menores de idade; e é por iso que lles resulta tan doado ós outros erixirse nos seus titores. ¡É tan cómodo ser
8 menor de idade! Se teño un libro que pensa por min, un director espiritual que ten unha conciencia moral para
9 min, un médico que me prescribe unha dieta, etc., daquela non preciso molestarme. Se podo pagar, non teño
10 necesidade de pensar; xa haberá outros que asuman por min tan amoladora tarefa. A inmensa maioría dos homes
11 consideran que o paso cara á **maioría de idade**, ademais de pesado, é perigoso: iso procuran os titores que se
12 encargaron bondadosamente do seu control... Para a persoa individual é daquela difícil dar saída dunha minoría
13 de idade case convertida en natureza... De aí que só uns poucos conseguisen co propio esforzo do seu espírito
14 zafarse da minoría de idade e, con todo, manter o paso firme. Ben máis posible é, pola contra, que o público se
15 ilustre por si mesmo; así será, de certo, case inevitablemente con só que se deixe en liberdade. Pois sempre se
16 atoparán, mesmo entre os establecidos titores da gran masa, algúns que pensen por si mesmos, os cales, logo de
17 desfacerse do xugo da minoría de idade, propagarán no seu redor o espírito dunha estimación racional do propio
valor e da vocación de todo home a pensar por si mesmo. **I.KANT; «Resposta á pregunta: ¿Que é ilustración?»**
(Berliner Monatschrift, decembro, 1784).

CONTEXTO DO AUTOR: **ver esquema**

CONTEXTO DA OBRA: Ensaio publicado por Kant nun periódico berlinés en resposta á cuestión Qué é a Ilustración? Presentada por un clérigo alemán no mesmo periódico (1784). A importancia da resposta de Kant reside na importancia que o fenómeno da Ilustración ten para Kant, no que supón de desvinculación do pensamento relixioso e do principio de autoridade. Características fundamentais do fenómeno ilustrado. Pertence ao período crítico do autor, onde este abandona os intereses científicos e empiristas para iniciar os fundamentos dunha filosofía crítica ou trascendental.

TEMA: Características e problemas da posta en marcha dunha época de Ilustración

TESES:

1. **Ilustración é a saída do home da súa minoría de idade, da cal el mesmo é o culpable**
 - a. **Minoría de idade é a incapacidade de servirse do seu entendemento sen a dirección doutro.**
 - b. **A preguiza e a covardía son as causas do medo á maioría de idade**
 - c. **O menor de idade intelectual apóiase noutros: libros, relixión, conciencia moral imposta, médicos...**
 - d. **Distinción entre maioría de idade natural (naturaliter maiorenes) e a verdadeira maioría de idade intelectual**

Explicación: Nesta tese maniféstase o principal valor defendido por Kant e que salienta como o máis importante dos ideais ilustrados, a autonomía da razón humana, a autonomía do individuo no proceso de pensar. A liberdade non existe sen a liberdade do pensamento, porque sen ideas propias o individuo está condenado a facer aquilo que deciden outros. O ser humano para Kant é fundamentalmente un ser racional, que ten por obriga producir un pensamento autónomo, sen o cal non hai ser humano en sentido estrito; só nese momento acadaría o ser humano a maioría de idade real. Kant achaca a falta de autonomía dos seres humanos á preguiza e a covardía, situando a responsabilidade da falta de liberdade no propio individuo, xa que o fundamental para a liberdade é a liberdade de pensamento e esta está ao alcance daquela persoa que queira buscala.

2. **Sapere aude! ¡Ten o valor de servirte do teu propio entendemento!, velaí a divisa da Ilustración.**
 - a. **A maioría de idade intelectual precisa que as persoas se ilustren por si mesmas**
 - b. **A condición da Ilustración e a liberdade**
 - c. **Os titores da gran masa que pensen por si mesmo propagarán ao seu redor a estima racional do propio valor e a vocación de todo home a pensar por si mesmo**

Explicación: A liberdade exprésase na Ilustración en liberdade de pensamento respecto da tradición e da relixión, pero tamén de liberdade de expresión. Os intelectuais terán a responsabilidade de guiar as masas para acadar a liberdade do pensamento a través da defensa da razón e do individuo. A prensa e as publicacións científicas xogan un papel fundamental neste sentido.

Sobre o papel dos intelectuais na esfera pública Kant abre un debate sobre os límites da liberdade de expresión distinguindo entre o “uso público” da razón que faría un intelectual mentres está realizando labores propias do seu traballo para o Estado (militar, mestre ou cura) e o “uso privado” da razón, que fai cando tenta dar a súa opinión persoal sobre calquera tema. No primeiro caso está obrigado a respectar os principios marcados polo Estado, pero no segundo ten a responsabilidade de seguir a propia razón e buscar a verdade.

ESTRUTURA:

Liñas 1- 13: definición de maioría de idade intelectual e autonomía e razóns que impiden a súa consecución
Liñas 13-18 responsabilidade e papel dos intelectuais na consecución da autonomía e a liberdade

CONCEPTOS A DEFINIR:

Ilustración: movemento cultural e político que comeza a finais do século SXVII (Inglaterra) e continúa ata a primeira metade do século XIX (Alemaña). As súas características son: a defensa da razón e as ciencias, a ilusión no progreso ilimitado da sociedade, a busca de reformas políticas e sociais para beneficio do pobo que levarán á constitución dos Estados liberais.

Maioría de idade: En sentido legal é o momento no que os individuos acadan plena responsabilidade legal nunha sociedade e se considera que son independentes da tutela paterna. Kant refírese máis ben ao momento no que as persoas acadan a independencia intelectual, un pensamento propio e unha autonomía moral (momento que non ten que coincidir coa madurez biolóxico ou legal)

Sapere aude: Expresión latina que se converteu no lema da Ilustración en Alemaña porque insiste no ideal ilustrado do acceso individual ao coñecemento (independente da relixión e da tradición) e reivindica a autonomía da vontade e do pensamento.

INFLUENCIAS E OPINIÓN PERSOAL ver esquema

TEXTO 2:

1 Así pois, asemade enfatiados do dogmatismo que nada nos ensina e mais do escepticismo que nada nos promete, nin
2 tan sequera o retiro nunha lícita ignorancia; requiridos pola importancia do necesario coñecemento, e desconfiados, pola
3 nosa longa experiencia, verbo de todos aqueles coñecementos que coidamos posuír, ou daqueles que se nos ofrecen
4 baixo o título da razón pura, o único que nos queda é unha pregunta crítica, consonte a cuxa resposta podemos no futuro
5 dispoñer o noso proceder: ¿É posible, en xeral, a metafísica? Esta pregunta, non obstante, non ha de ser respondida con
6 obxeccións escépticas fronte a unha metafísica existente (pois agora non damos por boa a ningunha), senón a partir do
7 concepto puramente problemático dunha tal ciencia. “Crítica da razón“ designa aquí o verdadeiro camiño intermedio
8 entre o dogmatismo, que Hume combateu, e o escepticismo que el, pola contra, quixo introducir: un camiño intermedio
9 que non recomenda, tal como fan outros camiños intermedios, determinarse un mesmo de xeito, digamos, mecánico
10 (algo dun e algo doutro), que a ninguén abren os ollos, senón un camiño tal que se poida determinar exactamente
11 segundo principios. **I. KANT; Prolegómenos a toda metafísica futura que poida presentarse como ciencia. [1]**
«Cuestión xeral dos Prolegómenos: ¿É posible, en xeral, a metafísica?» §4, 274; [2] «Conclusión: Da determinación
dos límites da razón pura» §58, 360.

CONTEXTO AUTOR ver esquema

CONTEXTO OBRA: Obra de Kant de 1783, na que o autor pretende resumir e describir de forma simplificada e comprensible os contidos da súa obra principal, *Crítica da Razón Pura* (1781),

TEMA: Proposta da investigación da posibilidade da Metafísica como ciencia

TESES:

1. Proposta dunha pregunta crítica sobre a posibilidade da metafísica como ciencia:

- a. **Rexeitamento do dogmatismo que nada ensina e o escepticismo non promete coñecemento nin ignorancia**
- b. **Necesidade do coñecemento pero desconfianza do coñecemento anterior**
- c. **Non se parte de ningunha metafísica existente.**

Explicación: Kant afirma que se necesita respostar a unha pregunta crítica sobre a posibilidade da Metafísica porque é necesario sinalar cales son os límites da razón, ata onde pode chegar e a través de que medios é lexítimo investigar na realidade e na natureza. A necesidade de marcar eses límites ven dada polas controversias que historicamente se deron acerca de como funciona a razón e de como obter o coñecemento da natureza.

Por unha parte, Kant rexeita o dogmatismo que propón a teoría racionalista que pretende que a razón é autosuficiente e non precisa da experiencia para interpretar a estrutura e o sentido da totalidade do real.

Por outra parte, Kant critica o escepticismo xerado pola corrente empirista que reduce o coñecemento ao que ven dado polos sentidos e converte o coñecemento en produto da indución e por iso, nalgo provisional e non definitivo.

Por último, Kant precisa que non parte de ningún conxunto de coñecementos previos, senón que se propón fixar os límites nos que debe traballar a razón e só despois será posible construír unha proposta para a metafísica.

Toda a teoría desenvólta por Kant enmárcase en tres preguntas críticas: Que podo saber? Que debo facer? Que me cabe agardar? Que tentan poñer os límites ao uso da razón e establecer os principios que debemos aplicar en calquera ámbito de coñecemento: teórico, práctico ou moral e teórico-práctico

2. **Crítica da razón designa un camiño intermedio entre o dogmatismo que Hume combateu e o escepticismo que quixo introducir**
 - a. Non se propón un camiño mecánico que colla algo dun ou doutro
 - b. Propón buscar determinar ese camiño intermedio segundo principios.

Explicación: A proposta de Kant é resolver a controversia racionalismo-empirismo, eliminando o dogmatismo do racionalismo e o escepticismo do empirismo. Kant afirma que a obra de Hume o “esperta do seu soño dogmático” aludindo aos seus comezos racionalistas. Pero Kant non parte sen máis dunha mestura de ambas teorías, senón que se propón revisar as estruturas da razón e os procesos de coñecemento para atopar os “principios” que permitan clarificar o funcionamento da razón e os seus límites. Só así emprenderá a Filosofía un camiño seguro que xa comezou a ciencia.

CONCEPTOS A DEFINIR

Razón pura: capacidade humana que permite o coñecemento antes de mesturarse coa experiencia. Chámase así ás estruturas da mente humana que desenvolven o pensamento por si mesmas e que poden ser aplicadas á experiencia.

Dogmatismo: doutrina filosófica, oposta ao escepticismo, que afirma que a mente humana ten capacidade para coñecer a verdade e que o resultado dun proceso de coñecemento adecuado é verdadeiro, universal e permanente.

Escepticismo: doutrina filosófica que considera que no hai ningún saber firme, nin podemos atopar ningunha opinión segura e por iso desconfía de calquera produto do coñecemento e asumeos só provisionalmente.

Crítica da razón: Cuestionar a razón como facultade de coñecer e tomar conciencia das súas limitacións e forma de funcionamento.

Principios: Leis ou regras que deben seguirse co fin de lograr un propósito. Tamén as características esenciais dun sistema, que os seus usuarios asumen, e sen os que non é posible comprender ou usar ese sistema.

ESTRUTURA: expositiva

Liñas 1-7: pregunta crítica sobre a posibilidade da Metafísica e causa da pregunta na controversia empirismo-racionalismo

Liñas 7-11: Proposta dun camiño intermedio que atope os principios xerais do coñecemento.

INFLUENCIAS e OPINIÓN PERSOAL **ver esquema**

TEXTO 3:

1 De que o noso **coñecemento** comeza coa **experiencia**, diso non hai dúbida; pois, ¿por que outro medio ía
2 espertar a facultade de coñecer para o seu exercicio como non fose polos obxectos que tocan os nosos sentidos,
3 que por unha banda provocan por si mesmos **representacións** e, por outra, poñen en movemento a nosa
4 actividade intelectual para comparalas, ligalas ou separalas, transformando deste xeito a materia bruta das
5 **impresións sensibles** en coñecemento dos **obxectos** que chamamos **experiencia**? Non hai, pois, na orde do
6 tempo ningún coñecemento que preceda en nós á experiencia e con ela comeza todo coñecemento. Mais, aínda
7 cando todo o noso coñecemento empece coa experiencia, non por iso todo el procede exactamente da
8 experiencia. Pois ben podería ser que mesmo o noso **coñecemento empírico** fose un composto do que recibimos
9 a través das impresións e do que a nosa propia **facultade cognoscitiva** (apenas estimulada polas impresións
10 sensibles) produce por si mesma, engadido este que nós non poderemos distinguir daquela materia prima antes de
11 que un longo exercicio chame a nosa atención sobre iso e nos faga hábiles para levar a cabo a súa separación. Hai
12 pois, cando menos, unha cuestión necesitada dunha máis minuciosa investigación e que non se pode despachar
13 cunha primeira ollada: a de se hai semellante coñecemento, independente da experiencia e ata de todas as
14 impresións dos sentidos. Tal coñecemento denomínase **a priori** e distínguese dos empíricos, os cales teñen as
15 súas fontes **a posteriori**, é dicir, na experiencia. **I. KANT, *Crítica da razón pura* (1787). Introducción. I-Da distinción de coñecemento puro e empírico.**

CONTEXTO AUTOR (ver)

CONTEXTO OBRA: Obra principal de Kant, pertence á etapa crítica da súa obra, na que intenta unha síntese entre o racionalismo e o empirismo. Nela investiga nas condicións do coñecemento humano e tenta superar a crítica ao principio de causalidade e ao coñecemento científico que propuxera Hume. Na *Crítica da Razón Pura* Kant propón as liñas principais do seu pensamento filosófico. A obra foi prohibida pola Igrexa Católica baixo ameaza de excomuñón.

TEMA: As fontes do coñecemento: experiencia e coñecemento a priori.

TESES:

1. **Non hai na orde do tempo ningún coñecemento que preceda á experiencia. O noso coñecemento comeza coa experiencia**
 - **Os obxectos que tocan os sentidos provocan por si mesmos representacións e poñen en movemento a nosa actividade intelectual**
 - **A actividade intelectual transforma as impresións sensibles en coñecemento dos obxectos que chamamos experiencia.**

Explicación: Kant comeza o texto cunha afirmación empirísta. O noso coñecemento comeza cando os nosos sentidos son afectados polos obxectos provocando representacións ou imaxes na nosa mente. Esas imaxes provocan entón a actividade da nosa mente e comeza o proceso para poder entendelas. A experiencia, o que vemos será o resultado dese proceso.

2. **Aínda que todo o coñecemento comece coa experiencia non todo coñecemento procede da experiencia**
 - **Pode ser que o noso coñecemento empírico sexa un composto do que recibimos a través das impresións e do que a nosa facultade cognoscitiva produce por si mesma.**

Explicación: Inmediatamente Kant avisa tamén dos límites da teoría empirísta. Aínda que os contidos mentais proveñen dos sentidos, a nosa mente ten tamén unha actividade propia e ten un comportamento espontáneo que se activa cando recibimos información sensorial. As estruturas que se poñen en funcionamento para entender as impresións sensibles pertencen á mente e non teñen a súa orixe na experiencia, son trascendentais, pero a súa función é aplicarse á experiencia. A mente produce, segundo Kantm certos conceptos como os de substancia, causa, que nos permiten comprender a realidade e as nosas impresións sensibles. Con esta afirmación da actividade da mente, independente da experiencia, Kant achégase ás teorías racionalistas.

3. **Precisase unha investigación sobre a posibilidade de existencia do coñecemento independente da experiencia e das impresións dos sentidos.**
 - O coñecemento independente dos sentidos denomínase a priori
 - O coñecemento empírico ten a súa fonte na experiencia son a posteriori.

Explicación: Nesta parte Kant propón o obxectivo da súa obra, investigar sobre a posibilidade dun coñecemento independente dos sentidos, un coñecemento que proveña da Razón Pura. Kant denomina a ese coñecemento A priori (independente dos sentidos) e opono ao coñecemento que ten a súa base nos sentidos ou coñecemento “a posteriori”. A obra de Kant tentará formular as regras polas cales a Razón Pura produce conceptos a priori (anteriores á experiencia) e de que forma os debemos aplicar á experiencia e cales son os límites da súa aplicación. Por iso a teoría de Kant se denomina “Idealismo trascendental”, porque tenta explicar a estrutura trascendental da mente, as regras fundamentais do coñecemento humano, sen as que non seríamos capaces de entender o que captamos polos sentidos.

CONCEPTOS A DEFINIR

Impresión sensible: produto dos sentidos que se ven afectados pola realidade. Sinónimo de sensación

Experiencia: sinónimo de coñecemento empírico

Coñecemento empírico: síntese entre o dado polos sentidos e as formas a priori da mente que produce o obxecto.

A priori: Todo o que é independente da experiencia e anterior a ela. Todo o que provén do suxeito que coñece e que da forma ao coñecemento.

A posteriori: todo o que provén da experiencia e procede dela. É a materia do coñecemento.

Representación: fenómenos empíricos que se producen na mente despois de ser afectados por un obxecto (imaxes ou representacións conceptuais)

ESTRUTURA:

Liñas 1-6: tese empirista: todo coñecemento comeza coa experiencia e explicación do proceso

Liñas 6-11: tese racionalista: non todo o coñecemento procede da experiencia. Necesidade da investigación

Liñas 11-14: Definición e diferenza entre coñecemento a priori e a posteriori.

INFLUENCIAS (VER) e OPINIÓN PERSOAL

TEXTO 4:

1 Se chamamos **sensibilidade** á receptividade do noso ánimo (psique), para captar representacións en canto sexa
2 dalgún xeito afectado, en contrapartida, a facultade de producir por nós mesmos **representacións**, a
3 espontaneidade do coñecemento, será **entendemento**. Á nosa natureza pertence que a **intuición** nunca poida
4 ser máis ca sensible, é dicir, contén unicamente o modo cómo somos afectados polos obxectos. Pola contra, a
5 facultade de pensar o obxecto da intuición sensible é o entendemento. Ningunha destas propiedades prevalece
6 sobre a outra. Sen sensibilidade ningún **obxecto** nos sería dado, e sen entendemento ningún podería ser
7 pensado. **Pensamentos** sen contido son baldeiros, intuicións sen **conceptos** son cegas. Por iso tan necesario é
8 facer os seus conceptos sensibles (é dicir, agregarlle o seu obxecto na intuición) como facer comprensibles as
9 súas intuicións (é dicir, sometelas a conceptos). Ambas as dúas facultades ou capacidades non poden tampouco
10 permutar as súas funcións. O entendemento non pode intuír nada e os sentidos non poden pensar nada.
11 Unicamente na súa reunión pode orixinarse o coñecemento. Non por iso, non obstante, podemos mesturar a súa
12 participación, senón que hai serios motivos para separaralos coidadosamente e distinguilos entre si. Por iso
13 distinguimos a ciencia das regras da sensibilidade en xeral, é dicir, a **estética**, da ciencia das regras do
14 entendemento en xeral, é dicir, a **lóxica**. I. KANT; *Crítica da Razón Pura*, (A51/B75-A52/B76) I. Doutrina
trascendental dos elementos, 2ª parte: A lóxica trascendental.

CONTEXTO AUTOR *ver esquema*

CONTEXTO OBRA: Obra principal de Kant, pertence á etapa crítica da súa obra, na que intenta unha síntese entre o racionalismo e o empirismo. Nela investiga nas condicións do coñecemento humano e tenta superar a crítica ao principio de causalidade e ao coñecemento científico que propuxera Hume. Na *Crítica da Razón Pura* Kant propón as liñas principais do seu pensamento filosófico. A obra foi prohibida pola Igrexa Católica baixo ameaza de excomuñón.

TEMA: A síntese entre sensibilidade e entendemento como fonte do coñecemento.

TESES:

1. A sensibilidade é a capacidade da mente para recibir representacións e o entendemento a capacidade de producir representacións

- **A intuición só pode ser sensible, é a forma en que somos afectados polos obxectos**
- **A capacidade de pensar o obxecto da intuición é o entendemento.**

Explicación: Kant inicia o estudo das estruturas mentais distinguindo entre sensibilidade (def) e entendemento (def). As dúas capacidades mentais producen xuntas o coñecemento e só as separamos para o estudo da súa estrutura. A sensibilidade recibe, é unha actividade pasiva da mente, mentres que o entendemento produce, é unha actividade activa. A representación que xera a sensibilidade é inmediata, sen que exista un proceso deliberado; é pois un proceso intuitivo, isto é, inmediato. O entendemento implica un proceso de deliberación que estrutura o produto da intuición baixo formas mentais que chamamos conceptos. Percibo intuitivamente o mundo pero pensar o contido da nosa sensibilidade require un proceso consciente. A sensibilidade produce o fenómeno sobre o que recaerá a acción do entendemento para producir un xuízo sobre o que se resumirá na súa inclusión nun concepto.

2. Tanto a sensibilidade como o entendemento son necesarios para producir coñecemento: sen sensibilidade ningún obxecto nos sería dado e sen entendemento ningún podería ser pensado

- **Pensamentos sen contido son baleiros, intuicións sen conceptos son cegas**
- **O entendemento non pode intuír nada e os sentidos non poden pensar nada**
- **Só na reunión dos dous pode orixinarse o coñecemento.**

Explicación: Kant entende o coñecemento como unha síntese, entre as estruturas da mente e os datos que a nosa sensibilidade recibe do mundo. Neste sentido mantén a tese racionalista da importancia da mente para o coñecemento ao mesmo tempo que fai fincapé na necesidade de ter datos da experiencia sobre os que poidan traballar as estruturas mentais. O dado é tan importante como o pensamento na produción do coñecemento. A nosa mente produce actividade ao establecer síntese entre os datos dos sentidos (a posteriori) e as formas a priori da nosa sensibilidade e o noso entendemento. Desta forma podemos ter experiencia e producir xuízos (pensamentos) sobre ela.

3. Para estudar o entendemento e a sensibilidade debemos separalos coidadosamente

- **A estética é a ciencia das regras da sensibilidade en xeral**
- **A lóxica é a ciencia das regras do entendemento en xeral**

Explicación: Kant divide a *Crítica da Razón Pura* en tres partes, tantas como capacidades ten a mente. Na primeira investiga na sensibilidade, na segunda no entendemento e na terceira na capacidade de razoamento. A investigación sobre a forma en que traballa a sensibilidade é a estética, que se ocupa de como captamos ou recibimos os datos a través dos sentidos, esta ciencia proporciona as regras ou normas polas cales se xera na nosa mente unha representación, que son basicamente o espazo e o tempo. A investigación sobre a forma en que traballa o entendemento é a lóxica, que se ocupa de explicar como construímos xuízos, creamos conceptos e os aplicamos aos fenómenos que recibimos pola sensibilidade. Estas regras proporcionan as bases

de calquera actividade da mente e coñecelas é coñecer o funcionamento das estruturas trascendentais (def) do coñecemento, aquelas que marcan as regras polas cales un obxecto pode ser coñecido.

CONCEPTOS A DEFINIR

Sensibilidade: capacidade de captar datos a través dos sentidos e xerar con eles unha representación. Funciona intuitivamente

Entendemento: capacidade de dar estrutura á representación sensible, aplicando conceptos e xerando xuízos. Ten relación coa linguaxe.

Representación: imaxe ou idea que se produce na mente imitando á realidade

Obxecto: Calquera cousa á que se refire o coñecemento. A cousa sobre a que recae a actividade cognoscitiva: o fenómenos que compoñen a experiencia

Concepto: representación universal que contén as notas comúns a diferentes obxectos individuais.

Intuición: actividade cognoscitiva inmediata, que non ten un proceso. Garda relación coa actividade sensorial

Estética: ciencia que se ocupa das condicións e regras da sensibilidade e a percepción.

Lóxica: ciencia que se ocupa das condicións e regras para establecer xuízos.

ESTRUTURA: Expositiva

Liñas 1-3: dúas capacidades da mente humana: sensibilidade e entendemento.

Liñas 3-10: síntese entre pensamento e sensibilidade. Necesidade do entendemento e a sensibilidade

Liñas 10- 13: Necesidade do estudo por separado de sensibilidade e entendemento. Ciencias para cada unha das facultades

INFLUENCIAS e OPINIÓN PERSOAL **ver esquema**

CUESTIÓN TEÓRICA 7 (OPCIÓN A): O FORMALISMO MORAL EN KANT

Para Kant como, para todos os ilustrados a dignidade humana é o concepto fundamental, a base da moralidade e a lei.

- Defende ao ser humano como un fin en si mesmo en base á súa condición de ser libre e racional.
- A Ilustración debe abarcar a toda a humanidade, pois toda a Humanidade está dotada de capacidade racional. As regras morais deben ser logo universais. Defende unha idea cosmopolita de cidadán e de moralidade
- É antilimitarista, porque busca un progreso que nos conduza a una “paz perpetua”. O exército debe ser considerado só como salvagarda da liberdade do ser humano.
- Kant defende a conciliación entre liberdade individual e Estado: a razón pública exercida polos intelectuais debe usarse para producir o progreso político, económico e social e a razón privada implica a necesidade de respectar a lei como valor fundamental. A función dos intelectuais é moi importante neste contexto porque é a voz que pode poñer freo aos abusos do poder.

A base da dignidade humana está na súa liberdade de decisión e acción: na moral.

- Kant distingue 2 tipos de ética: formal e material.
 - As **éticas materiais** son aquelas que basean a decisión moral nas consecuencias da acción, no que se pretende conseguir con elas: a felicidade (Eudemonismo de Aristóteles) o pracer (hedonismo de Epicuro). Unha acción é boa cando consegue un fin bo.
 - As **éticas formais** son aquelas que basean a decisión moral na forma en que tomamos a decisión e non nas consecuencias da acción (impredicibles)
- Características da ética formal en Kant: é autónoma (non basea a acción en nada que non dependa da propia vontade), universal (válida para calquera persoa en calquera situación porque é independente das circunstancias), deontolóxica (baséase nunha concepción do deber que é o criterio da acción moral), e a priori (define o que debe facerse, antes de que acción suceda).
- A lei moral exprésase a través dos **imperativos** (xuízos que prescriben como se debe actuar) . Os imperativos poden ser de 2 tipos: **hipotéticos** (mandan en función de un fin: “estuda se queres aprobar”) ou **categoricos**: “é o teu deber estudar” .
- O **imperativo categórico** é o propio das **éticas formais**. Baséase na noción de deber ou respecto á lei. O deber legal é o respecto ás leis do Estado. O deber moral é o respecto á lei que a razón se dá a si mesmo. A Vontade debe respectar esa lei.
- Kant distingue entre **accións realizadas por deber** (propia mente morais) e acción de acordo co deber. A diferenza está en que nas segundas non distinguimos entre o que queremos facer e o que debemos facer e por iso non definen a acción moral. Só se pode dicir que actuamos moralmente cando o “noso deber” vai contra o “o noso querer”. Unha vontade que actúa por deber é unha **Boa Vontade**, o seu fundamento é a liberdade.
- Só hai unha lei moral, un único IMPERATIVO CATEGÓRICO que expresa o deber de buscar unha norma universal para as nosas decisións. Kant dá 3 posbles formulacións:
 - 1º formulación do Imperativo categórico: “Obra de tal forma que poidas querer que a máxima da túa acción se convirta en lei universal”. Segundo isto o básico que saber como debemos actuar é garantir que a nosa forma de acción é válida para todo o mundo, mesmo cando vaia contra os meus intereses privados.
 - Na 2ª formulación Kant afirma que o Imperativo Categórico se cumpre sempre que tratemos a todas as persoas como “fin” e non como medios para a nosa acción: obra como se usases a humanidade, tanto en tí como en calquera outro sempre como un fin e nunca como un medio”
 - 3ª formaulación do Imperativo categórico Kant amplía esta universalización a toda a natureza da que o ser humano forma parte: “obra como se a máxima da túa acción tivera que converterse en lei universal da natureza”
- Kant pensa que a realización da moralidade dáse nun “reino dos fins” no que todos os seres humanos actúen de acordo a unha boa vontade e sexan lexisladores morais ao mesmo tempo que se somenten a as leis morais..
- A ética kantiana é autónoma e independente da relixión, pero esta pode ter un papel na nosa vida moral sempre aque a manteñamos dentro dos límites da razón. Crer en Deus ou na inmortalidade pode axudar pero non deben condicionar as decisións morais. Son meros postulados da razón práctica.

TEXTO 5:

1 Non hai en ningures no mundo, nin sequera fóra del, nada pensable que poida ser considerado sen restrición
2 bo, agás unha boa vontade. (...) A boa vontade non o é pola súa acción ou os seus efectos, nin pola súa
3 idoneidade para acadar tal ou cal fin proposto, senón unicamente polo querer, é dicir, é boa en si, e,
4 considerada por si mesma, é en comparación moito máis digna de estima ca todo o que por ela puidese lograrse
5 para satisfacer tal ou cal inclinación ou, se se quere, a suma de todas as inclinacións. (...) Para desenvolver,
6 porén, un concepto dunha boa vontade digna en si mesma da máis alta estimación e desprovista de calquera
7 propósito ulterior, tal como xa está no san entendemento natural, que non precisa tanto de ser ensinado, senón
8 máis ben só ilustrado... imos tomar en consideración [poñer diante nosa] o concepto de deber... Deber é a
9 necesidade dunha acción por respecto á lei... O valor moral da acción non reside, por tanto, no efecto que dela
10 se espera e tampouco en ningún principio da acción que precise tomar prestada a súa motivación daquel efecto
11 esperado. Pois todos eses efectos (a comodidade da propia situación, ou mesmo o fomento da felicidade allea)
12 podían ser logrados por outras causas e non se precisaba para iso da vontade dun ser racional, unicamente na
13 cal, non obstante, se pode atopar o ben supremo e incondicionado. Por iso ningunha outra cousa máis que a
14 representación da lei en si mesma –que, de certo, só pode realizarse no ser racional– en canto é ela, e non o
15 efecto que agardamos, a determinación última da vontade, pode constituír o ben excelente que chamamos ‘ben
16 moral’, o cal está xa presente na persoa mesma que actúa conforme á lei, pero que non se pode esperar do
17 efecto [desa acción]. Mais, ¿que clase de lei pode ser esa cuxa representación, mesmo sen tomar en
18 consideración o efecto que dela agardamos, ten que determinar a vontade, a fin de que esta poida chamarse boa
19 absolutamente e sen reservas? Tendo eu desposuído á vontade de todos os estímulo que poderían provir da
20 observancia dunha lei calquera, nada máis resta que a conformidade a unha lei universal das accións en xeral, a
21 cal unicamente ha de servir á vontade como principio; é dicir, eu debo conducirme sempre unicamente de xeito
22 que eu poida tamén querer que a miña máxima se torne en lei universal. Aquí é, pois, a mera legalidade en xeral
23 (sen poñer como fundamento ningunha lei determinada das que rexen certas accións en concreto) a que serve
24 de principio á vontade e tamén o que lle ten que servir para que o deber non sexa en todo caso máis ca unha va
25 ilusión e un concepto quimérico. E con isto está en perfecta concordancia a común razón dos homes nos seus
26 xuízos prácticos, tendo sempre diante dos ollos o mencionado principio. **I. KANT; *Fundamentación da metafísica dos costumes*, 1ª Sec.: Tránsito do coñecemento racional moral ordinario ó filosófico; pp. 393-401.**

CONTEXTO AUTOR *ver esquema*

CONTEXTO OBRA: O primeiro dos traballos sobre ética de Kant. Nel Kant pretende desenvolver todo o edificio da moralidade. A obra pretende eliminar do estudo da moralidade calquera principio empírico e establecer os principios dunha razón pura práctica.

TEMA: A boa vontade e o deber como principios da moralidade.

TESES:

1. O único que pode chamarse bo é unha boa vontade

- **A vontade non se chama boa polos seus efectos senón polo querer.**
- **Unha boa vontade é boa en si mesma e digna de estima máis aló de calquera cousa que se poida conseguir con ela.**

Explicación: Kant afirma que a moralidade reside na acción voluntaria, calquera acción determinada por causas inexorables externas ou internas ao individuo (leis biolóxicas ou naturais e mesmo a imposibilidade de elección). Por iso o principio fundamental da moralidade é a elección ou liberdade moral. A capacidade humana de obrar libremente reside na vontade. Unha vontade boa será unha vontade moral, unha vontade que elixe o ben por si mesma. Por iso dí Kant que é digna de estima, porque a liberdade representa a esencia do ser humano. Nesa vontade libre reside o que dá dignidade ao ser humano. A elección libre só é libre en canto non se suxeita a nada, nin sequera a obxectivo ningún. A verdadeira liberdade reside no querer do individuo.

2. O deber é a necesidade dunha acción por respecto á lei

- **valor moral da acción non reside nas súas consecuencias porque estas consecuencias poderían darse sen unha vontade racional.**
- **A vontade dun ser racional é o único lugar onde se pode atopar o ben supremo e incondicionado**
- **O ‘ben moral’ está xa presente na persoa mesma que actúa conforme á lei**

Explicación: Kant define “deber” como respecto á lei. Unha vontade que actúa por deber realiza á acción porque a lei o prescribe, non polo rendemento que poida darlle a acción, e aí reside o ben moral. Pero esa actuación debe ser “por deber” e non meramente porque coincida o que a lei prescribe co que o individuo desexa, nese caso non hai valor moral porque a acción non se realiza por deber senón meramente de acordo ao deber. A vontade libre exprésase só cando esa vontade se axusta á lei mesmo contra os seus intereses e obxectivos. Nese momento realiza o ben moral. As accións conforme ao deber pero que se axustan aos intereses particulares non son malas, pero non poden catalogarse de accións morais. Así a acción só pode catalogarse como boa moralmente cando se realiza respondendo ao deber e non ás consecuencias da acción. Kant opónse así ás éticas materiais, que poñían nos bos fins como o criterio para catalogar unha acción ou individuo como bo ou malo. A ética de Kant, polo contrario caracteriza as accións boas pola forma en que deciden actuar e non polo fin que perseguen.

3. **A lei que debe rexer a vontade é unha lei universal das accións en xeral, a cal unicamente ha de servir á vontade como principio**

- **Debo conducirme sempre de xeito que poida tamén querer que a miña máxima se torne en lei universal.**

Explicación: No deber de tipo legal, a acción está prescrita pola lei. Dicimos que actuamos por deber cando acatamos a lei aínda que non nos guste ou vaia contra os nosos intereses. No marco legal esa lei é a lei positiva que vén imposta pola sociedade e o sistema legal. Na moralidade a lei moral é produto da razón humana na súa faceta práctica (é dicir da razón dedicada a producir accións), por iso non é unha lei externa senón que o individuo dáse a lei a si mesmo. Mais, aínda que cada individuo produza para si mesmo a lei, esa lei é produto da razón humana e ten como esixencia a universalidade, por iso a lei moral é universal e só é un principio abstracto que teremos que aplicar a cada acción mediante unha máxima (o norma axeitada ao caso) que cumpra as condicións impostas pola lei moral. A lei moral exprésase segundo Kant en forma de imperativo (porque ordena unha forma de realizar as accións) e de forma categórica, sen que exista unha relación con ningún fin, de forma que obriga sempre da mesma forma. No texto vemos a primeira formulación do Imperativo Categórico de Kant.

CONCEPTOS A DEFINIR

Boa vontade: capacidade de conducirse con arreglo a principios universais e a razón e non pola busca de fins

Deber: obediencia á lei moral que o individuo reconece como universal (nun sentido legal ás leis positivas)

Lei Universal: Norma moral que debe aplicarse a todos os seres humanos e cuxa vulneración levaría a unha contradición.

Principio: Lei ou regra que debe seguirse co fin de lograr un propósito

ESTRUTURA:

Liñas 1-5: importancia da vontade na acción moral e concepto de boa vontade como central na moralidade

Liñas 5-16: o concepto de deber como determinante da acción moral e a independencia dos fins

Liñas: 16-25: Expresión do deber na Lei moral e Formulación do imperativo categórico.

INFLUENCIAS e OPINIÓN PERSOAL ver esquema

TEXTO 6:

1 Pois ben, todos os imperativos ordenan ou hipotética ou categoricamente. Aqueles [os hipotéticos] representan
2 a necesidade práctica dunha posible acción como medio para acadar outra cousa que se queira (ou que
3 posiblemente se queira). O imperativo categórico sería aquel que representa unha acción como obxectivamente
4 necesaria por si mesma, sen relación con ningún outro fin (...) un imperativo que, sen poñer como condición
5 ningún outro propósito acadable por medio dun determinado comportamento, ordena ese comportamento de
6 inmediato... Non concirne á materia da acción e ó que dela poida resultar, senón á forma e ó principio do que
7 ela mesma se deriva, e o esencialmente-bo de tal acción reside na disposición de ánimo, calquera que sexa o
8 resultado da acción. Este imperativo pode chamarse o imperativo da moralidade. **I.KANT; *Fundamentación da metafísica dos costumes*, 2ª Sec.: Tránsito da filosofía moral popular á metafísica dos costumes; pp. 414, 416.**

CONTEXTO AUTOR ver esquema

CONTEXTO OBRA: O primeiro dos traballos sobre ética de Kant. Nel Kant pretende desenvolver todo o edificio da moralidade. A obra pretende eliminar do estudo da moralidade calquera principio empírico e establecer os principios dunha razón pura práctica.

TEMA: Os imperativos morais e os seus tipos

TESES:

1. O imperativo é un mandato que pode ser hipotético ou categórico

Explicación: O imperativo é o tempo verbal das ordes. As ordes morais adquiren pois a forma de imperativo. Os imperativos poden ser hipotéticos, nos que a orde é condicionada a que se dea o efecto ou as circunstancias (exemplo: estuda se queres aprobar). Tamén poden ser categóricos, que non están condicionados a nada, a orde debe cumprirse en calquera circunstancia (exemplo: estuda)

2. Os imperativos hipotéticos mandan a acción como forma de acadar outra cousa

Explicación: Este tipo de imperativos non son universais nin constantes, a acción só se produce cando o efecto é necesario (exemplo na orde “estuda se queres aprobar”, estudar non sería considerado unha boa acción se non queremos aprobar). Como os fins son diferentes para cada individuo, pois todos temos obxectivos diferentes e nocións da felicidade diferente, ningunha lei moral pode ser universal. Así que as accións son catalogadas de boas ou malas en función da utilidade ou non dos fins que perseguen, tanto individual, como colectivamente. Este tipo de ordes morais que ligan as accións aos fins son propias das éticas materiais como o utilitarismo, o hedonismo...

3. O imperativo categórico é aquel que manda unha acción como necesaria por si mesma sen relación con outro fin.

- **Ordena inmdiatamente**
- **Non ten que ver coa materia da acción ou os seus resultados**
- **Ten que ver coa forma ou o principio do que se deriva a acción**
- **É o imperativo da moralidade.**

Explicación: Nun imperativo categórico a acción debe realizarse sempre, non depende de ningún efecto que poida ser un obxectivo ou non, nin sequera de se o resultado é bo ou malo (por exemplo, a orde moral de protexer a vida non admite condicións e, aínda que as consecuencias de salvar a vida a alguén poidan supoñer a morte doutros, a orde é categórica, tería que salvar a vida, dun Hitler por exemplo, baixo calquera circunstancia). Só existe un imperativo categórico, aínda que pode formularse de varias formas, o principio que rexe calquera das súas formulacións é o principio da universalización, a acción que elixamos debe someterse á proba da universalización, teño que poder querer que se convirta en “lei universal” e que afecte a todos, e a min mesmo, nas mesmas circunstancias (tería que querer que me mataran se fora Hitler, por exemplo). Este principio refírese a todos os seres humanos que son suxeitos morais grazias á súa racionalidade e por iso non poder nunca tomarse como un medio para ningunha outra cousa. Unha ética que se rexe polo Imperativo categórico é unha ética formal porque define a acción moral pola forma que ten de respectar a universalidade da norma.

CONCEPTOS A DEFINIR

Imperativo hipotético: mandato da razón que ordena unha conduta como medio de obter unha finalidade determinada

Imperativo categórico: mandato da razón que ordena unha acción por si mesma, sen referila á obtención dun fin determinado

ESTRUTURA: expositiva

Liñas 1: tipos de Imperativos.

Liña 2-3: definición de Imperativo hipotetico

Liña 3-8: definición de Imperativo categórico

INFLUENCIAS e OPINIÓN PERSOAL ver esquema

TEXTO 7:

1 A autonomía da vontade é o único principio de todas as leis morais e de todos os deberes conformes a elas:
2 toda heteronomía do libre arbitrio, pola contra, non só non funda ningunha obrigatoriedade, senón que é máis
3 ben contraria ó principio da mesma e da moralidade da vontade. É que o principio único da moralidade consiste
4 na independencia da lei verbo de toda materia (a saber, dun obxecto desexado) e, ó tempo, na determinación do
5 libre arbitrio pola mera forma lexisladora universal de que unha máxima ten que ser capaz. Aquela
6 independencia é a liberdade en sentido negativo, mais esta lexislación propia da razón pura e, en canto tal,
7 práctica, é a liberdade en sentido positivo. Por conseguinte, a lei moral non expresa nada máis que a autonomía
8 da razón pura práctica, é dicir, a liberdade, e esta é mesmo a condición formal de todas as máximas, as cales
9 unicamente baixo de tal condición poden coincidir coa lei práctica suprema. **I. KANT; *Crítica da razón
práctica* (1788);** Parte 1ª: Doutrina elemental da razón práctica. L.I: Analítica da razón práctica pura; Cap-I:
Dos principios da razón práctica pura. §8 Teorema IV.

CONTEXTO AUTOR *ver esquema*

CONTEXTO OBRA: a segunda das tres obras chamadas «críticas» de Immanuel Kant, publicada en 1788. Trata sobre a súa filosofía da moral

TEMA: Autonomía e liberdade como características da boa vontade.

TESES:

1. A autonomía da vontade é o único principio das leis morais e dos deberes que propoñen.

- **A heteronomía do libre albedrío é o contrario da moralidade da vontade.**

Explicación: A moral kantiana fúndase no concepto de ser humano propio da Ilustración, para a cal a liberdade e a razón son as máximas expresións da humanidade. Kant fundamenta a moral na autonomía da vontade, posto que só a liberdade à hora de elixir pode fundamentar a moralidade da acción. Unha acción determinada non será obxecto de xuízo moral. A heteronomía moral pon o fundamento da acción fora do individuo e da razón, ao propoñer que a acción debe conseguir un fin. Ese fin non depende do individuo e nin sequera é segura a súa consecución, o que fai que as accións humanas só poidan ser xulgadas a posteriori. Por iso as morais que propoñen que as acción se rexan por fins son morais heterónomas e non poden ser universais.

2. O principio da moralidade consiste na independencia de calquera obxecto do desexo e a determinación do libre albedrío pola forma lexisladora universal

- **A independencia da lei de toda materia é a liberdade negativa**
- **A lei moral é a liberdade en sentido positivo**

Explicación: a autonomía da vontade defínese como independencia da razón, independencia dos desexos e dos fins que pretende conseguir. Un ser humano que determina a súa acción a un fin non se determina a si mesmo, senón que se deixa determinar por algo externo a el. Kant entende que a liberdade absoluta é a ausencia de ningunha restrición à hora de elixir (liberdade negativa). Pero o sentido da moralidade é que o ser humano se determina a si mesmo mediante as leis morais, que el mesmo constrúe, e ese é o máximo exercicio da liberdade ou liberdade positiva.

3. Por conseguinte a lei moral non expresa nada máis que a autonomía da razón pura práctica ou liberdade

- **a liberdade é a condición formal de todas as máximas**
- **As máximas morais deben coincidir coa lei suprema**

Explicación: A conclusión de Kant é que a lei moral non expresa nada máis que a liberdade humana a través do exercicio da razón para tomar decisións de índole práctica. É unha liberdade positiva porque o ser humano produce unha lei por si mesmo de forma autónoma e independente de calquera desexo que impoñan os instintos ou de calquera imposición externa, ben sexa en forma de lei ou en forma de costume. As accións morais son sempre decisións e expresanse nunha máxima ou norma concreta que debe ser coherente coa lei moral universal que, segundo Kant, se expresa no Imperativo categórico.

CONCEPTOS A DEFINIR

Autonomía: propiedade que posúen os individuos que se dan normas a si mesmo ou tomar decisións sen intervención nin influencia externa.

Vontade: capacidade humana que permite tomar decisións autónomas

Heteronomía: propiedade das normas que se impoñen ao individuo desde fóra.

Libre arbitrio (libre albedrío): sinónimo de vontade libre. Capacidade de tomar decisións independentes e autónomas no que as eleccións non están determinadas.

Lei: é unha regra ou norma que regula ou expresa a relación que existe entre dous fenómenos (lei natural) ou entre as persoas no conxunto da sociedade (lei xurídica). A lei é sempre universal e aplícase ao conxunto dos fenómenos do mesmo tipo ou a todas as persoas que forman parte da sociedade. A lei moral debe ser tamén universal se quere ter validez

Máxima: regra de comportamento que concreta a lei moral nalgún aspecto

Liberdade positiva: produción de normas morais polo individuo, sen máis determinación que a súa razón.
Exprésase na lei moral

Liberdade negativa: ausencia de coaccións externas ou internas que determinen unha elección

ESTRUTURA: argumentativa

Liñas: 1-3 diferenza entre autonomía e heteronomía morais

Liñas 3-7: relación dos principios morais coa independencia e a liberdade. Tipos de liberdade

Liñas 7-9: Conclusión, a lei moral como expresión da liberdade. Relación entre máxima e lei moral.

INFLUENCIAS e OPINIÓN PERSOAL **ver esquema**

TEXTO 8:

1 Todos os seres racionais están, pois, baixo a lei segundo a cal cada un ha de tratarse a si mesmo e a todos os
2 demais en todo circunstancia simultaneamente como un fin en si mesmo e nunca como un simple medio. Xorde
3 de aquí unha sistemática ligazón de seres racionais por medio de leis obxectivas comúns, é dicir, un reino, o
4 cal, posto que esas leis teñen precisamente por obxecto a relación destes seres entre eles como fins e medios,
5 pode chamarse un reino dos fins (claro está só como ideal)... (...) No reino dos fins todo ten ou ben un prezo
6 ou ben unha dignidade. O que ten un prezo é aquilo en cuxo lugar pode ser posto algo como equivalente; o que,
7 pola contra, está por encima de todo prezo, non admitindo, xa que logo, ningún equivalente, iso ten unha
8 dignidade. O que se refire ás inclinacións e necesidades humanas ten un prezo de mercado; o que, mesmo sen
10 presupoñer unha necesidade, se acomoda a un certo gusto, é dicir, a unha satisfacción do mero xogo, sen
11 finalidade ningunha, das nosas facultades anímicas, ten un prezo afectivo; aquilo, non obstante, que constitúe a
12 condición baixo a cal unicamente pode algo ser fin en si mesmo, iso, simplemente, non ten ningún valor
13 relativo, é dicir, un prezo, senón un valor intrínseco, é dicir, dignidade. A moralidade é, pois, a condición
14 unicamente baixo a cal un ser racional pode ser fin en si mesmo, porque só por medio dela é posible ser un
15 membro lexislador no reino dos fins. Así pois, a moralidade e a humanidade, en canto capaz de moralidade é o
16 único que ten dignidade. **I.KANT; *Fundamentación da metafísica dos costumes*, 2ª sección, Tránsito da
filosofía moral popular á metafísica dos costumes, 433-435**

CONTEXTO AUTOR ver esquema

CONTEXTO OBRA: O primeiro dos traballos sobre ética de Kant. Nel Kant pretende desenvolver todo o edificio da moralidade. A obra pretende eliminar do estudo da moralidade calquera principio empírico e establecer os principios dunha razón pura práctica.

TEMA: O reino dos fins: diferenza entre dignidade e prezo.

TESES:

1. A lei moral (Imperativo categórico) é obrigada para todos os seres racionais

Explicación: Para Kant a racionalidade e a liberdade que está permite é a característica básica dos seres humanos (tal como se expresa nos ideais ilustrados). A moralidade formal de Kant reduce a lei moral a unha expresión desa racionalidade universal en forma de norma que regula a conduta. Por iso a lei moral é obrigatoria para os seres racionais. É como dicir que actuar racionalmente é obrigado para os seres racionais, se se consideran a si mesmos así.

2. A ligazón entre seres racionais fai xurdir un reino por medio de leis comúns

- **A relacións que se establecen entre os seres poden ser como fins ou como medios.**
- **O reino que xorde entre os seres humanos é o reino dos fins**
- **a denominación de reino dos fins é un ideal**

Explicación: Os seres humanos, racionais establecen relacións entre sí baixo a súa razón, que os fai a todos iguais (o outro presuposto da Ilustración). Esa igualdade entre os seres humanos vén dada pola razón, que é común aos seres humanos e non permite tratar ao outro como algo inferior ou un medio para os nosos fins. Por suposto que Kant afirma que ese reino da igualdade é un ideal a conseguir e non un feito real. Unha relación entre os seres humanos que presupoña a igualdade real e que non permita usar a ningún ser racional como medio para satisfacer as necesidades ou desexos doutro, sen ter en conta a súa vontade libre.

3. No reino dos fins todo ten ou un prezo ou unha dignidade

- **O que ten prezo é o que pode ser intercambiado por algo equivalente**
- **O que ten dignidade non ten ningún equivalente**
- **As inclinacións, os desexos e as necesidades humanas teñen prezo de mercado ou un prezo afectivo**
- **O que constitúe a condición baixo a cal unicamente pode algo ser fin en si mesmo non ten prezo senón un valor intrínseco ou dignidade**

Explicación: A diferenza entre dignidade e prezo establece a diferenza entre o que pode ser intercambiado como un medio para un fin (por exemplo: o prezo do teu aprobado pode ser que che compren unha bicicleta, así o aprobado é meramente un medio e non un fin en si mesmo). Cando as cousas teñen prezo só son medios e non as consideramos boas en si mesmas. O bo en si mesmo, o que queremos sen que sexa un medio para outra cousa, a vida, a liberdade ou a verdade, non teñen prezo, senón que o seu valor existe en si mesmo.

4. A moralidade é a condición pola cal somos membros lexisladores no reino dos fins

- **a moralidade é o único que ten dignidade.**

Explicación: Kant afirma que o único que é digno de ser chamado bo en si mesmo é unha boa vontade, é dicir o ser humano capaz de accións morais. O ser humano ten dignidade e non pode tomarse como medio para ningún fin, porque o seu valor é intrínseco. Así a terceira formulación do Imperativo Categórico sera: obra de tal xeito que uses á humanidade, na túa persoa e na dos outros, sempre como fin e nunca simplemente como medio.

CONCEPTOS A DEFINIR

reino dos fins: Conxunto dos individuos que son fins en si mesmos, isto é individuos autónomos que se proporcionan a si mesmos as regras morais.

prezo: valor que damos a unha cousa para poder intercambiarse por outra

dignidade: calidade de unha cousa que fai que mereza respectarse polo seu valor intrínseco.

ESTRUTURA:

Liñas 1-2: Unidade dos seres humanos baixo a lei moral e formulación desta como o imperativo categórico

Liñas 2- 5: Definición do reino dos fins e orixe do mesmo na lei moral

Liñas 5- 12: Diferenza entre medios e fins, valor e prezo e relación co concepto de reino dos fins

Liñas 12-15: A lei moral como condición da existencia do reino dos fins e da dignidade humana

INFLUENCIAS e OPINIÓN PERSOAL ver esquema

MARX

- **CONTEXTO E REPERCUSIÓNS**
- **CUESTIÓN TEÓRICA 8: ALIENACIÓN E IDEOLOXÍA EN MARX**
- **TEXTOS ASOCIADOS: TEXTO1, TEXTO 2, TEXTO 3, TEXTO 4**

MARX: CONTEXTO E INFLUENCIAS

BIOGRAFÍA E CONTEXTO:

- Nace en Prusia en 1818.
- O século XIX está marcado pola Revolución industrial, o xurdimento dunha clase social nova, o proletariado e mais a instalación dun novo sistema económico, o capitalismo
- Doutorado en Dereito na Universidade de Berlin. Estuda Filosofía e a Historia.
- Intégrase na esquerda hegeliana. Publica as *Teses sobre Feuerbach* e os *Manuscritos de Economía e Filosofía*.
- Comeza a traballar como periodísta
- Casa e múdase a París. Coñece a Proudhon, entra en contacto co Socialismo Francés e colabora en diversos periódicos radicais. Coñece a Engels comezando a escribir en colaboración con el
- No exilio en Bruxelas intégrase na Liga dos xustos de carácter comunista.
- Exilio en Londres tralas revolucións do 48. Escribe *O Manifesto Comunista*.
- En 1864 participa nos movementos obreiros e na fundación da Asociación Internacional do Traballo, AIT (1ª Internacional).
- Morre en 1883. Só tiña publicado o volumen I de “*O Capital*”.

OBRAS:

Manuscritos de Economía e Filosofía
Teses contra Feuerbach
Contribución á crítica da Economía Política
O Manifesto Comunista
18 Brumario
O Capital

INFLUENCIAS E REPERCUSIÓNS:

- O pensamento de Marx tivo grande influencia nos movementos obreiros e nas reivindicacións proletarias de todo o século XX.
- Tamén fixo posible a reestruturación do liberalismo económico do século XIX a través do modelo de Estado de Benestar pensado para reducir a conflictividade social xerada polos movementos obreiros.
- Despois da morte de Marx algunhas das súas ideas, guiadas polo pensamento de Engels tentaron poñerse en práctica en diversos países: A revolución rusa e chinesa, así como posteriormente as revolucións americanas de corte marxista que se uniron con movementos de descolonización.
- Unha das principais repercusións filosóficas está na Escola de Frankfurt pretendeu afondar nas teorías marxista, sobre todo no aspectos que tiñan que ver coa antropoloxía e a crítica social e combinalas coas de Hegel e Freud. Os representantes mais destacados foron: Marcuse, Adorno ou Erich Fromm, entre outros.

CUESTIÓN TEÓRICA 8 (OPCIÓN A) : ALIENACIÓN E IDEOLOXÍA EN MARX

O concepto de alienación

- Proven de Hegel e Feuerbach (estrañamento dos produtos da conciencia, necesaria para o coñecemento: ideas ou Deus), para Rousseau explica «a cesión dos dereitos individuais á sociedade» no Contrato Social.
- Marx interpreta a alienación como desposesión, transferencia a outro dealgo propio.
- Unha situación de alienación supón non estar en posesión de sí mesmo, nin ter propiedade sobre si ou sobre o froito do traballo.
- Marx supera a definición de alienación relixiosa de Feuerbach e mantén que a alienación relixiosa deriva da económica. A relixión non fai máis que protexer os intereses dunha determinada orde económica.

3 clases de alienación

Alienación relixiosa: A relixión é a realización fantástica da esencia humana no mundo do máis alá, que busca un consolo ás miserias e opresións económicas do máis acá. Neste sentido afirma «a relixión é o opio do pobo».

Alienación socio-política: a sociedade burguesa aliena ao ser humano porque produce unha dobre vida: a individual (intereses egoístas) a política (abstracta, crea o Estado que defende intereses capitalistas e non social.

Alienación filosófica: producida pola filosofía alemá, que entende a realidade como un conxunto de representación e ideas interpretando a realidade dun xeito falso que impide a súa transformación

Alienación económica: é o fundamento das alienacións relixiosa e da socio-política. Esta alienación ten lugar no proceso de traballo dentro da sociedade capitalista. Produce «o traballo alienado», comporta catro aspectos básicos:

- a. **O produto** do traballo creado polo obreiro pasa a ser expropiado polo capitalista ou propietario dos medios de produción.
- b. A **actividade produtiva ou traballo** convértese traballo forzado, que nega a esencia do ser humano en vez de afirmala.
- c. O **traballo asalariado** capitalista converte o traballo nunha actividade animal, o que nega «o ser xenérico» do ser humano, en canto produtor libre e consciente.
- d. **As relacións con outros seres humanos** deteriáronse converténdose en relacións mercantís e de competencia, facendo de cada home un ser estraño e inimigo dos demais. Producindo as clases sociais antagónicas: capitalistas-obreiros, explotadores-explotados.

A análise da mercadoría e o concepto de plusvalía

- A relación do home coa natureza a través do traballo transforma a materia en **mercadoría**
- Unha mercadoría é calquera obxecto intercambiable no mercado que satisfai unha necesidade: ten un valor de uso (necesidade que satisfai) e un valor de cambio (o valor que se expresa no mercado)
- Marx afirma que o valor de cambio reside na forza de traballo empregada en producir a mercadoría e os medios de produción que se aplican nos procesos produtivos.
- O capitalismo funciona separando aos donos dos medios de produción dos homes que aplican a forza de traballo na produción a través dun contrato (capitalistas e obreiros)
- Os beneficios do capitalista (**plusvalía**) proveñen de pagar ao obreiro menos do que produce, pagando as horas de traballo home e non o produto do traballo (**plusvalía absoluta**) e esquecendo que os medios de produción proveñen de traballo non pagado que o capitalista transforma en capital (**plusvalía relativa**)
- O obxectivo do capitalismo é reducir os salarios ao mínimo e prolongar a xornada de traballo ao máximo aumentando as condicións de explotación do proletariado o que leva a un paradoxo:
 - O home realizase no traballo, pero no capitalismo, canto mais traballa o obreiro máis explotado e en vez de realizarse aliénase e desrealízase
 - O obreiro deixa o seu ser na mercadoría e convértese el mesmo en mercadoría (fetichismo)
 - As relacións entre homes convértense en relacións entre cousas (reificación)
- Marx pensa que a tendencia do capitalismo a concentrar o capital en mans de poucos, converterá paulatinamente á burguesía en clase obreira e permitirá unha conciencia de clase que levará a unha revolución violenta pois os explotadores non cederán pacificamente.

O materialismo histórico: é a «ciencia» marxista da historia:

Teses:

- A historia non é unha mera repetición mecánica de sucesos, senón un desenvolvemento que despreza novas formas de organización social a causa da actividade humana, que transforma a realidade natural por medio do traballo nunha relación dialéctica.
- O fundamento material da historia é a infraestrutura producida pola dialéctica entre forzas produtivas (capacidade de produción ou traballo) e relacións de produción (que se establecen entre os propietarios e os produtores directos.
- O mundo do pensamento (ideoloxía: filosofía, moral, dereito, relixión...) é unha sobreestrutura que xorde da infraestrutura e se relacionan dialecticamente entre si provocando tensións e cambios sociais.
- Cando as relacións de produción non se axustan ás modificacións nas forzas produtivas xorde a loita de clases e un período de revolución social. Tese-antítese-síntese marcan o triángulo dialéctico que configura o progreso histórico.

- Cada sociedade está configurada de acordo a un **modo de produción (conxunto de infraestrutura e superestrutura)**
- Marx distingue 5 modos de produción:
 - primitivo ou asiático: (escravitude xeral a través de tributos), antigo (escravitude a través da apropiación do traballador) feudal (servidume a través da apropiación do excedente), capitalista (traballo asalariado formalmente libre pero con apropiación a través da plusvalía e o mercado) e socialista (as relacións de produción serán libres e non existiría forma de explotación e apropiación do traballo).
 - Para chegar a unha sociedade comunista será necesario actuar sobre a realidade: «Ata agora os filósofos pensaron de diversas formas o mundo, de agora en diante é necesario transformalo».
 - Primeiro paso a ditadura do proletariado: eliminaría as diferenzas sobre os medios de produción, as clases sociais e establecería a propiedade común dos medios de produción e sería transitorio.
 - Segundo paso sería a disolución definitiva do Estado, que suporía o final da Historia, entendida como loita de clases

TEXTOS MARX

TEXTO 1:

1 En que consiste, pois, a **alienación** do traballo? Primeiro, en que o **traballo** é externo ao traballador, é dicir, que
2 non pertence á súa esencia, que, por iso, o traballador non se afirma no seu traballo, senón que se nega, non se
3 sente ben, senón infeliz, non desenvolve unha enerxía física e espiritual, senón que mortifica o seu corpo e
4 estraga o seu espírito. De aí que o traballador só se sinta consigo mesmo fóra do traballo e no traballo fóra de si.
5 “No seu” está cando non traballa e cando traballa non está “no seu”. O seu traballo non é, pois, voluntario, senón
6 obrigado, traballo forzado. Non é daquela a satisfacción dunha necesidade, senón só un medio para satisfacer
7 necesidades alleas. O seu carácter estraño salientábase nido en que en canto non hai unha constrición física ou de
8 calquera outra índole, fóxese do traballo como da peste. O traballo externo, o traballo no que o home se allea, é
9 un traballo de autoinmolación, de mortificación. Finalmente a exterioridade do traballo para o traballador
10 maniféstase en que non é o seu propio traballo, senón o doutro, en que non lle pertence, en que no traballo non se
11 pertence a si mesmo, senón a outro. Así como na relixión a actividade espontánea da fantasía humana, do cerebro
12 e do corazón humanos, esta actúa independentemente do individuo, é dicir, é para el coma efecto dunha acción
13 divina ou demoníaca; así a actividade do traballador non é actividade de seu; pertence a outro, é a perda de si
14 mesmo. **MARX, K.**; *Manuscritos económico-filosóficos* de 1844,

CONTEXTO DO AUTOR: **ver esquema**

CONTEXTO DA OBRA: Obra de xuventude de Marx, presenta os inicios do seu pensamento a partir do materialismo de Feuerbach e as primeiras formulacións do concepto de alienación e da crítica do capitalismo

TEMA: A alienación do traballo

TESES:

1. Definición de alienación: Facer do traballo algo alleo ou externo ao traballador

a. O traballo non pertence á esencia do traballador senón que se nega a si mesmo

b. O traballador é infeliz, non desenvolve unha enerxía física e espiritual, mortifica o corpo e estraga o espírito

Explicación: O concepto de traballo remítenos á antropoloxía de Marx. Para Marx o home é fundamentalmente un ser produtivo, que xera o seu propio medio, transformando a natureza para producirse a si mesmo. O « ser xenérico » do ser humano, consiste en ser un produtor libre e consciente, polo que un ser humano cando traballa “realízase a si mesmo” física e espiritualmente. Cando non o fai, anúlase a esencia humana e o traballador négase a si mesmo.

2. O traballador alienado só se sente consigo mesmo (no seu) fora do traballo. Cando traballa está fora de si

Explicación: Ao non realizar a esencia humana, o traballador alienado non se vincula ao traballo, veo como algo externo a el e foixe del para buscarse a si mesmo fora do traballo.

3. O traballo é forzado, non é froito dunha necesidade senón da necesidade doutros.

Explicación: O traballo é forzado cando non satisfai unha necesidade persoal. O traballador produce cousas que satisfán as necesidades doutras persoas no mercado. Marx ve unha triple alienación no traballo asalariado capitalista: a alienación do produto, que non é seu porque o capitalista se apropia del. A alienación da actividade produtiva, porque no capitalista o traballo convértese en puro medio de subsistencia que non realiza ao ser humano (traballo mecánico e reproductivo). Ademais o traballo asalariado capitalista converte o traballo nunha actividade animal, o que nega «o ser xenérico» do ser humano, en canto produtor libre e consciente.

4. A exterioridade do traballo maniféstase en que no traballo o traballador non se pertence a si mesmo, senón a outro.

a. Como na relixión, no traballo alienado o traballador pérdese a si mesmo.

Explicación: Durante o tempo de traballo o traballador vende a súa forza de traballo, o que produce. Se como afirma Marx, o home constrúese a si mesmo no traballo, vender a súa forza de traballo é venderse a si mesmo, exclavizarse, ser propiedade doutro. Compara este feito coa alienación que se produce na relixión, na que o ser humano se ve a si mesmo como propiedade de Deus (influencia de Feuerbach).

CONCEPTOS A DEFINIR:

Alienación: algo propio e interior ao ser humano convertese en obxectivo e independente (alleo) do ser humano. Para Marx a enaxenación da produción do ser humano convertendoa en mercadoría

Traballo: É a acción sensible e intelectual que establece a relación entre o ser humano e a natureza ou dos seres humanos entre si. Mediante o traballo humanízase a natureza e realizase a dimensión natural do home. O ser humano é o resultado do seu propio traballo

ESTRUTURA:

Liñas 1- 4. Definición de alienación no traballo. Consecuencias para o ser humano

Liñas 4-8. Relación negativa do ser humano co traballo alienado.

Liñas 8-11. A exteriorización do traballo como causa da alienación na sociedade capitalista.

Liñas 11-13. Relación entre alienación do traballo e alienación relixiosa.

INFLUENCIAS E OPINIÓN PERSOAL **ver esquema**

TEXTO 2:

1 En completa oposición á filosofía alemá, a cal descende do ceo á terra, erguémonos aquí da terra ao ceo. É dicir, non
2 se parte daquilo que os homes din, imaxinan ou se representan, e tampouco dos homes ditos, pensados, imaxinados,
3 representados, para dende aí chegar aos homes de carne e óso; pártese dos homes realmente activos e con base no
4 seu real proceso vital, preséntase tamén o desenvolvemento dos reflexos e ecos ideolóxicos deste proceso de vida.
5 Tamén as imaxes nebulosas no cerebro dos homes son sublimacións necesarias do seu proceso vital material
6 empiricamente constatable e ligado a precondicións materiais. A moral, a relixión, a metafísica, e a restante
7 ideoloxía, e as formas da consciencia que lles corresponden, non conservan así por máis tempo a aparencia de
8 autonomía. Non teñen historia, non teñen desenvolvemento, senón que os homes que desenvolven a súa produción
9 material e o seu intercambio material son os que, ao cambiar esta súa realidade, cambian tamén o seu pensamento e
10 os produtos do seu pensamento. Non é a consciencia a que determina a vida, senón que é a vida a que determina a
11 consciencia. No primeiro modo de consideración pártese da consciencia como individuo vivo; no segundo, que
12 corresponde á vida real, pártese dos mesmos individuos vivos e reais e considérase a consciencia unicamente como
13 a súa consciencia. **K. MARX / F. ENGELS; A Ideoloxía alemá** (1845/46). T.I: I. A. [1.] A ideoloxía en xeral,
nomeadamente a alemá.

CONTEXTO AUTOR *ver esquema*

CONTEXTO OBRA: Obra escrita por Karl Marx e Friedrich Engels en Bruselas entre 1845 e 1846, trala súa expulsión de París polos seus escritos revolucionarios. Aborda a crítica do Idealismo e a teoría da alienación a través da análise das formas de propiedade ao longo da historia.

TEMA: A ideoloxía como produto da actividade material do ser humano

TESES:

1. En completa oposición á filosofía alemá, a cal descende do ceo á terra, erguémonos aquí da terra ao ceo.

Explicación: Marx opónse á filosofía idealista alemá, que explicaba o proceso histórico como un progreso das ideas. Principalmente opónse a Hegel, que facía da Idea o suxeito da historia, como se estas ideas fosen as que produciran as diferentes relacións entre os seres humanos e configuraran os diferentes xeitos de relación entre home e natureza a través do traballo. As imaxes no cerebro dos homes son sublimacións do seu proceso vital ligado a precondicións materiais

– **A moral, a relixión, a metafísica, e a restante ideoloxía, e as formas da consciencia que lles corresponden, non conservan así por máis tempo a aparencia de autonomía.**

Explicación: A Ideoloxía ou conxunto de representacións e ideas vixentes nunha sociedade ou clase social que expresa unha concepción do mundo determinado. Algunhas das formas da ideoloxía son a relixión, a moral e mesmo as teorías filosóficas ou económicas. Marx admite que a ideoloxía é algo consubstancial ao ser humano racional, pero nega que estean desvinculadas da súa vida material. Contra o Idealismo Marx afirma que as ideoloxías teñen a súa base nos procesos produtivos humanos. O ser humano constrúese a si mesmo, como especie (que Marx chama ser xenérico), a través da produción do seu medio polo traballo. Ao cambiar este cambia a forma de pensar do ser humano.

En ocasións estas ideoloxías falsifican a realidade facéndoa máis soportable para o ser humano, entón falamos de “sublimación” como un mecanismo de defensa dos individuos ante unha realidade que os degrada, poñendo como meta “outra vida” “outra realidade”...

2. Non é a consciencia a que determina a vida, senón a vida a que determina a consciencia.

Explicación: En contraposición a Hegel, Marx afirma que o suxeito da historia é o ser humano material e físico, determinado polas condicións materiais da natureza, coa que entra en relación. As relacións dialécticas que permiten o progreso son de dous tipos: as relacións dialécticas entre ser humano e natureza e as relacións dialécticas que se establecen entre seres humanos.

CONCEPTOS A DEFINIR

Ideoloxía: conxunto de representacións e ideas vixentes nunha sociedade ou clase social determinada. Sistema de ideas en que dita sociedade ou clase serecoñe e expresa unha concepción do mundo ou algún dos seus aspectos: leis, moral, relixión, filosofía, ciencia...

Sublimación: mecanismo de defensa que consiste en reemplazar el obxecto dun desexo real (material) por un obxecto que no está ao alcance dosuxeito e que case sempre é inmaterial.

ESTRUTURA: expositiva

Liñas 1- 5 : contraposición de Marx coa Filosofía alemá precedente

Liñas 5-10: relación entre as condicións materiais da existencia e formación da ideoloxía

Liña 10-11: Tese central: non é a consciencia a que determina a vida, senón a vida a que determina a consciencia.

Liñas 11-13: Reforza a contraposición inicial coa Filosofía alemá.

INFLUENCIAS e OPINIÓN PERSOAL *ver esquema*

TEXTO 3:

- 1 O resultado xeral que obtiven e que, unha vez conseguido, serviu de fío condutor aos meus estudos, pode ser así
2 sucintamente formulado: na produción social da súa vida entran os homes en determinadas relacións, necesarias,
3 independentes da súa vontade, **relacións de produción** que corresponden a un determinado nivel de desenvolvemento das
4 súas **forzas produtivas materiais**. A totalidade destas relacións de produción forma a estrutura económica da sociedade, a
5 base real sobre a cal se ergue unha **superestrutura xurídica e política**, e á cal corresponden determinadas formas da
6 consciencia social. **O modo de produción** da vida material condiciona o proceso da vida social, política e espiritual. Non é a
7 consciencia dos homes a que determina o seu ser, senón ao contrario, é o seu **ser social** o que determina a súa consciencia.
8 Nunha certa etapa do seu desenvolvemento, as forzas produtivas materiais da sociedade entran en contradición coas relacións
9 de produción existentes ou, o que é só unha expresión xurídica disto, coas relacións de propiedade no seo das cales se tiñan
10 ata aí movido. De formas de desenvolvemento das forzas produtivas, estas relacións convértense en ataduras das mesmas.
11 Sobrevén así unha época de revolución social. **K. MARX; Para a crítica da economía política (1859), Prólogo.**

CONTEXTO AUTOR **ver esquema**

CONTEXTO OBRA: Obra anterior a *O Capital*. Senta as bases do Materialismo Histórico e presenta unha análise do capitalismo a través da crítica dos escritos dos economistas clásicos: Adam Smith (1723–90) e David Ricardo (1772–1823).

TEMA: As relacións entre estrutura e superestrutura como motor das revolucións sociais

TESES:

1. **Na produción social da súa vida entran os homes en determinadas relacións, necesarias, independentes da súa vontade, relacións de produción que corresponden a un determinado nivel de desenvolvemento das súas forzas produtivas materiais.**

Explicación: é a tese central do materialismo histórico, a afirmación de que son as condicións materiais as que xeran as relacións sociais que están configuradas para facer posible as relacións de produción. As forzas produtivas dunha sociedade inclúen a forza de traballo, a enerxía e os materiais dispoñibles nesa sociedade. As relacións de produción establécense entre os seres humanos que posúen os medios de produción e aqueles que unicamente posúen a súa forza de traballo (obreiros, escravos...) Esas relacións expresáanse segundo Marx en relación de propiedade e veñen predeterminadas pola forma de desenvolver as forzas produtivas no seo dunha sociedade.

2. **A totalidade destas relacións de produción forma a estrutura económica da sociedade**

a. **Sobre a estrutura económica da sociedade erguese unha superestrutura xurídica e política**

b. **A superestrutura xurídica e política correspóndese con determinadas formas da consciencia social.**

Explicación: As estruturas xurídicas e políticas conforman unha superestrutura que está condicionada polas relacións de produción e convértese nunha forma de consolidalas e xustificalas. A estrutura xurídica determina as leis de propiedade e a política establece esas leis que formulan como deben ser esas relacións de produción..

3. **Non é a consciencia dos homes a que determina o seu ser, senón ao contrario, é o seu ser social o que determina a súa consciencia:**

Explicación: Tanto para o materialismo como para o idealismo, o pensamento é posible por un proceso de alienación do ser humano que produce algo que cobra unha realidade independente a el (obra de arte, unha idea, un ente como Deus...) Pero para o Materialismo Histórico o mundo do pensamento, que chamamos ideoloxía (filosofía, moral, dereito, relixión...) é unha creación do ser humano que xorde dunha situación económica, material e histórica concreta. Son as condicións materiais nas que se desenvolve a actividade humana e as relacións que os homes teñen entre eles as que producen determinadas formas de pensamento (estruturas legais, relixións ou filosofías). Así nunha sociedade de cazadores recolectores cunha estrutura comunitaria non se producen relixións patriarcais, por exemplo, máis correntes nas sociedades sedentarias. Esta tese expresa a tese central do materialismo histórico, para comprender unha sociedade e cambiala, temos que coñecer o seu modo de produción e concretamente as relacións de produción que se establecen e que teñen relación coas relacións de propiedade.

4. **Nunha etapa do seu desenvolvemento, as forzas produtivas materiais da sociedade entran en contradición coas relacións de produción existentes e a expresión xurídica das mesma: as relación de propiedade**

a. **Nese contexto as relacións de propiedade antes funcionais agora supoñen unha traba**

b. **Sobrevén un período de revolución social**

Explicación: Ambas estruturas, xurídica e política, son consecuencia da infraestrutura material e non ao contrario, aínda que en ocasións de cambio social convértense en trabas e precisan ser cambiadas para que a sociedade progrese. Marx afirma que as formas superestruturais xurídicas e políticas, non son mais que a expresión no pensamento das relacións entre clases sociais que mantén un determinado Modo de Produción

CONCEPTOS A DEFINIR

Estrutura económica da sociedade (infraestrutura) constituída polo conxunto das relacións de produción e as forzas produtivas. Na infraestrutura hai que destacar dous elementos: a) As forzas produtivas, isto é, a capacidade de produción ou traballo real dos seres humanos na súa relación inmediata coa natureza e b) as relacións de produción, isto é, as relacións económico-sociais entre os produtores. É base real da sociedade.

Forzas produtivas: Conxunto dos medios de produción (ciencia, instrumentos de traballo, obxecto sobre o que se traballa) e dos homes, con experiencia e hábitos de traballo, que os empregan (forza de traballo) para producir determinados bens materiais baixo relacións de produción determinadas.

Relacións de produción: Relacións sociais que se establecen obxectivamente entre os produtores directos e os propietarios dos medios de produción no proceso de produción, cambio, distribución e consumo dos bens materiais, en todo modo de produción. Exemplos: escravitude, servidume, traballo asalariado.

Superestrutura: Este termo refírese tanto á orde ou sistema xurídico e político e as súas correspondentes institucións, como aos fenómenos e formas de conciencia social que manteñen e se seguen da base real económica

ESTRUTURA:

Liñas 1-4: Descrición da forma de organización social humana a través da produción

Liñas 4-7: relación de dependencia entre superestrutura xurídico-política e infraestrutura

Liñas 7-8: Tese básica do Materialismo histórico

Liñas 8-12: orixe das revolucións sociais polas tensións entre estrutura e superestrutura.

INFLUENCIAS e OPINIÓN PERSOAL [ver esquema](#)

TEXTO 4:

- 1 Por outra banda, emporiso, restrínxese o concepto de **traballo produtivo**. A produción capitalista non é simple
2 produción de **mercancías**, é esencialmente produción de **plusvalía**. O traballador non produce para si, senón para
3 o capital. É por iso que xa non abonda con que simplemente produza; ten que producir plusvalía. Só é produtivo o
4 traballador que produce plusvalía para o capitalista ou en proveito da autorrealización do capital... Por iso en
5 ningún caso o concepto de traballo comprende unicamente unha relación entre actividade e efecto útil, entre
6 traballador e produto do traballo, senón tamén unha relación de produción especificamente social que se xera
7 historicamente e que fai do traballador un instrumento inmediato para o proveito do capital...
8 A prolongación da xornada laboral alén do punto no que o traballador ten xa producido un equivalente do valor da
9 súa forza de traballo e máis a apropiación desta plusvalía polo capital: iso é a produción de **plusvalía absoluta**.
10 Esta constitúe o fundamento universal do sistema capitalista e a orixe da produción de **plusvalía relativa**. Neste
11 caso a **xornada laboral** está dividida de antemán en dúas partes: traballo necesario e traballo engadido. Para
12 prolongar o traballo engadido acúrtase o traballo necesario por métodos mediante os cales o equivalente do **salario**
13 é producido en menos tempo. A produción da plusvalía absoluta ten que ver unicamente coa duración da xornada
14 de traballo; a produción da plusvalía relativa revoluciona por completo os procesos técnicos de traballo e os
15 agrupamentos sociais. **MARX;**, *O capital*, Tomo I: Crítica da economía política, Libro I. Sec.V. Cap XIV.
Plusvalía absoluta e relativa.

CONTEXTO AUTOR **ver esquema**

CONTEXTO OBRA:

Obra de carácter filosófico e económico que representa a madurez do pensamento de Marx. Marx só publica en vida o primeiro tomo, dedicado á análise do modo de produción capitalista. O segundo e terceiro foron publicados postumamente por Engels

TEMA: A plusvalía como orixe da alienación do traballo na sociedade capitalista

TESES:

1. **A produción capitalista non é simplemente produción de mercancías, é esencialmente produción de plusvalía:**
 - a. **Só é produtivo o traballador que produce plusvalía para o capitalista**
 - b. **O concepto do traballo non é só unha relación de actividade e efecto útil entre traballador e produto do traballo**
 - c. **O traballador é un instrumento inmediato para o proveito do capital**

Explicación: O capitalismo é o sistema de produción que acumula excedentes en forma de capital. Para esa acumulación precisa da produción de plusvalía (diferenza entre o custo de fabricación e o de venda dun produto). A teoría marxista afirma que esa diferenza ou plusvalía só é posible por un tratamento do traballo e o traballador que pon en cuestión o verdadeiro valor do traballo para a vida humana. O capitalismo fai da forza de traballo e do traballador unha mercancía mais, comprando a forza de traballo dos seres humanos para producir beneficios e producindo a alienación económica que será a base das demais alienacións. O traballador que non xere beneficios, que non traballe mais aló do tempo socialmente necesario para producir mercancías non xera plusvalía e, xa que logo, non é un traballador rentable.

2. **A plusvalía absoluta provén da prolongación da xornada laboral máis aló do momento no que o traballador xa ten producido un equivalente do valor da súa forza de traballo.**

- a. **A plusvalía absoluta é o fundamento da plusvalía relativa**

Explicación: O capitalismo ten dúas formas de producir o beneficio ou plusvalía: a primeira logrando estender a xornada laboral do traballador (salarios máis baixos que o que produce durante o tempo contratado ou prolongación da xornada máis aló do contratado). Marx denomina á plusvalía lograda desta forma plusvalía absoluta. É a forma máis evidente de explotación do traballador pero non a única aínda que sí a primeira. Dos beneficios xerados na plusvalía absoluta, xorde o capital que o capitalista pode reinvestir en medios de produción que fagan máis eficiente a produción e xeren novas plusvalías ou plusvalías relativas.

3. **A plusvalía relativa provén de dividir a xornada laboral en dúas partes: traballo necesario e traballo engadido.**
 - a. **Para prolongar o traballo engadido acúrtase o traballo necesario por métodos que conseguen que o equivalente do traballo se produza en menos tempo.**
 - b. **A plusvalía relativa revoluciona os procesos técnicos de traballo e os agrupamentos sociais.**

Explicación: A plusvalía relativa acurta o traballo necesario para pagar as xornadas laborais ao implementar na industria modelos de produción en cadea e mecanización que axilizan a produción de mercancías. Marx chama traballo engadido ao traballo que o traballador realiza despois de producir as mercancías necesarias para pagar a súa xornada laboral. Marx afirma que os medios de produción adquiridos mediante beneficios non son mais que traballo morto porque son produto do traballo non pagado durante a produción das plusvalías absolutas. A produción de plusvalías absolutas é unha forma de explotación oculta e difícil de ver na xustificación ideolóxica do capitalismo que afirma que os capitalistas teñen dereito ás plusvalías pois expoñen o capital. Ademais as tecnoloxías e agrupamentos laborais que producen as plusvalías relativas

provocan cambios sociais pois dividen ao proletariado en función da súa formación técnica e do valor da súa forza de traballo en función do traballo socialmente considerado. Iso divide ao proletariado, creando clases sociais que impiden a loita conta a alienación que supón a sociedade capitalista.

CONCEPTOS A DEFINIR

Capitalismo: sistema social e económico que se fundamenta no capital obtido a través da acumulación de beneficios da produción en mans privadas (inmobles, maquinaria, instalacións, cartos, créditos... conforman os medios de produción). No sistema capitalista o capital xunto coa forza de traballo dedícase á produción de bens de consumo destinados ao mercado e a xerar beneficios económicos aos propietarios dos medios de produción (capitalistas).

Plusvalía: A diferenza entre o valor necesario para pagar forza de traballo e o valor producido pola forza de traballo. Se se produce por un incremento non pagado da xornada laboral entón é **plusvalía absoluta**. Se se produce polo establecemento de elementos técnicos que acurtan os tempos de traballo requiridos na fabricación denomínase **plusvalía relativa**.

Traballo: É a acción sensible e intelectual que establece a relación entre o ser humano e a natureza ou dos seres humanos entre si. Mediante o traballo humanízase a natureza e realizase a dimensión natural do home. O ser humano é o resultado do seu propio traballo.

Forza de traballo: capacidade física e mental, inherente a todo ser humano, de realizar un traballo. No capitalismo a forza de traballo é unha mercancía máis. O traballo é a consecuencia de aplicar a forza de traballo sobre uns materiais e cuns medios de produción.

Traballo necesario: Tempo de traballo promedio que se considera necesario nunha sociedade para a produción dunha mercancía. É unha medida abstracta que pode variar no tempo e cos cambios sociais e que permite igualar mercadorías entre si.

Traballo engadido: tempo de traballo no que o traballador traballa gratis para o capitalista pois o valor da forza de traballo contratada xa foi descontada na produción de mercadorías. É posible pola introdución de mecanismos que axilizan a cadea de produción.

Xornada laboral: número de horas que o traballador está obrigado a traballar efectivamente. Non ten porque corresponderse co "horario de traballo" que fixa hora de entrada e saída.

Salario: suma de diñeiro que recibe de forma periódica un traballador do seu empregador por un tempo de traballo determinado.

ESTRUTURA:

Liñas 1-4. Definición de capitalismo en relación aos conceptos de mercancía e plusvalía

Liñas 4-7 Explicación da definición e tipo de traballo que produce o capitalismo

Liñas 8-10 Definición de plusvalía absoluta

Liñas 10-13: Definición de orixe da plusvalía relativa

Liñas 13-15: Diferenza entre plusvalía absoluta e relativa e importancia desta última no sistema capitalista.

INFLUENCIAS (VER) e OPINIÓN PERSOAL **ver esquema**